- b) Se tal decreto, ó determina-las formas oficiais dos tres topónimos que antes transcribimos, seguiu o asesoramento da Universidade de Barcelona e o criterio legal contido no aptdo. 2º do art. 14 da Lei 3/1986, que lles dá preferencia á toponimia popular tradicional e ós elementos culturais autóctonos. Os argumentos da sentenza recorrida pódense resumir así: considera, dun lado, que o decreto non é un acto administrativo con destinatario plural –tódolos concellos e os consellos insulares das Illas Baleares– como o Concello de Manacor sostén, senón unha disposición xeral na que a súa aprobación non esixe a audiencia das entidades locais interesadas; doutro, que o decreto se aprobou conforme o asesoramento da Universidade de Baleares: ten por obxecto unha materia susceptible de diferentes e igualmente válidas opcións e elixiu o Goberno autónomo a que aquela Universidade propuxo.

TERCEIRO. O decreto é unha disposición xeral que forma parte do ordenamento xurídico autonómico balear e dictouse en desenvolvemento do disposto na Lei 3/1986, razón pola cal non resultan aplicables os artigos 105. c) da CE e 91. 1 da LPA, que se o fosen no suposto de que estivesemos en presenza dun acto administrativo. A audiencia do concello recorrente non viña esixida polo art. 130. 4 da LPA, pois non cabe confundir-las entidades territoriais integrantes da Administración local coas entidades de base asociativa e configuración legal a que se refire ese precepto. A inclusión dos concellos no art. 137 da CE, en canto elementos necesarios da organización territorial do Estado, exclúe a súa incardinación no ámbito dos artigos 22, 36 e 52 da CE. A chamada ó Concello de Manacor viña, si, esixida polos artigos 2 e 4 da Lei de bases de réxime local –no sucesivo, LBRL– e tamén pola Carta europea de autonomía local (se ben o incumprimento do previsto nesta última norma non integra o vicio que apreciamos por ser publicada no BOE con data posterior á aprobación do decreto recorrido). Chegamos a tal conclusión en virtude das consideracións que a continuación se expoñen.

CUARTO. A Constitución (arts. 137 e 140) garante a autonomía dos concellos para a xestión dos seus respectivos intereses. Os concellos son entidades básicas da organización territorial do Estado e canles inmediatas de participación cidadá nos asuntos públicos, que xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade (art. 1 da LBRL). Para a efectividade da súa autonomía, constitucionalmente garantida, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas debe asegurarlles ós concellos –ás provincias e ás illas– o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente a círculo dos seus intereses (art. 2.1 LBRL). A Administración local e as demais administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas ós deberes de información mutua, colaboración, coordi-

nación e respecto ós ámbitos competenciais respectivos (art. 10.1 LBRL). O dereito dos cidadáns a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a tódolos estados membros do Consello de Europa, dereito que no ámbito local se pode exercer máis directamente, o que permite unha Administración á vez eficaz e próxima ó cidadán (preámbulo da Carta europea de Administración local –no sucesivo, CEAL– do 15 de outubro de 1985, ratificada por España por Instrumento do 20 de xaneiro de 1988, publicado no BOE do 24 de febreiro de 1989). As entidades locais deben ser consultadas, na medida do posible, ó seu debido tempo e en forma apropiada, ó longo dos procesos de decisión de tódalas cuestións que lles afecten directamente (art. 4.6 da CEAL). O decreto impugnado regula unha materia directa e estreitamente conectada co círculo dos intereses municipais. A natureza dos intereses afectados, o dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente os seus intereses colectivos, a existencia de deberes de información mutua, a obriga de consulta-las entidades locais en forma apropiada, xustifica que a sala estime non só conveniente, senón obrigado que, antes da aprobación daquela disposición xeral, se coñecese e se tivese en conta a vontade expresada polos titulares dos órganos encargados da xestión democrática daqueles intereses municipais. E aínda que os supostos regulados polos artigos 22.2 b) da LBRL, 11.1 do Texto refundido de 1986, e 26 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, non coinciden exactamente cos que configuran o ámbito desta apelación, reforzan tamén, nas súas reiteradas referencias ó «acordo» do concello, o criterio que esta sentenza acolle, en virtude da cal se considera que foi indebidamente omitida a audiencia do Concello de Manacor, vicio determinante da nulidade parcial que declaramos.

QUINTO. Neste caso (no que o Concello de Manacor formulou cantas alegacións estimou oportunas, a Universidade de Baleares emitiu informe específico sobre os tres topónimos que propón aquel concello, e a comunidade autónoma argumentou exhaustivamente en defensa da súa oposición á pretensión da entidade local recorrente) non resulta procedente por razóns de economía procesual declarar que o procedemento se retrotraia para que outra vez se oia o Concello de Manacor e resolva o órgano competente para a aprobación do decreto. A posición dunha e doutra parte énos perfectamente coñecida e a contradicción está establecida nos seus aspectos fácticos e xurídicos. De aquí a posibilidade de proceder a examinalo fondo da cuestión controvertida, para o cal antes debemos deixar constancia dos seguintes extremos:

1^o) En relación cos topónimos «Cala Moreia» e «Estany d'en Mas», aco-llidos polo decreto impugnado, a corporación recorrente propón que sexan substituídos polos de «S'Illot» e «S'Estany d'en Mas», respectivamente. Sobre o primeiro daqueles topónimos, o dictame do Departamento de Filoloxía Catalana e Lingüística Xeral da Universidade das Illas Baleares, emitido con carácter previo á desestimación do recurso de reposición, di textualmente: «Cando facemos mención ó nome de «Cala Moreia» referímonos á cala manacorese deste nome. Se o Concello de Manacor, de acordo coa

solución local, quere denominar «S'Illot» á urbanización que se estende tamén pola costa do Concello de «Sant Llorent» e que ten popularmente este mesmo nome, non hai ningún inconveniente desde o punto de vista lingüístico-toponímico». Sobre o segundo topónimo di o mesmo dictame: «Ás veces, sen embargo, é ben certo que hai topónimos que se encontran un pouco a medio camiño, e este pode se-lo caso de «Estany d'en Mas». Polas referencias que temos, aínda que pareza que todo o mundo sabe que é un estanque, o feito de que esta xa desaparecese, borrada por unha nova urbanización, pode facer que o poidamos considerar como un topónimo do segundo grupo, e, polo tanto, iso xustificaría, tal como propón o Concello de Manacor, a conversión do artigo «S'Estany d'en Mas», parello a «S'Estanyol de Migjorn», «Sa Creu Vermella», etc.». A sala ten en conta que no referido dictame o «S» dos dous topónimos aparece escrito con minúscula.

2^o) En relación cos topónimos «Portocristo»/«Port de Manacor», acollidos polo decreto impugnado, o Concello de Manacor propón os de «Porto Cristo» e «Porto-Cristo», e o dictame antes mencionado reconece que «Portocristo» como tal é en efecto un nome relativamente recente, e que foi escrito desta maneira por analogía cos demais topónimos antigos que conteñen tamén este mesmo elemento: «Portopi», «Portopetro», «Portocolom», etc. Este feito, xunto co principio de economía, e a miúdo de maior facilidade pedagóxica na escritura de topónimos e doutras palabras, fai que se optase por transcribir todo xunto este topónimo».

SEXTO. Certamente, os parágrafos do dictame que transcribimos, que son os máis intensamente referentes á cuestión controvertida, non desqualifican os topónimos acollidos polo decreto, mais, ó admitir como posibles, nos dous primeiros casos, os que defende o Concello de Manacor, a aceptación de tales topónimos propostos polo dito Concello móstrase máis congruente co conxunto normativo que antes expuxemos, do que é posible extraer nesta materia un principio de primacía da vontade municipal. Con outras palabras, a estimación do recurso ofrécese máis respectuosa coa garantía institucional da autonomía local e máis conforme co carácter representativo das institucións a través das cales se expresou unha vontade que, por non se opor á lei e proceder das autoridades máis próximas ós cidadáns (art. 4. 3, CEAL), pode e debe ser seguida cando, como aquí acontece, conecta de modo claro con intereses colectivos de ámbito estritamente local expresados por quen ten lexitimación para iso. No terceiro suposto, o topónimo proposto polo Concello de Manacor axústase ó criterio normativo previsto no art. 14 da lei, a diferenza do mantido no dictame da Universidade de Baleares, máis afastado daquela pauta legal. Nos tres casos é, pois, a lei –a Lei de bases de réxime local, nos dous primeiros, a propia Lei autonómica, no terceiro– a que, de acordo co art. 117.1 da CE, nos leva a estimar este recurso de apelación, se ben consideramos procedente escribi-lo «S» na forma admitida pola Universidade de Baleares, tendo en conta a natureza técnica (lingüística) da materia.

SÉTIMO. Non hai lugar, conforme o art. 131.1 da LXCA, á condena en custas.

VEREDICTO

1º) Estimámo-lo recurso de apelación interposto pola representación procesual do CONCELLO DE MANACOR, contra a sentenza do 2 de febreiro de 1990 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Baleares, no recurso núm. 424/1988, sentenza que revogamos e deixamos sen efecto en canto declara axustados ó dereito os topónimos «Cala Moreia», «Estany d'en Mas» e «Portocristo/Port de Manacor».

2º) Estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual do CONCELLO DE MANACOR contra o Decreto núm. 36/1988, do 14 de abril, e declarámo-la nulidade dos tres topónimos a que se fai referencia no parágrafo anterior, os cales serán substituídos polos de «S'Illot», «S'Estany d'en Mas», «Porto Cristo» e «Porto-Cristo».

3º) Non condenar ó pagamento das custas.

D) Lexitimación das entidades locais para promove-la impugnación ante o Tribunal Constitucional de leis do Estado ou das CA (art. 63.3).

Establece o art. 63.3 que «Así mesmo, as entidades locais territoriais estarán lexitimadas para promover, nos termos do art. 119 desta lei, a impugnación ante o Tribunal Constitucional de leis do Estado ou das comunidades autónomas cando se estime que son estas as que lesionan a autonomía constitucionalmente garantida».

Regula o precepto a limitada de lexitimación das entidades locais territoriais para promove-lo recurso de inconstitucionalidade en defensa da autonomía local (lexitimación indirecta).

A defensa constitucional da autonomía local vese reforzada co dictado da Lei orgánica 7/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 2/1979, do Tribunal Constitucional.

A dita modificación, que responde ó designio de incorporar ó noso dereito a previsión do art. 11 da Carta europea de autonomía local (Estrasburgo, 15 de outubro de 1985), no sentido de que as entidades locais dispoñan dunha vía de recurso xurisdiccional co fin de asegura-lo libre exercicio das súas competencias, supón a creación dun novo procedemento de defensa específica da autonomía local ante o Tribunal Constitucional, «que lle permitirá a este desenvolve-la interpretación da garantía constitucional de tal autonomía no marco da distribución territorial do poder» (exposición de motivos da propia lei).

Créase así no art. 2.1 da LOTC unha nova modalidade de conflito, denominado «Dos conflitos en defensa da autonomía local», e establécese no art. 59 da LOTC que «o Tribunal Constitucional entenderá tamén dos

conflictos en defensa da autonomía local que formulen os municipios e as provincias fronte ó Estado ou a unha comunidade autónoma».

Non a fondo na súa análise ó non constituír obxecto específico do relatorio.

3. Impugnación de actos e acordos das entidades locais (arts. 64 ó 68 da Lei 7/1985).

Limitarémola análise á impugnación de tales actos ou acordos por parte das administracións do Estado e das CA.

A) Lexitimación

Polo que se refire á *lexitimación activa*, tanto o art. 63.1.a) da Lei 7/1985 como o art. 19.1.c) e d) da LXCA recoñécenlle á Administración do Estado e das CA unha ampla lexitimación para impugna-los actos e disposicións (tamén acordos) das entidades locais.

Así como a lexitimación da Administración do Estado para impugnar actos e disposicións das CA e organismos públicos vinculados a estas precisa que se teña un dereito ou un interese lexítimo, e a que posúen as CA para impugnar actos e disposicións da Administración do Estado ou organismo público precisa que aqueles lle afecten ó ámbito da súa autonomía, ó tratarse, polo tanto, dunha lexitimación limitada, a que posúe a Administración do Estado e das CA para impugna-los actos e os acordos das entidades locais é case plena, pois a dita fiscalización ou control de legalidade ha de actuar no ámbito das respectivas competencias, posibilitando o acceso ó control xudicial da actuación dos entes locais en canto infrinxan o ordenamento xurídico, menoscaben ou interfiran o exercicio das súas competencias ou incorran en exceso de competencia, ou atenten gravemente o interese xeral de España, ben entendido que tal fiscalización non debe entenderse como control referido á totalidade da actividade xeral dos ditos entes ou que implique limitación da súa capacidade, como se afirma na exposición de motivos da Lei 7/85, o que resulta, por outra parte, dos termos do art. 1 da LXCA, que limita a fiscalización xurisdiccional á actuación das administracións públicas suxeita ó dereito administrativo e ás disposicións regulamentarias.

Esta conclusión obtense da dicción dos apartados c) e d) do núm. 1 do art. 19 da LXCA, en canto remiten ó disposto na lexislación de réxime local.

O carácter amplo, non limitado dese lexitimación, explícase polo fundamento e pola finalidade dese control posto en mans das administra-

cións do Estado e das CA, que non é outro que o de preservar a legalidade da actuación dos entes locais (lexitimación para a impugnación prevista no art. 65), ou a protección da integridade das competencias do Estado ou das CA (lexitimación para a impugnación que regula o art. 66), ou, en fin, a preservación do interese xeral de España, no suposto das facultades de suspensión previstas no art. 67 en mans do delegado do Goberno.

Sobre o particular, nada mellor que reproducir os termos da *STS do 15 de marzo de 1993*, dada a súa claridade e completitude.

«**PRIMEIRO.** Son antecedentes significativos do conflito xurídico suscitado neste proceso os seguintes:

a) No *Boletín Oficial de Cáceres* do 18 de xuño de 1986 publicouse o acordo do Concello pleno de Ahigal, que convocaba oposición libre para a provisión en propiedade dunha praza de alguacil municipal e oficios múltiples do citado concello.

b) Nas bases da convocatoria consignábase como un dos requisitos para ser admitido á práctica da oposición «estar en posesión do permiso de conducir da clase B-2 na data en que se realice o primeiro exercicio da oposición; sen este requisito non se admitirá nos exames» (base 2ª).

c) Non obstante o anteriormente establecido, Dona Constanca foi admitida a tomar parte na oposición coa constatación da súa carencia de permiso de conducción.

E posteriormente, ó superar con puntuación favorable os distintos exercicios, foille adxudicada a praza da que tomou posesión o 2 xaneiro de 1987.

d) Recibida na Xunta de Estremadura (Dirección Xeral de Administración Local da Consellería da Presidencia e Traballo) a documentación referida ó citado nomeamento e advertida a irregularidade apuntada («que ningún dos opositores admitidos e que realizaron os exercicios da oposición posuían o permiso de conducir da clase B-2»), este organismo da comunidade autónoma requiriulle ó concello, de conformidade co art. 65 L 7/85, que anulase o acordo de nomeamento de Dona Constanca no prazo dun mes.

Tal requirimento foi desatendido, o que motivou a presentación de recurso en sede xurisdiccional por parte da Xunta de Estremadura.

SEGUNDO. As alegacións do recurso de apelación concéntranse, practicamente, na tese de que a Xunta de Estremadura carece de «lexitimación activa para pretende-la anulación dun acordo municipal adoptado en exercicio dunha competencia exclusiva da Administración municipal, posto que isto vulneraría a autonomía municipal consagrada no art. 140 CE».

Nesta liña de pensamento afirmase que, no caso concreto, a Xunta de Estremadura carece de todo interese en relación ó Acordo municipal de Ahigal; «o louvable interese de querer exercer un control sobre a legalidade do dito acordo municipal non é un interese que a lei neste caso ampare, pois fronte ó dito louvable interese contraponse o de respecto á autonomía municipal, con todos os pros e contras que isto comporta».

Por outra parte, arguméntase que «a *ratio* xurídica do art. 65 LRBRL é establecer un procedemento para o caso de que a Administración municipal superase os límites competenciais que a lei lle atribúe, pero en absoluto se pode interpretar como un procedemento revisor para controla-la legalidade de todo actuar administrativo municipal; para iso está o sistema xeral de control da legalidade ó que ten acceso a xeneralidade dos cidadáns...».

TERCEIRO. A tese anteriormente exposta implica unha interpretación fortemente restrictiva do texto do art. 65.1 L 7/85 do 21 de abril (LRBRL), e está apoiada en argumentos sen suficiente consistencia.

A eséxese que postula a apelante garda correlación co suposto previsto no art. 66 da lei, especificamente dedicado á impugnabilidade por parte da Administración do Estado da correspondente comunidade «dos actos e acordos das entidades locais que menoscaben competencias do Estado ou das comunidades autónomas, interfiran o seu exercicio ou excedan da competencia das ditas entidades»; nestes supostos é claro que o interese lexitimador da pretensión procesual está prefigurado pola incidencia do menoscabo ou a interferencia sufridos pola entidade pública reclamante.

CUARTO. O art. 65 LRBRL establece que «cando a Administración do Estado ou a das comunidades autónomas considere, no ámbito das súas respectivas competencias, que un acto ou acordo dalgunha entidade local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requirila, invocando expresamente o presente artigo, para que anule o dito acto ou acordo».

A lexitimación procesual, de acordo con este artigo, ten unha maior extensión có precepto primeiramente citado do art. 66, e identifícase co interese público de mantemento da legalidade.

Esta cobertura lexitimadora indiscriminada non é tampouco exclusiva das citadas entidades senón que se pode estender, en áreas determinadas, á xeneralidade dos cidadáns sen necesidade de afectación específica (cfr. art. 220, R. D. 2568/86; art. 235.1 R. D. 1346/76; art. 16 D 833/75 etc.).

Ora ben, máis alá desta lexitimación xenérica como portadora do interese de defensa da legalidade (art. 103.1 CE), no caso que estamos a analizar a comunidade autónoma xustifica un interese directo inmediato que está materialmente reflectido na facultade de nomeamento dun membro do tribunal cualificador, e conecta coas competencias que lle veñen recoñecidas polo Estatuto de autonomía (art. 8.10) en materia de réxime estatutario dos funcionarios da comunidade autónoma e da Administración local, no marco da lexislación básica do Estado.

Por outra parte, e dado que cada organización territorial dotada de autonomía é unha parte do todo, non cabe deducir da Constitución que, en todo caso, corresponda a cada unha delas un dereito ou unha facultade que lle permita exercer-las competencias que lle son propias en réxime de estricta e absoluta separación (cfr. STC 27/87, f. x. 2º).

Por isto, «é preciso reiterar que o principio de autonomía das corporacións locais é compatible coa existencia dun control de legalidade sobre

o exercicio das súas competencias realizado, nos casos e formas predeterminados polo lexislador, polo Estado ou polas comunidades autónomas, tras terse en conta a posición de superioridade dun e doutra sobre as entidades locais» (*idem* f. x. 2º).

QUINTO. O factor diferenciador, cando nos referimos á materia á que afecta este recurso, estriba en que o control de legalidade exclúe calquera medida que supoña unha limitación ou interferencia da actividade administrativa tal como a suspensión do acto ou outra medida prohibitiva (cfr. STC 14/81).

Respecto a este punto concreto, o exame das actuacións pon de manifesto que o 4 de febreiro de 1987 recibe o órgano competente da Xunta de Extremadura a documentación relativa ó acordo adoptado polo Pleno do Concello sobre o nomeamento de Dona Constancia como alguacil do Concello de Ahigal; o día 12 do mesmo mes e ano, é dicir, dentro do prazo de 15 días hábiles que prevén o art. 65.2 LRBRL, o órgano autonómico remítelle requirimento motivado de anulación do acordo ó Concello de Ahigal.

E despois de transcorrido 1 mes sen recibir contestación de ningunha clase ó requirimento, a Xunta de Extremadura acode á sede xurisdiccional de instancia e demanda a declaración xudicial de nulidade. Non se acepta, polo tanto, que estas actuacións comporten un menoscabo da autonomía municipal, nin tampouco a argumentación do apelante, que invocaba a firmeza do acordo corporativo, fundada na suposta extemporaneidade do requirimento transmitido pola Xunta ó concello para a declaración de nulidade.

B) Procedemento

1. Información

Presuposto para o exercicio do dito control é o deber de información que pesa sobre as entidades locais.

Conforme o art. 56.1 da LRRL, que non foi afectado pola Lei 11/1999, tódalas entidades locais deben remitir no prazo e na forma que regulamentariamente se determine copia ou, no seu caso, extracto comprensivo dos actos e dos acordos delas.

O prazo é o de seis días conforme o previsto no art. 196 do ROF.

O deber de información complementao o art. 56.2, que faculta as administracións do Estado e as das CA para obter e pedir información sobre a actividade municipal, e poderán solicita-la exhibición de expedientes e a emisión de informes co fin de comproba-la efectividade na súa aplicación da lexislación estatal e da autonómica, respectivamente (comprobación da execución das leis).

Sobre o alcance desa regulación regulamentaria por parte das CA, resulta de interese a cita da STS do 12 de novembro de 1998:

Impúgnase neste recurso de apelación a sentenza que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade

Valenciana dictou coa data do 17 de marzo de 1992, e no seu recurso núm. 1659/90, por medio da cal se estimou o recurso contencioso administrativo interposto polo Sr. avogado do Concello de Valencia, en nome e en representación deste, contra o Decreto 148/90, do 3 de setembro de 1990, do Consello da Generalitat Valenciana, sobre control dos actos e dos acordos das entidades locais en materia do ordenamento xurídico urbanístico.

A sentenza de instancia, co argumento de que os artigos impugnados do Decreto 148/90 violan os artigos 56 e 64 da Lei reguladora das bases de réxime local 7/85, do 2 de abril, anulou os artigos 1 e 2 da dita norma, e fronte á sentenza interpuxo recurso de apelación a Generalitat Valenciana.

A dita apelación debe desestimarse, xa que, en efecto, os artigos impugnados violan preceptos da Lei estatal 7/85, do 2 de abril, que é unha lei básica. Todo isto verémo-lo a continuación.

O artigo 56-1 da Lei reguladora das bases de réxime local imponlles ós concellos a obriga de remitirlle (...) á Administración da comunidade autónoma respectiva «copia ou no seu caso extracto comprensivo dos actos e dos acordos destes». E engade o precepto que iso terá que se producir «nos prazos e nas formas que regulamentariamente se dictaminen», de sorte que o precepto permite que pola vía regulamentaria se complete a regulación legal, que en todo caso debe ser respectada. Ora ben, a remisión á regulación regulamentaria non inclúe a determinación do que haxa que remitir, xa que isto está xa previsto pola lei, a saber, «copia e, no seu caso, extracto comprensivo dos actos e acordos destes». En consecuencia, tal precepto resulta violado polo artigo 1º do decreto recorrido, en canto este impón a remisión dunha cousa distinta, é dicir, non só da copia ou extracto do acto ou do acordo, senón tamén dun plano de localización, unha expresión gráfica ou escrita das características da edificación e da parcela, e copias dos informes técnico e xurídico previos. Esta carga excede da imposta na lei, e o precepto que a contén debe por iso anularse. Ocorre, ademais, que o núm. 2 do precepto recorrido outorga un prazo de 6 días para que o concello, unha vez requirido, notifique o acto con toda esa documentación (sen prexuízo de que poida facelo tamén antes de ser requirido, pero en todo caso acompañarase á copia ou extracto do acordo a documentación xa mencionada), de sorte que o sinalamento dese prazo de 6 días viola o artigo 64 da Lei 7/85, que establece un prazo de 20 días para que o concello poida contestar á petición de ampliación.

Da mesma maneira, o artigo 2 do decreto que se recorre é desconforme co dereito por viola-lo artigo 56-1 da Lei 7/85, pois impón algo non esixido nesta, a saber, que se envíe non só copia ou extracto do acordo de aprobación definitiva de instrumentos urbanísticos senón tamén «copia das actuacións».

Debe, pois, confirmarse a sentenza impugnada.

Aínda que debemos consignar que cando o artigo 56-1 da Lei 7/85 impón a remisión de «copia ou, no seu caso, extracto do acordo», non está permitindo a remisión de calquera cousa, por difícil que resulte vir en co-

ñecemento do contido do acordo. Porque o artigo 93-2 da Lei de procedemento administrativo impón que a resolución conteña «a decisión» que se toma e non se pode dicir que a expresión da decisión sexa correcta se non incorpora debidamente os extremos necesarios para saber de qué decisión se trata. Expresións do acordo ou da notificación tales como «concédese a licenza solicitada» ou «concédese a licenza a que se refire o presente expediente» ou «apróbbase definitivamente o estudio de detalle de que se trata» poderán ser válidas para o concello e para o solicitante da licenza ou promotor do estudio de detalle (que coñecen o expediente), pero en absoluto o serán para os terceiros que o descoñecen, como a comunidade autónoma. Así, por exemplo, a remisión dun acordo que conceda unha licenza haberá de conter, alomenos, qué é o que se autoriza, a quen se autoriza e ónde se autoriza, e será xa misión da comunidade autónoma solicitar se desexa máis información, os datos complementarios necesarios (artigo 64 da Lei 7/85). Sen esa mínima información primeira non comezan a correr os prazos que establecen os artigos 64 e 65 para que a comunidade autónoma poida impugnar xudicialmente os acordos das corporacións locais.

Ora ben, estas precisións non engaden nada ó artigo 56-1 da Lei 7/85, pois sen esas mínimas referencias non se pode dicir en absoluto que se remitise copia ou extracto do acordo.

O que non é conforme co dereito é que, nunha norma autonómica regulamentaria, se esixan para a primeira remisión do acordo datos que a lei estatal só permite solicitar por vía de ampliación da información nin que desa forma diminúa o prazo para a súa remisión.

Sobre o alcance dese deber de información, a STS do 21 de setembro de 1993:

O aptdo. 1º, art. 56 certamente que non ampara a mencionada esixencia que a autoridade do Estado lle dirixe á municipal, pois establece que as entidades locais teñen o deber de remitirlle á Administración do Estado copia ou, no seu caso, extracto dos seus actos e acordos, e como declarou a antiga Sala 4ª deste TS, na súa S 15/4/88, o indicado aptdo. 1º, art. 56 da lei imponlles só ás corporacións locais a obriga de enviarlle á Administración do Estado «copia ou no seu caso extracto comprensivo dos actos e acordos daquelas», e non obriga a remitirlle outros documentos...

QUINTO. O seguinte aptdo. 2º, art. 56 faculta en todo caso a Administración do Estado a «solicitar e a obter información concreta sobre a actividade municipal, e poderá solicitar incluso a exhibición de expedientes e a emisión de informes»; todo isto co fin de comprobala efectividade da aplicación da lexislación estatal.

SEXTO. Resulta claro que a aludida facultade que desempeña a Administración do Estado de solicitar e obter información concreta sobre a actividade municipal e de solicitar incluso a exhibición de expedientes e a emisión de informes, tampouco amparaba a esixencia do delegado do Go-

berno de que o concello lle remita tódalas ordenanzas e regulamentos que a corporación tivese aprobados e vixentes; pois esta non é a «información concreta sobre a actividade municipal» que o Estado pode esixirlle ó concello segundo o repetido art. 56.2, nin tampouco é unha solicitude do Estado de que se lle exhiban expedientes ou de que se lle emitan informes, xa que unha cousa é a solicitude de exhibición de expedientes e de emisión de informes, e outra distinta esixí-la remisión de tódalas ordenanzas ou regulamentos vixentes no concello.

Os concellos non teñen a obriga de enviarlle as súas ordenanzas ou regulamentos ó Estado, senón que é este o que pode solicitar que se lle exhiban os expedientes pero non que se lle remitan; e o Estado ten así mesmo a facultade de pedir e de obter información concreta sobre a actividade municipal, pero non a de esixir que o concello lle envíe tódalas súas ordenanzas ou regulamentos.

SÉTIMO. Carece, pois, de acomodo nos examinados apartados o art. 56 da lei, a esixencia remisoria; non é por outro lado, tampouco de pertinente cita o art. 65.2 da mesma lei de bases local, tamén aducido polo requirimento do delegado do Goberno do Estado, dado que o concello non adoptara ningún acordo que puidese ser obxecto do requirimento anulatorio a que tal precepto se refire.

OITAVO. O capítulo II, título V, da mencionada lei disciplina as relacións interadministrativas para a debida efectividade da coordinación e da eficacia entre as administracións do Estado e das comunidades autónomas dunha banda, e das entidades locais doutra; deberán unhas e outras nas súas relacións recíprocas facilitarles ás outras administracións a información sobre a propia xestión que sexa relevante para o axeitado desenvolvemento por parte delas dos seus cometidos propios (art. 55.c) da Lei de bases do réxime local); pero non entra tampouco neste apartado, que ninguén invoca, lexitimación para a tan repetida esixencia da Delegación do Goberno en Canarias de que o Concello de La Oliva lle remitise tódalas ordenanzas ou regulamentos vixentes da corporación municipal, pois a requirente, a Administración do Estado, para nada explica, nin menos xustifica, o motivo ou a razón pola cal necesita a remisión de tódalas disposicións xerais do concello, nin tampouco acredita que eses regulamentos ou ordenanzas municipais fosen relevantes para o axeitado desenvolvemento dos cometidos do Estado, polo que nestas circunstancias tampouco podía ser aplicable o art. 55.c) da Lei de bases do réxime local xa que non se pode esquecer que –como reconece a sentenza recorrida– o principio constitucional da autonomía das entidades locais, proclamado nos arts. 137 e 140 CE, e o administrativo da descentralización, impiden exercer facultades de control sobre a actividade xeral duns centros de poder sobre outros e que, como explica a exposición de motivos da Lei de bases do réxime local, as técnicas de relación entre administracións terán por obxecto máis ben a definición do marco e dos procedementos que faciliten o encontro e a comunicación, incluso informal, para a colaboración e a coordinación interadministrativas fundamentalmente voluntarias e de base negocial.

Pero, naturalmente, o cadro de técnicas ha de se pechar por un sistema resolutorio do suposto límite de conflito, por fracaso daquelas, e deberá configurarse ese sistema de resolución de conflitos dun modo respectuoso coa esencial igualdade posicional das administracións territoriais que á vez asegura que a formulación e a instrución do conflito non alteren a específica estrutura constitucional dos intereses públicos ós que serven as ditas administracións.

Pois a lei, máis ca compartimentos estancos e incomunicados, e, en definitiva, sobre un equilibrio estático propio das cousas inanimadas, busca fundamenta-la autonomía no equilibrio dinámico propio dun sistema de distribución do poder, trata de articula-los intereses do conxunto, recoñécelle a cada un o seu e establece as competencias, principios, criterios e directrices que guíen a aplicación práctica da norma no seu conxunto de forma aberta á realidade e ás necesidades do presente; pero débese ter sempre en conta no ámbito das relacións interadministrativas que a actuación dunha Administración respecto da outra moverase en todo momento nun plano de igualdade posicional e coa necesaria xustificación do obrar dunha respecto da outra, pois doutra maneira quebraríanse aquelas bases de igualdade se se admitisen imposicións que se puidesen estimar cando menos inxustificadas, cando non arbitrarias, que é, precisamente, o que podería aquí predicarse da expresada conducta da Delegación do Goberno en Canarias con relación ó Concello de La Oliva, ó que, sen darlle motivo nin xustificación de ningunha clase da súa pretensión, lle esixe a remisión incondicionada de tódalas ordenanzas ou regulamentos o concello, documentación da que evidentemente podería pedir información concreta xustificando, ou alomenos explicando, un razoable motivo para a súa petición, tanto máis canto que o Estado, o mesmo que os particulares, pode acceder directamente ó contido das ordenanzas ou dos regulamentos municipais en virtude do principio da publicidade das normas garantido constitucionalmente (art. 9.3 CE) e, no ámbito local, concretado no art. 70.2 da Lei de bases do réxime.

NOVENO. Ó non se estimar, en definitiva, razoable nin xustificada a inmotivada esixencia da Delegación do Goberno en Canarias formulada ó Concello de La Oliva, procederá declarar conforme co dereito a actuación do concello e, polo contrario, desconforme con el o requirimento da Delegación do Goberno en Canarias; porque chegados ó caso límite do fracaso da colaboración institucional voluntaria de ámbalas administracións, e situadas no extremo da confrontación, haberá que aterse con rigor á regulación moi precisa das relacións entre ámbalas administracións que se deixa sinalada máis arriba, onde xa vimos que non está incluído o deber da Administración municipal de atender ó xenérico e inxustificado requirimento remisorio da Administración xeral, polo que deberemos revoga-la sentenza apelada e confirma-lo acto denegatorio presunto da Administración municipal de La Oliva de remitirle á Delegación do Goberno en Canarias as ordenanzas ou os regulamentos municipais expresados.

O cumprimento dese deber de información, polo que ó seu momento temporal se refire, que se entenderá producido no momento de recepción da información remitida, ten suma importancia, pois determina a apertura dos prazos para efectua-lo requirimento de anulación ou de suspensión, ou para a impugnación directa do acto ou do acordo ante a xurisdicción contencioso-administrativa ou, en suma, para a petición de ampliación da información, trámite que, por certo, suspende, unicamente, os prazos para efectua-lo requirimento de anulación (art. 65.2) ou de suspensión (art. 67.1), que proseguirán a partir da recepción da documentación interesada, tal como resulta do art. 64 na súa nova redacción, nos termos a que logo se aludirá.

Sobre esta cuestión, aínda que referida ó réxime anterior á Lei 11/1999, resulta de interese a cita da STS do 20 de maio de 1994:

As teses da representación estatal carecen de virtualidade por canto que está probado en autos, mediante documento emitido polo vicesecretario xeral do Goberno civil de Pontevedra, o contido do cal non é discutido pola contraparte, que o 12 de febreiro de 1987 tivo entrada nese Goberno civil un oficio do presidente da Deputación co que se remitían o acordo aprobatorio das bases, a convocatoria e o programa do concurso-oposición a que se refire o actual proceso, co que se producía unha comunicación susceptible de darlle plenitude de efectos ó acto de convocatoria, e abríase o prazo para efectua-lo requirimento de anulación, ou, no seu caso, de directa impugnación xurisdiccional, conforme os preceptos antes citados, nos que non se di que a comunicación ó Goberno civil, para efectos da tutela de legalidade, do art. 56, en relación cos arts. 63 e 65 da Lei de bases de réxime local, deba conte-la especificación de que se remita con esta finalidade. É por demais irrelevante a afirmación da avogacía do Estado de que a eficacia do acordo de convocatoria só había de xurdir da súa publicación no *BOP*, momento da súa «entrada en vigor» (sic), pois, como é sabido, as convocatorias de probas selectivas non son normas nas que a súa existencia poida relacionarse coa súa publicación, caso de que a esta se lle asignen efectos constitutivos, o que é dubidoso para os regulamentos, senón meros actos xerais de destinatario plural para os que se esixe, pola súa normativa específica, a súa publicación no *BOP*, ou no boletín do Estado segundo o art. 97 da LBRL en relación co art. 60,1 da Lei de procedemento administrativo común de 1992, pero que non exclúen o que estean sometidas ó réxime xeral de comunicación á Administración do Estado, previsto no art. 56 LBRL, que unha vez efectuado, con plenitude de contido, como no caso de autos, deberá producir, respecto do destinatario –Goberno civil– a plenitude de efectos, e conseguintemente a apertura do prazo para efectua-lo requirimento de anulación ou de recurso directo dos arts. 65 LBRL e 215 ROF, antes citados, prazos que son de caducidade ou preclusivos. Por isto, en definitiva, era correcta a apreciación da sentenza impugnada de que recibida a comunicación o 12 febreiro de 1987, nesa data comezaba a contar o prazo para efectua-lo requirimento de anulación, ou o do recurso directo. Carece, por isto, de eficacia interruptiva, o que efectuou o Goberno civil o 12 de marzo de 1987 (conta o prazo desde

a publicación no *BOP*, o 23 de febreiro de 1987), e aparece, en consecuencia, fóra do prazo legal de 2 meses o recurso contencioso-administrativo, posto que se rexistrou de entrada o 24 de abril de 1987. En último lugar cómpre resaltar que, se se prescindise dos efectos interruptivos do requirimento, ó aludido prazo legal de interposición do contencioso, tamén aparecería superado, contado de data a data, desde a publicación no *BOP* ata o rexistro do escrito no Tribunal Superior.

Ampliación da información: Se a información resultase insuficiente, os receptores desta poden solicita-la súa ampliación.

Aquí entra en xogo o art. 64, con nova redacción dada pola Lei 11/1999, que establece:

A Administración do Estado e a das comunidades autónomas poden solicitar ampliación da información a que se refire o número 1 do artigo 56, que se deberá remitir no prazo máximo de vinte días hábiles, excepto no caso previsto no artigo 67 desta lei, no que será de cinco días hábiles. En tales casos suspéndese o cómputo dos prazos a que se refiren o número 2 do artigo 65 e o 1 do artigo 67, que continuarán a partir da recepción da documentación interesada.

As novidades do precepto son:

■ Establecemento dun dobre prazo para a remisión da ampliación de información solicitada:

a) de 20 días hábiles para os supostos dos arts. 65 (control de legalidade) e 66 (defensa da competencia).

b) de 5 días hábiles para o suposto do art. 67.

■ A dita solicitude suspende, que non interrompe, como se establecía na redacción precedente, o cómputo dos prazos para formula-lo requirimento de anulación (art. 65.2) ou o requirimento de suspensión (art. 67.1). Débese insistir en que a dita solicitude de ampliación de información non suspende o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo se solicitada a ampliación de información, se abandona a vía opcional do requirimento de anulación ou suspensión e se opta pola interposición directa do recurso contencioso-administrativo. Afondarase posteriormente sobre esta cuestión.

■ Que ó se tratar de suspensión e non de interrupción, reinicia-los prazos determina que a Administración dispón tan só do prazo que reste para efectua-los requirimentos, sexan de anulación ou de suspensión.

Xurisprudencia sobre o efecto interruptivo da demanda de ampliación de información:

STS 20/5/1998

Examinando en primeiro lugar os argumentos sobre a suposta inadmisibilidade do recurso, e aínda prescindindo de que constitúen unha mera

reiteración dos expostos no escrito de contestación, terase en conta o seguinte:

1) Non consta a remisión doutra documentación á Generalitat Valenciana por parte do concello que non sexa a copia da Acta da sesión do 14 de novembro de 1988, único documento ó que se refire o oficio remisório asinado polo alcalde de Benissa que obra no expediente, polo que de ningunha maneira pode estimarse redundante e inútil que o dito organismo pretenda asegurarse de se, alomenos na convocatoria para a realización da sesión municipal, se fixera mención expresa do seu carácter urxente, e si resulta, pola contra, útil e pertinente a demanda de ampliación de informe solicitada o 7 de decembro seguinte, dentro dos quince días hábiles a que se refire o artigo 65 da Lei do 2 de abril, de 1985.

2) O efecto interruptivo desa demanda de ampliación entenderase estendido ata o momento en que se reciba a documentación solicitada, tal como especifica claramente o artigo 215 do R. D. do 28 de novembro de 1986, regulador da organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, momento no que se reiniciará o cómputo do prazo (Sentencia desta mesma sala do 17 de xaneiro de 1992).

3) Por iso non cabe soste de ningunha maneira que transcorridos os vinte días hábiles fixados como prazo para remisión do informe complementario, haxa de estimarse automaticamente reiniciado o cómputo dos quince días do artigo 65.2 da Lei de bases de 1985; en tanto non se reciba o complemento de informe, o reinicio non se produce, e poderá optalo organismo requirente por lembra-lo cumprimento do solicitado ou efectuar directamente o requirimento de anulación, pero sen que esa facultade poida entenderse caducada en tanto non se reinicie e conclúa o cómputo dos quince días hábiles, a partir da recepción da nova información pedida, ou alomenos transcorran os prazos legais para interpo-lo recurso xudicial.

4) Igualmente erróneo é alega-la extemporaneidade na interposición do recurso contencioso-administrativo xa que aparece formulado dentro dos dous meses seguintes á expiración do prazo outorgado no requirimento efectuado, tal como establece con carácter xeral o artigo 58 da Lei xurisdiccional e 215.4 do R. D. do 28 de novembro de 1986, con carácter específico, e ós cales debe entenderse efectuada a remisión do artigo 65.3 da Lei de bases, sen que se poida confundir ese prazo outorgado para efectivo (e que é o procedente nos casos de impugnación de actos das entidades locais por entender que os seus acordos infrinxen dalgunha maneira o ordenamento xurídico) cos especiais sinalados nos artigos 66 e 67 da Lei de bases, referidos ós supostos concretos que neles se contemplan (actos e acordos que menoscaben competencias, interfiran o seu exercicio ou excedan das que son propias dos ditos entes, no primeiro caso, e actos ou acordos que sexan gravemente atentatorios contra o interese xeral de España, no segundo).

2. O requirimento de anulación e impugnación ante a xurisdicción contencioso-administrativa

a) Suposto do art. 65 (infracción do ordenamento xurídico).

O parágrafo 1º do artigo, de nova redacción pola Lei 11/1999, establece:

Cando a Administración do Estado ou das comunidades autónomas considere, no ámbito das respectivas competencias, que un acto ou un acordo dalgunha entidade local infrinxe o ordenamento xurídico, poderá requirila, invocando expresamente o presente artigo, para que anule o dito acto no prazo máximo dun mes.

■ *Prazo para o cumprimento do requirimento*: a única novidade que presenta o precitado parágrafo con relación á redacción anterior é o establecemento do prazo máximo dun mes, que se deberá fixar no requirimento coa finalidade de que a entidade local proceda á anulación do acto ou do acordo que a xuízo da Administración requirente o acto ou o acordo de que se trate infrinxe o ordenamento xurídico, isto é, vulnera calquera norma xurídica calquera que sexa o seu rango. A redacción anterior do precepto non sinalaba o dito prazo máximo (o art. 215.3 do ROF aludía ó «prazo sinalado para isto»).

■ A dita facultade ha de exercerse «no ámbito das respectivas competencias»: como se establecía na redacción anterior, a dita iniciativa correspóndelle á Administración do Estado ou das CA «no ámbito das respectivas competencias», se ben co matiz de que na redacción anterior se facía referencia ás «súas respectivas competencias», co que o lexislador parece querer excluír unha concepción exclusivista da competencia para formula-lo requirimento, na liña de atribuírlles ás ditas administracións unha competencia indistinta para o mantemento da legalidade, e que dalgunha maneira viña xa sinalando un consolidado criterio xurisprudencial, polo que bastaría, por exemplo, con que a comunidade autónoma tivese sobre a materia a que se refería o acto ou o acordo competencias normativas ou de execución para xustifica-la lexitimación do control que representa a dita facultade impugnatoria (STS do 12 de xullo de 1991) ou, como establece a STS do 15 de marzo de 1993, «dado que cada organización territorial dotada de autonomía é unha parte do todo, non cabe deducir da Constitución que, en todo caso, lle corresponda a cada unha delas un dereito ou unha facultade que lle permita exercer-las competencias que lle son propias en réxime de estricte e absoluta separación (STC 27/87)». É significativa, no dito sentido, a STS do 5 de febreiro de 1991, ó razoar:

Sobre este particular podemos observar primeiro que unha cousa son as competencias lexislativas e de execución que de conformidade co título 8 da Constitución e cos respectivos estatutos de autonomía lle corresponden ó Estado e a cada unha das comunidades autónomas, e outra diferente a lexitimación para presentar xurisdiccionalmente a legalidade dos actos

dictados polas corporacións locais, que propiamente non ten nin natureza lexislativa nin de execución, senón que se move no ámbito procesual da lexitimación necesaria para accionar, como, por outra parte, recoñeceu tamén o Tribunal Constitucional nunha sentenza do 21/12/89. Ora ben, o dito interese lexitimador, que ten en certa maneira un sentido máis amplo có que se lles esixe ós particulares para ser parte nos procesos, xa que normalmente no caso do Estado e das comunidades autónomas bastará un simple interese na legalidade, sen embargo está baixo a restricción imposta polo mencionado art. 65 de que afecte o ámbito das súas respectivas competencias, e cómpre notar, neste sentido, que só se pode entenderse que o acto municipal impugnado ten por contido unha materia que veña regulada en lexislación que mereza a cualificación de básica, conforme o citado art. 149.1.18, poderemos predicar-la lexitimación do Estado, por ser aquela a única competencia que este ten no réxime local de Cataluña.

■ *Forma do requirimento:* establece o núm. 2 do precepto que:

O requirimento deberá ser motivado e expresa-la normativa que se estime vulnerada. Formularase no prazo de quince días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo.

A redacción do aludido parágrafo é similar á precedente: o requirimento, que deberá estar motivado e expresa-la normativa estimada como vulnerada, formularase no prazo de 15 días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo.

Sobre a necesidade de motivación:

O art. 65 da Lei de bases de réxime local e os arts. 214 e 215, que non son senón o mero desenvolvemento regulamentario de tal precepto, ó teren esencialmente o mesmo contido, establecen dúas vías instrumentais para que as comunidades autónomas poidan combater os actos ou os acordos das entidades locais que infrinxan o ordenamento xurídico, conforme a estimación fundada e motivada da comunidade, e sempre dentro do ámbito das súas competencias: unha delas é a do requirimento motivado, con cita da normativa vulnerada, que se debe formular no prazo de 15 días da recepción do acto ou do acordo da entidade local, para que esta proceda a anulalo, ou ben impugnalo directamente, sen formular requirimento, dentro dos dous meses seguintes á recepción do acto ou do acordo.

Pois ben, no presente suposto a Comunidade Autónoma de Madrid, como ben se indica na sentenza impugnada, optou pola impugnación directa dos actos administrativos do Concello de Algete e interpuxo, no prazo legalmente establecido, o correspondente recurso xurisdiccional, expresamente exceptuado do trámite previo do recurso de reposición, polo art. 214,2 do citado Regulamento de organización dos entes locais, posto que os requirimentos a que alude o recorrente non os fixo a Comunidade coa finalidade de instalo ente local á anulación dos seus acordos, senón unicamente, como claramente consta no expediente e nos autos, para coñecer precisa e detalladamente os actos administrativos cuestionados e así po-

der valorar con fundamento e seguridade a súa adecuación ou non ó ordenamento xurídico, e é precisamente, a partir desa recepción solicitada deses actos, cando ha de comeza-lo cómputo dos dous meses do art. 215,5 do regulamento, para poder interpo-lo pertinente recurso xurisdiccional, polo que non é posible a estimación deste motivo de casación (STS 21/5/1996).

■ O requirimento ten *carácter potestativo*, na mesma liña sinalada no art. 44 da LXCA, que regula o requirimento como dilixencia preliminar nos litixios entre administracións, precepto que, por certo, establece o prazo de 2 meses para formula-lo requirimento. En todo caso, haberá que aterse á especificidade do art. 65.2, pois o art. 44.4 establece que fica a salvo o disposto sobre esta materia na lexislación de réxime local.

■ *Impugnación*: establecen os parágrafos 3 e 4 do precepto:

A Administración do Estado ou, no seu caso, a da comunidade autónoma, poderá impugna-lo acto ou o acordo ante a xurisdicción contencioso-administrativa dentro do prazo marcado para a interposición do recurso de tal natureza sinalado na lei reguladora da dita xurisdicción, contado desde o día seguinte a aquel en que venza o requirimento dirixido á entidade local, ou ó da recepción da comunicación dela que rexeita o requirimento, se se produce dentro do prazo sinalado.

A Administración do Estado ou, no seu caso, a da comunidade autónoma, poderá tamén impugnar directamente o acto ou o acordo ante a xurisdicción contencioso-administrativa, sen necesidade de formular requirimento, no prazo sinalado na lei reguladora da dita xurisdicción.

Na redacción anterior, a Administración do Estado ou da CA podía impugna-lo acto ou o acordo directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa unha vez recibida a comunicación do acto ou do acordo, ou ben unha vez transcorrido o prazo sinalado no requirimento.

Doutrina xurisprudencial referida á redacción anterior do precepto sobre a dobre canle impugnatoria e sobre o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo: integración do art. 65 polo art. 215 do ROF:

STS 5/12/1997

TERCEIRO. A sentenza impugnada, para desestima-la excepción de inadmisibilidade por extemporaneidade, argumentou en termos literais «(...) tendo en conta que o recurso se interpuxo o día 31 xullo de 1992, fica claro que non transcorreran os 2 meses previstos no art. 215 R. D. 2568/1986, desde a publicación do texto do acordo no BOP, que se produciu o 24 de xuño do mesmo ano, precepto que é o aplicable e non os arts. 65 e 66 L 7/1985, que cita a Administración demandada». Dos termos desa argumentación postos en relación ó que contén a contestación á demanda respecto ás datas das comunicacións do acordo litixioso que o Concello de

Godella ós órganos dependentes da Generalitat de Valencia (Dirección Xeral de Administración Local e Delegación Territorial de Traballo), infírese que aínda que o Tribunal Superior admitía como feito probado que esas datas de comunicación eran as antes recensionadas do 22 de abril e do 14 de maio de 1992, sen embargo o prazo legal de 2 meses, sinalado no art. 215 Regulamento de organización e funcionamento para a interposición do recurso contencioso, non se consideraba infrinxido, porque se tería que contar desde a publicación do acordo orixe do preito no *BOP*, que se produciu o 24 xuño de 1992 e non desde a das ditas comunicacións. Partindo do exposto o motivo ha de prosperar, pois en contra do que se insinúa na sentenza, non hai diferenza de réxime en canto ó cómputo dos prazos de impugnación entre o art. 65 da Lei básica de réxime local e o art. 215 do Regulamento de organización e funcionamento, que regulamentariamente complementa e desenvolve a lei, xa que o art. 65,3 desta se limita a dicir que a Administración da comunidade autónoma, cando en uso da ampliación da lexitimación para efectua-lo control xudicial dos actos das corporacións locais, prevista no art. 63 da Lei de bases de réxime local, utilice, como é o caso, o específico procedemento de impugnación que se regula nos arts. 63 a 66 da Lei de bases de réxime local, pode seguir unha dobre canle: ou ben requiri-la corporación autora do acto que se estime que infrinxe unha norma comprendida no ámbito da competencia da comunidade autónoma requirinte, para que o anule, requirimento que deberá efectuar no prazo de 15 días «a partir da recepción da comunicación do acordo», e nese caso, de non ser aceptado o requirimento e vencido o prazo para a anulación fixada neste, a comunidade autónoma poderá impugna-lo acto ante a xurisdicción contencioso-administrativa; ou ben segui-la canle de impugnar directamente o acordo ante a xurisdicción contencioso-administrativa, sen efectua-lo previo requirimento tamén «unha vez recibida a comunicación». Sen que a Lei de bases de réxime local, nun ou no outro suposto, fixe a duración do prazo para efectuar esa impugnación xurisdiccional, aínda que si exprese o momento inicial do cómputo, que será, nos casos de requirimento «unha vez transcorrido o prazo sinalado no requirimento dirixido á entidade local, se se optase pola posibilidade contemplada nos dous números anteriores», e cando, como aconteceu no caso que agora se resolve, non existise tal requirimento, «unha vez recibida a comunicación». De maneira que o regulamento, sen se opor á Lei de bases de réxime local que desenvolve, limitouse a aclarala e a completala acudindo, para enche-lo baleiro legal respecto á duración do prazo, ó previsto no réxime xeral de tramitación do recurso contencioso-administrativo, respecto dos prazos para interposición do contencioso no art. 58 LXCA, concretamente no aptdo. 3º a) deste precepto, que establece que cando non é preceptivo o recurso de reposición (como acontece no caso que se resolve), o prazo de 2 meses deberase contar, se se trata dun acto que deba notificarse persoalmente «desde o día seguinte á notificación»; sendo así que no específico procedemento de impugnación dos arts. 63 a 66 da Lei de bases de réxime local, a que se vén aludindo, o sistema de co-

municación de acordos locais que se establece é de comunicación directa, equivalente á notificación persoal da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa.

É dicir e en conclusión, tanto se se atendía ó art. 65,3 da Lei de bases de réxime local, como se se contemplaba a norma regulamentaria de desenvolvemento do art. 215,5 do Regulamento de organización e funcionamento, debeu prosperar a excepción de inadmisibilidade por extemporaneidade oposta pola Generalitat na contestación, pois non caberá dúbida, por dicilo así o representante da Generalitat ó interpo-lo recurso contencioso-administrativo, de que a impugnación a efectuaba pola canle especial do art. 65,3 da Lei de bases de réxime local, posible en virtude da ampliación da lexitimación conferida neste caso á CA de Valencia polo art. 63 da Lei de bases de réxime local, para efectuar o control dos actos dos entes locais, sen mengua da autonomía que constitucionalmente teñen recoñecida, nos aspectos en que os acordos locais poden afectar as competencias estatais ou autonómicas, e cuns trámites e prazos que deberon ser inexorablemente respectados.

CUARTO. Polo exposto procede dar lugar á casación, e revoga-la sentenza impugnada, e en substitución desta declara-la inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo.

A nova redacción distingue tamén entre impugnación directa e impugnación ligada ó requirimento. Ó respecto, procede distinguir:

1) se existiu requirimento: o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo é o sinalado na LXCA (art. 46, que sinala ó efecto o prazo de 2 meses), que se computará:

■ desde o día seguinte a aquel en que venza o requirimento dirixido á entidade local

■ ou ó da recepción da comunicación da entidade local rexeitando o requirimento, se se produce no prazo

2) directamente, sen necesidade de requirimento; neste caso o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo é o sinalado no aludido art. 46 da LXCA. Así como na redacción anterior se facía a previsión expresa de que o recurso podía interporse unha vez recibida a comunicación do acto ou do acordo que había que impugnar, a nova redacción non alude a tal extremo, pois é o propio art. 46.6 o que o refire, ó expresar que en tal suposto «o prazo contará desde o día seguinte a aquel en que se reciba a comunicación do acordo expreso».

b) **Suposto do art. 66** (infracción de ordenamento competencial). Establece o precepto na nova redacción dada pola Lei 11/1999:

Os actos ou os acordos das entidades locais que menoscaben competencias do Estado ou das comunidades autónomas, interfiran o seu exercicio ou excedan da competencia das ditas entidades, poderán ser impugnados por calquera dos procedementos previstos no artigo anterior.

Coa nova redacción disípanse as dúbidas procedementais que presentaba o precepto na súa anterior redacción, fundamentalmente sobre a idoneidade da vía impugnatoria elixida, pois as posibilidades impugnatorias son as mesmas ca no suposto do art. 65, e asimílanse así ámbolos dous supostos.

Sobre a problemática que presenta unha (art. 65) e outra vía impugnatoria (art. 66), e o solapamento que puidese existir entre ámbalas dúas, cómpre cita-la STS do 12 de marzo de 1990:

Presentouse en primeira instancia e reitérase ante esta sala o problema de se o suposto de feito que serve de base a este proceso omisión do informe previsto no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, que neste caso tería que emitir un órgano rexional, encaixa no art. 65 (infracción do ordenamento xurídico) ou no art. 66 (infracción do ordenamento competencial), ámbolos dous da nova Lei básica (que non de bases) estatal de réxime local. O problema, en opinión do concello, comporta consecuencias procesuais como sería a necesidade no caso do art. 66 de ter que recorrer no prazo de quince días, que aquí aparece excedido, e de que no caso do art. 65 se aplicaría o réxime xeral do contencioso-administrativo por aplicación do art. 63.1. Aínda que tamén di o concello que hai que contrapo-lo suposto do art. 63.1 ó contemplado nos artigos 65 e 66. As alegacións municipais, en todo caso, resultan escuras, o que é perfectamente común. Pola súa banda, o letrado da comunidade autónoma silenciou o problema. Pois ben, esta sala non ve contraposición entre o art. 63 e os artigos 65 e 66. Salvo iso si que o art. 63 contén unha ampliación da lexitimación ou quizá unha aclaración sobre este problema, e os artigos 65 e 66 conteñen previsións procesuais ou, se se prefire, relativas á andaina procesual ós trámites que se deben seguir. Por outra parte, mentres o art. 65 parece contempla-lo suposto xeral de infracción do ordenamento xurídico, o 66 refírese a un suposto específico, o de infracción do ordenamento competencial (por menoscabo, por interferencia ou por exceso). E en ámbolos dous casos contempla relacións entre o Estado ou as rexións, dunha parte, e as corporacións locais, doutra. O que ocorre é que despois a diferenciación entre o suposto de feito do art. 65 e o do 66 non é tan nidia, porque a frase «considere, no ámbito da súa respectiva competencia» é perfectamente escura. Probablemente se quixo dicir que a Administración do Estado en todo o territorio nacional e as administracións rexionais no seu respectivo territorio, e respecto das corporacións locais que fican baixo a súa xurisdicción, poden impugnar calquera acto local que, segundo o seu parecer, sexa contrario ó ordenamento xurídico. Aquí, certamente, poderíase entender –e habería entón que darlle a razón ó concello– que estamos ante un problema de competencia, e non porque o concello exercese unha competencia que non ten, senón porque impediu que a comunidade autónoma exercese unha competencia que ten, competencia que, como despois se dirá, non é puramente consultiva. Pero se ben se mira non é iso o que ocorreu, senón algo máis simple: unha errónea interpretación municipal en virtude da cal o conce-

llo –sobrevalorando o concepto de autonomía, pero sen propósito de menoscabarmos ou interferir competencias alleas e sen excederse tampouco das propias– omitiu solicitar un informe preceptivo e semivinculante que lle corresponde emitir á Comunidade Balear, a cal «considerando no ámbito da súa competencia» que a dita omisión constitúe infracción do ordenamento xurídico, usou da vía do art. 65. Advírtase tamén que se non queremos converter en inconsecuente o art. 66, que podería levarnos ó absurdo de que un problema de competencia que pode supor nulidade de pleno dereito conforme o art. 47 da Lei de procedemento administrativo devíñese inatacable polo transcurso do fugaz prazo de quince días que marca, hai que admitir que ese artigo non impide que poida utilizarse a vía xeral con interposición previa do recurso de apelación (polo demais, resoluble se se omitise), co que tamén o recurso tería que se admitir. Esta sala é consciente de que con esta interpretación se está a relativizar a aparente compartimentación dos artigos 65 e 66. Pero é que, en realidade, o que late no fondo desta regulación é facilitar un control –as cousas hai que aceptalas na súa espida realidade– por parte do Estado e das comunidades autónomas da actuación das corporacións locais. Porque conferimento de autonomía non supón creación de rodas locais que xiran ó seu aire sen ningunha conexión cos restantes elementos do sistema. Un Estado, sexa unitario, autonómico ou federal, é unha totalidade organizada onde os seus distintos elementos actúan conforme regras de coherencia e de intelixibilidade e o seu funcionamento é preciso aseguralo mediante os oportunos mecanismos de dirección de alimentación e tamén de freado, mecanismos que, por outra parte, non teñen necesariamente que ser accionados desde o centro; mecanismos dos que a súa existencia no noso ordenamento é innegable, como proba, por exemplo, que se fale nese art. 65 de «requirimento» de anulación dun acto formal elaborado pola corporación local e que implica o recoñecemento dunha evidente supremacía dunha administracións sobre outras.

Mantense a redacción do parágrafo 2º do precepto, que establece:

A impugnación deberá precisa-la lesión ou, no seu caso, extralimitación competencial que a motiva e as normas legais vulneradas en que se funda. No caso de que, ademais, contivese petición expresa de suspensión do acto ou do acordo impugnado, razoada na integridade e na efectividade do interese xeral ou comunitario afectado, o tribunal, se a estima fundada, acordará a dita suspensión no primeiro trámite subseguinte á presentación da impugnación. Non obstante, por instancia da entidade local e tras oí-la Administración demandada, poderá alzar en calquera momento, en todo ou en parte, a suspensión decretada, no caso de que dela tivese que se derivar prexuízo ó interese local non xustificado polas esixencias do interese xeral ou comunitario feito valer na impugnación.

Sobre a relación do precepto, que sitúa a potestade de suspensión nos tribunais, coas facultades de suspensión de actos e de acordos en materia de urbanismo, existe unha ampla doutrina xurisprudencial. Así:

STS 14/10/1992

A decisión desta sala forzosa e necesariamente ha de ser distinta e contraria da da sala de instancia, coa consecuencia apuntada. Conducen a iso as seguintes razóns: en primeiro lugar, a incompatibilidade das potestades de suspensión dos acordos das entidades locais por parte do Estado ou das CA coa autonomía municipal consagrada nos arts. 137 e 140 CE, tal como esta foi configurada polo lexislador estatal en uso das facultades que lle atribúe o art. 149.1º.18 CE de promulga-la LBRL, nos arts. 65 e 66 da cal se regula a impugnación dos actos e dos acordos das CC.LL. por parte do Estado e das CA no ámbito das súas respectivas competencias e establécese que a suspensión dos acordos e dos actos daquelas é só potestade dos tribunais, coa excepción en favor do delegado do Goberno disposta no seu art. 67 respecto dos que atenten gravemente contra o interese xeral de España; en segundo termo, que esta regulación xeral non poida reputarse alterada por razón da materia, excluindo dela os actos e os acordos relativos ó urbanismo, o que comportaría a persistencia do art. 186 T.R. da LS de 1976, tal como entendeu a sala de instancia, xa que á parte de estar ela concibida cunha xeneralidade que non admite excepcións, a súa extensión ós actos e ós acordos en materia de urbanismo ha de terse por corroborada polo decidido polo TC nas súas sentencias do 11 de novembro de 1988 e do 2 de abril do presente ano, nas que, respectivamente, se declararon inconstitucionais preceptos análogos ó dito art. 186 l. 3/1984, do 9 de xaneiro, do Parlamento de Cataluña, e 4/1984, do 10 febreiro, da Comunidade Autónoma de Madrid. En terceiro lugar, que ese fose o criterio xurisprudencial deste TS, patentizado nas sentencias do 21 de febreiro de 1986, referida a suposto producido baixo a vixencia da l. 40/1981, do 28 de outubro, menos restrictiva que a actual LBRL, e dictada pola súa antiga Sala 4ª, e do 25 de xaneiro de 1989, sobre caso ocorrido vixente xa a última das ditas leis e pronunciada por esta mesma sala. Finalmente, que igual criterio fose seguido polo lexislador no actual T.R. da LS aprobado polo R.D. lex. 1/1992, do 26 de xuño, cun art. 253, que lle daba nova redacción ó 186 T.R. da LS de 1976, onde se reduce a operatividade deste ó alcalde.

Sobre revisión por subrogación nas facultades municipais para o outorgamento de licencias:

STS 16/7/1997

PRIMEIRO. Impúgnase neste recurso de apelación a sentenza que a Sala do Contencioso-Administrativo do TSX da Comunidade Valenciana ditou con data do 21 outubro de 1991, e no seu recurso núm. 736/1990, por medio da cal se estimou o recurso contencioso-administrativo interposto polo procurador Sr. Sin Cebriá, en nome e en representación do Concello de Pilar de la Horadada (Alacante), contra o Acordo da Comisión Territorial de Urbanismo de Alacante con data do 31 de xullo de 1989 (confirmado en alzada pola resolución do conselleiro de Obras Públicas, Urba-

nismo e Transportes da Comunidade Valenciana con data do 23 de xaneiro de 1990, expediente núm. 861/1989), mediante o cal se acordou:

1º) Declararse subrogada de oficio na competencia municipal sobre o procedemento de revisión das licencias concedidas polo dito concello e con data do 7 de xullo de 1988 con infracción grave, e manifesta da normativa urbanística á entidade «M., S.A.» para construír 80 vivendas (once bloques) en P-CU2, 100 estudos en P-H-3 e 124 vivendas con parede medianeira en CU-2; 276 estudos e 31 vivendas en Mil Palmeras, 5 vivendas con parede medianeira e bloques de 10 vivendas con parede medianeira e bloque de 4 vivendas con parede medianeira en Mil Palmeras zonas B3 e B4 e 609 vivendas, básico e execución de 84 vivendas en Mil Palmeras.

2º) Inicia-lo procedemento de revisión de oficio.

3º) Concederlles ós interesados un prazo de 15 días co fin de que puidesen alega-lo que ó seu dereito conviñese.

SEGUNDO. A sentenza de instancia, co argumento fundamental de que a subrogación da Comunidade Autónoma de Valencia nas competencias municipais para revisión de licencias de obras viola o principio constitucional de autonomía municipal, así como o sistema de impugnación dos actos das corporacións locais creado pola Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, (nos seus artigos 65, 66 e 67), estimou o recurso contencioso-administrativo e anulou os actos impugnados.

TERCEIRO. Contra a dita sentenza formulou recurso de apelación a Generalitat de Valencia, recurso no que esgrime fundamentalmente catro argumentos, a saber: primeiro, que respectou a autonomía municipal dado que se lle requiriu en primeiro lugar ó concello que revisase as licencias discutidas e só ante a súa negativa actuou a Generalitat Valenciana por subrogación; segundo, que a actuación por subrogación está amparada no art. 60 da Lei 7/1985, do 2 de abril, antes citada; terceiro, que este Tribunal Supremo admitiu reiteradamente a subrogación da Comisión Provincial de Urbanismo nas facultades municipais para o outorgamento de licencias, do que se deduce que, por idéntica razón, tamén cabe a subrogación na facultade de revisalas, e cuarto, que tal posibilidade se segue a reiterar no art. 252 T.R. da Lei do solo do 26 de xuño de 1992. Todos estes motivos examinarémolos a continuación, se ben xa desde agora anunciamos a súa deses3ación.

CUARTO. O Tribunal Constitucional declarou, nunha doutrina xa consolidada, que «o lexislador estatal, mediante a Lei 7/1985 de bases de réxime local, desenvolveu, respecto da Administración local, art. 149,1,18 CE, e regulou as bases do réxime da dita Administración. E entre esas bases encóntranse as previsións dos arts. 65 e 66 da lei, que regulan a impugnación de actos e de acordos das corporacións por parte da Administración do Estado e das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias, e establecen que a suspensión de acordos das entidades locais é só potestade dos tribunais (coa excepción en favor do delegado do Goberno recollida no art. 67 da lei)», e, á vista diso, o Tribunal

Constitucional concluíu que os preceptos das leis autonómicas que xul-gou que permitían a suspensión, por parte das autoridades autonómicas, de acordos das corporacións locais referentes á aprobación de programas de urbanización e outras actuacións urbanísticas opóñense ó disposto nos arts. 65 e 66 da Lei de bases de réxime local e vulneran, polo tanto, a au-tonomía municipal establecida pola normativa básica do Estado». (Así o declarou o dito tribunal nas súas sentencias 27/1987, do 27 de febreiro, 213/1988, do 11 de novembro, 148/1991, do 4 de xullo e 46/1992, do 2 de abril, entre outras).

QUINTO. Esta doutrina refírese, é certo, á facultade de suspensión dos actos municipais por parte da Administración do Estado e das comunidades autónomas, e non á facultade de revisión e de subrogación, que é o que interesa neste caso. Sen embargo, ningunha dúbida cabe da súa aplicación a estes supostos, porque se a facultade de suspensión dun acto adminis-trativo é contraria á autonomía municipal (ó ser, como é, unha medida meramente preventiva e de natureza provisoria, que non lle afecta ó acto senón só ós seus efectos) moito máis ó será a súa revisión (que fai des-aparece-lo acto do mundo xurídico).

SEXTO. Nalgunha das sentencias que citamos (en concreto, na S 148/1991, do 4 de xullo) o Tribunal Constitucional enfrontouse directa-mente co problema da revisión dos actos municipais por unha Adminis-tración distinta, e concluíu coa inconstitucionalidade do precepto legal que a permitía (naquel caso, da Lei 3/1985, do 29 de xullo, do Parlamento de Canarias, de medidas urxentes en materia de urbanismo e protección da natureza) co argumento de que «o xulgamento da ilegalidade das licen-cias municipais lles corresponde ós tribunais, ó coñecer das impugnacións que, se son interpostas por unha comunidade autónoma, se deberán ca-nalizar polas vías previstas polos arts. 65 e 66 LBRL». É certo que ese caso referíase a facultades directas de revisión e non (como aquí) a actuacións de revisión por subrogación, pero a doutrina é perfectamente aplicable: en calquera dos dous casos unha Administración distinta pon mans sobre un acto administrativo que non lle pertence.

SÉTIMO. Así pois, as facultades de revisión por subrogación que o art. 187,3 do Texto refundido da Lei do solo, do 9 de abril de 1976, lles con-cedía ás comisións provinciais de urbanismo (actualmente, ós órganos co-rrespondentes das comunidades autónomas) deixouse sen efecto coa en-trada en vigor da Lei 7/1985 de bases de réxime local, lei na que os seus arts. 65 e 66 conteñen o actual sistema de posibilidades de impugnación por parte da Administración do Estado e das comunidades autónomas dos actos das corporacións locais.

OITAVO. Así o entendeu, polo demais, a Lei da Comunidade Valenciana do 6/1989, do 7 de xullo, de ordenación do territorial; no seu art. 118 non se permite ningunha facultade de subrogación para revisar licencias mu-nicipais, senón que, ante a pasividade do alcalde respectivo, lle impón ó conselleiro de Obras Públicas, Urbanismo e Transportes a obriga de im-

pugna-la licencia de conformidade co disposto no art. 65 da Lei de bases de réxime local.

NOVENO. Obrou, pois, con desconformidade co dereito a Comisión Territorial de Urbanismo de Alacante cando, usando de facultades que non tiña, se subrogou na competencia municipal para revisar unha licencia de obras, e debe por isto confirmarse a sentenza de instancia, que así o entendeu.

DÉCIMO. E a estas razóns non se lles poden opo-los argumentos en que a Generalitat apelante funda a súa impugnación, xa que, en efecto:

1º). O feito de que esta actuara por subrogación (e non directamente) non exclúe en absoluto a invasión da autonomía municipal, senon que, o contrario, a agrava, pois significa impor unha decisión alí onde o concello non a quixo adoptar.

2º). Esta actuación por subrogación non está en absoluto amparada polo art. 60 da Lei de bases de réxime local, que se refire a supostos de obrigas consistentes en prestacións, como o demostra o inciso «a cobertura económica da cal estivese legalmente ou orzamentariamente garantida», o que non ten ningún sentido nos casos como o que nos ocupa.

3º). O suposto de actuación por subrogación no outorgamento de licencias é completamente distinto ó presente: nos casos de revisión por subrogación trátase de facer desaparecer do mundo xurídico un acto municipal previo (a licencia) que expresa a vontade corporativa; polo contrario, os supostos de outorgamento de licencias por subrogación pretenden resolver unha petición de licencia dun administrado non resolta pola Administración municipal (e obsérvase que «non resolta» non quere dicir «denegada»), de forma que non se trata de contraria-la vontade municipal (xa que falta un acto previo) senón de supli-lo seu silencio en beneficio dun administrado que, doutra forma, habería de acudir necesariamente a un proceso xudicial, cos correspondentes custos de diñeiro e de tempo.

4º) Finalmente, non é certo que a posibilidade de revisión por subrogación se siga a reiterar no Texto refundido da Lei do solo do 26 de xuño de 1992, pois o seu art. 252 non prevé en absoluto a actuación por subrogación en materia de revisión de licencias, aínda que si noutros casos distintos, como son os de actuacións urbanísticas non amparadas en licencia.

STS 5/5/1998

PRIMEIRO. Polo Concello de Oropesa de Mar e pola entidade mercantil «R., S.A.» preténdese neste recurso de apelación a revogación da sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana do 27 de xaneiro de 1992, que, en virtude de recurso interposto pola Generalitat Valenciana e por D. Carlos e D. Luis, anulou os acordos do Concello de Oropesa de Mar do 17 de xaneiro e do 17 de maio de 1989, mediante os que se lle concedía á entidade mercantil «R., S.A.» licencia para a construción de dous edificios de cincuenta e dous apartamentos en total, no lugar denominado (...)

SEGUNDO. A acción, o exercicio da cal deu lugar á sentenza de que dimana o presente recurso, iniciouna a Generalitat Valenciana, conforme o disposto no artigo 65.3 da Lei reguladora das bases de réxime local, 7/1985, do 2 de abril (LBRL), e por D. Carlos e D. Luis, ó amparo do previsto no artigo 235 do Texto refundido da Lei do solo, aprobado por Real decreto 1346/1976, do 9 de abril (TRLS), e en ámbolos dous casos, aínda que por razóns distintas, as partes apelantes opuxeron como causa de inadmisibilidade dos respectivos recursos a súa extemporaneidade, petición que reiteran nesta apelación e que, dada a súa natureza, ha de se resolver con carácter previo á cuestión de fondo presentada polas partes.

TERCEIRO. No seu escrito de interposición do recurso contencioso-administrativo a Generalitat Valenciana invoca o artigo 65.3 LBRL, e non existe ningunha dúbida de que o recurso se interpuxese transcorrido o prazo de dous meses que para isto establece o citado precepto, non obstante o cal a sentenza de instancia rexeita a petición de inadmisibilidade daquel, que por esta causa opuxeran as partes apelantes, por entender que a interpretación daquel precepto ha de se integrar co disposto nos artigos 186 e 187 TRLS, posto que doutra maneira terían os órganos da Generalitat menos posibilidades de reacción fronte ás ilegalidades urbanísticas cós particulares lexitimados para o exercicio da acción pública polo artigo 235 TRLS. Por outra parte, argumenta que tan pronto a Generalitat tivo coñecemento da posible ilegalidade das licencias concedidas requiriu do Concello de Oropesa de Mar, conforme o artigo 186 TRLS, a paralización das obras, e que ante a negativa da dita corporación a acepta-la dita orde tivo que interpor contra aquela recurso contencioso-administrativo. Comezando por este último argumento, ha de se advertir que a virtualidade do aludido acordo de suspensión é nulo:

■ En primeiro lugar porque, segundo declarou o Tribunal Constitucional en sentencias números 27/1987, do 27 de febreiro, e 213/1988, do 11 de novembro, o sistema de control de legalidade dos actos administrativos das corporacións locais exclúe que aqueles poidan ser suspensos preventivamente por outras administracións públicas, e resérvalles ós tribunais a decisión relativa á suspensión ou non de tales acordos, nos casos en que aquela medida se pedise nun dos procesos de impugnación que se regulan nos artigos 65 e 66 LBRL.

■ En segundo termo porque nin sequera a Generalitat Valenciana actuou seguindo as canles establecidas no artigo 186 TRLS, que lle esixe á Administración de tutela darlle traslado directo do acordo de suspensión á Sala do Contencioso-Administrativo competente, os efectos previstos no artigo 118 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa.

Tampouco cabe falar dunha interpretación integradora do artigo 65 LBRL, en atención ós artigos 235 e 187 TRLS, de maneira que os prazos de impugnación que establece aquel precepto fiquen sen efecto en materia urbanística, ata tal punto de prevalece-lo de catro anos previsto neste último. Non cabe aceptar este criterio porque non se trata de integrar ningún elemento da norma, senón de substituí-lo prazo claramente establecido nela

por outro, que se supón aplicable a unha situación, como é a das ilegalidades urbanísticas, que se considera non prevista naquela. O artigo 65 LBRL, desenvolvido polo artigo 215 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de outubro, (ROF) insírese nun capítulo que regula, con carácter xeral e coa evidente preocupación de cohonesta-lo principio de autonomía municipal co principio de vinculación das corporacións locais, como dos demais poderes públicos, á lei, e coa distribución de competencias entre as distintas corporacións territoriais, o mecanismo de impugnación dos actos e dos acordos das corporacións locais, e atribúelles ás comunidades autónomas a facultade de impugnalos ante a xurisdicción contencioso-administrativa, se considerasen que infrinxen o ordenamento xurídico, pero establece para isto un prazo de dous meses desde que tivesen coñecemento da súa adopción, se o fixesen directamente, ou desde que transcorrese o prazo que lles concedesen para anulalos por si mesmas, se optasen por dirixirles previamente requirimento nese sentido, pero en tal caso, o requirimento deberíase formularse no prazo de quince días hábiles a partir da recepción da comunicación do acto ou do acordo. Un principio de seguridade xurídica impuxo esa limitación dos prazos, limitación que non se pode eludir invocando o artigo 187 TRLS, que se refire a un suposto distinto, como é o da revisión por parte dunha corporación local dos seus propios actos, cando se trate de licencias ou ordes de execución cun contido que constituía manifestamente algunha das infraccións urbanísticas graves definidas na lei.

Por outra parte, se a integración do artigo 65.3 LBRL co 235.2 TRLS significa que cando se trate do exercicio de accións contra acordos das corporacións locais, motivado pola execución de obras que se consideren ilegais, as comunidades autónomas puidesen impugnar tales actos nos prazos que o artigo 235.2 TRLS establece, dado que ó ser pública a dita acción os órganos da Administración autonómica, como di a sentenza apelada, non poden ter peor condición cós simples particulares, isto implicaría, sinxelamente, que o artigo 65 LBRL non ten aplicación cando a Administración autonómica exercite a acción pública en materia urbanística, co que se establece unha excepción ó ámbito de aplicación do citado precepto da LBRL que non ten unha sólida xustificación. Porque os amplos prazos que para o exercicio deste tipo de accións concede o artigo 235.2 TRLS teñen como presuposto que se trata dunha acción pública, exercitable por quen non tivo por qué ser parte no expediente administrativo nin, en consecuencia, recibir ningunha notificación da licenza outorgada, no caso de que as obras consideradas ilegais se estivesen a executar ó amparo dunha licenza, de tal maneira que a acción de impugnación sería ilusoria se o recoñecemento dunha lexitimación xeral ficase niso, e mantense a necesidade de impugnar nos prazos ordinarios uns actos administrativos dos que non existe formal constancia. Pero isto non sucede coas comunidades autónomas, ás que, conforme o artigo 56 LBRL, han de remiti-los concellos do seu territorio copia ou extracto comprensivo das resolucións e dos acor-

dos adoptados polos seus órganos municipais, e que poden solicitar tanta información complementaria necesiten sobre a actividade municipal. O artigo 196 ROF, ó diferir-la entrada en vigor dos plans urbanísticos ó transcurso do prazo de quince días que o artigo 65.2 LBRL lle concede á comunidade autónoma para que formule requirimento se considerase que aqueles infrinxen o ordenamento xurídico, acredita sen ningunha dúbida que tamén en materia urbanística se aplican os prazos de impugnación que o dito precepto establece. Ó non o entender así a sentenza de instancia procede a súa revogación e, estimando o recurso de apelación neste extremo, declara-la inadmisibilidade, conforme o artigo 82 f) da lei reguladora desta xurisdicción, do recurso contencioso-administrativo interposto pola Generalitat Valenciana.

CUARTO. Alegan tamén as partes apelantes que o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Carlos e D. Luis debeu ser declarado así mesmo inadmisibile por interpo-lo recurso previo de reposición transcurrido o prazo concedido para isto, xa que computa o dito prazo non segundo establece o artigo 235.2 TRLS, senón desde que aqueles tiveron, a xuízo daquelas, coñecemento da existencia dunhas licencias que amparaban as obras que se estaban a executar. Sen embargo, neste caso a presunción de coñecemento do outorgamento dunhas licencias, derivado da transcendencia social que a execución das obras representou e da pertenza dos recorrentes na instancia a unha asociación que xa denunciara as ilegalidades que ó seu xuízo concurrían na súa concesión, non pode prevalecer fronte ó evidente criterio do artigo 235.2 TRLS, que establece que o prazo para exercita-la acción tendente a esixir ante os órganos administrativos e os tribunais do contencioso-administrativo a observancia da lexislación urbanística, cando estivese motivada pola execución de obras que se consideren ilegais, esténdese ata un ano despois da súa terminación. A xurisprudencia que cita o Concello de Oropesa de Mar en apoio da súa petición non contradí a tese exposta, pois a sentenza do 18 de marzo de 1992 refírese a un suposto distinto, en certa maneira semellante ó da impugnación deducida polas comunidades autónomas a que antes faciamos referencia, pois trátase dunha impugnación interposta, conforme o artigo 63.1.b) LBRL, polos concelleiros dun concello, dun acordo municipal aprobado en contra do seu parecer; a do 1 de xuño de 1984 di xustamente o contrario do que a parte apelante entendeu, pois no seu primeiro considerando reitera a vixencia do prazo establecido no artigo 235.2 TRLS, con independencia de que non se producise nese caso nin a notificación nin a publicación da licenza recorrida, e as do 12 de novembro de 1981 ou 20 de novembro de 1978 refírense a accións exercitadas conforme a Lei do solo, do 12 de maio de 1956, en que a acción pública recoñecida nos seus artigos 223 e 224 non ía acompañada do sinalamento dun prazo para o seu exercicio, e a adopción do criterio do coñecemento efectivo do outorgamento da licenza ou da realidade das obras foi un arbitrio para evita-la inoperancia que ós ditos preceptos conduciría considerar como *dies a quo* para computa-lo prazo para formula-lo preceptivo recurso de reposición ó do outorgamento das licencias impugnadas.

O parágrafo 2º do precepto ha de se pór en relación cos arts. 129 e seguintes da LXCA, que regulan as medidas preventivas.

O teor do art. 66.2, que establece que no caso de que a impugnación contivese, ademais, a petición expresa de suspensión do acto ou acordo impugnado, fundada ou razoada na integridade ou na efectividade do interese xeral ou comunitario afectado, o tribunal acordará a dita suspensión no primeiro trámite subseguinte á presentación da impugnación, débese integrar co que dispón o art. 131 da LXCA. En consecuencia, por primeiro trámite a que se refire o art. 66.2 débese entende-lo incidente preventivo a que se refire o dito art. 131, que se tramitará en peza separada, con audiencia da parte contraria, neste caso a entidade local correspondente, por prazo que non exceda de dez días e que se debe resolver por auto dentro dos cinco días seguintes.

A suspensión, como medida preventiva que é, débese decidir de conformidade co criterio establecido no art. 130 da LXCA, que non é outro que a ponderación circunstanciada, isto é, motivada, dos intereses en xogo (interese xeral ou comunitario e o interese local).

Establece o precepto a posibilidade de alzar en calquera momento, en todo ou en parte, a suspensión decretada, no caso de que dela tivese que derivarse prexuízo ó interese local non xustificado polas esixencias do interese xeral ou comunitario feito valer na impugnación. Unha vez máis, para decidir sobre tal alzamento han de se ponderar aqueles intereses, e deberá completarse a dita previsión co previsto no art. 132.1 da LXCA, no sentido de que as medidas preventivas poderán modificarse ou evocarse durante o curso do procedemento se cambiasen as circunstancias en virtude das cales se adoptasen, pero exclúese a posibilidade de tal modificación ou revogación se se tramita ou pretende nos distintos avances que se vaian facendo durante o proceso respecto á análise das cuestións formais ou de fondo que configuran o debate ou por modificación dos criterios de valoración que o xuíz ou tribunal lles aplicou ós feitos ó decidi-lo incidente preventivo, co que o parágrafo 3º do art. 132 da LXCA exclúe a toma en consideración para tal efecto do *fumus boni iuris* ou aparencia de bo dereito.

3. Suspensión de actos e de acordos (art. 67)

Esta posibilidade de suspensión de actos ou de acordos de entidades locais regúlase no art. 67, ó que lle deu nova redacción a Lei 11/1999. Establece o precepto:

1. Se unha entidade local adoptase actos ou acordos que atenten gravemente o interese xeral de España, o delegado do Goberno, tralo requirimento para a súa anulación ó presidente da corporación efectuado dentro dos dez días seguintes ó da recepción daqueles, poderá sus-

pendelos e adopta-las medidas pertinentes para a protección do dito interese.

2. O prazo concedido ó presidente da corporación no requirimento de anulación non poderá ser superior a cinco días. O do exercicio da facultade de suspensión será de dez días, contados a partir do seguinte ó da finalización do prazo do requirimento ou ó da resposta do presidente da corporación, se fose anterior.

3. Acordada a suspensión dun acto ou dun acordo, o delegado do Goberno deberá impugnalo no prazo de dez días desde a suspensión ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Esta importante facultade ou potestade que a lei pon en mans dos delegados do Goberno para suspender actos ou acordos dunha entidade local que atenten gravemente o interese xeral de España, esixe como requisito previo inescusable o do *requirimento de anulación*. A diferenza dos supostos anteriores, o requirimento non é facultativo.

As dificultades que presenta a interpretación do precepto radican na determinación do que se deba entender por «interese xeral de España», concepto xurídico indeterminado, que pode desnaturalizar esa vía de control, pois córrese o perigo de que sexa utilizada para suspender actos por un simple criterio político (González Pérez).

As novidades que introduce a reforma son:

■ O previo requirimento deberase efectuar dentro dos dez días seguintes ó da recepción dos actos ou dos acordos.

■ Débeselle conceder prazo ó presidente da corporación no propio requirimento, prazo que non poderá ser superior a 5 días.

■ A facultade de suspensión deberase exercitar no prazo de dez días, que contarán desde o seguinte ó da finalización do prazo do requirimento ou ó da resposta do presidente da corporación, se fose anterior.

Mantense a previsión de que a suspensión pode ir acompañada da adopción de medidas pertinentes (preventivas) para a protección do dito interese, así como que «acordada a suspensión do acto ou do acordo, o delegado do Goberno deberá impugnalo no prazo de dez días desde a suspensión ante a xurisdicción contencioso-administrativa. Non rexe, polo tanto, o prazo xeral de dous meses a que alude o art. 46 da LXCA, que no seu parágrafo 6 xa contempla a previsión de que nos litixios entre administracións poida a lei establecer outra cousa no referente ó prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo.

Polo que se refire ó recurso contencioso-administrativo, este instruírase conforme os trámites do procedemento especial previsto no art. 127 da LXCA, denominado «Procedemento nos casos de suspensión administrativa previa de acordos».

Trátase dun procedemento especial previsto para os casos en que, conforme as leis, a suspensión administrativa de actos ou de acordos de corporacións ou entidades públicas deba ir seguida da impugnación ou do traslado destes ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Tramitación:

■ No prazo dos dez días seguintes á data en que se dictase o acto de suspensión ou no que a lei estableza, deberase interpo-lo recurso contencioso-administrativo mediante escrito fundado, ou darse traslado directo do acordo suspendido ó órgano xurisdiccional, segundo proceda, acompañando en todo caso copia do citado acto de suspensión.

■ Interposto o recurso ou trasladado o acordo suspendido, o órgano xurisdiccional requirirá a corporación ou a entidade que o dictase para que no prazo de dez días remita o expediente administrativo, alegue o que estime conveniente en defensa daquel e lles notifique a cantos tivesen interese legítimo no seu mantemento ou na súa anulación a existencia do procedemento, para os efectos da súa comparecencia ante o órgano xurisdiccional no prazo de dez días.

■ Recibido o expediente administrativo, o órgano xurisdiccional porao de manifesto xunto coas actuacións ós comparecidos no procedemento, e convocaraos para a realización da vista, que se producirá como mínimo ós dez días da posta de manifesto do expediente.

■ O órgano xurisdiccional poderá, motivadamente, substituí-lo trámite de vista polo de alegacións escritas, que se presentarán no prazo común dos dez días seguintes ó da notificación do auto en que así se acorde. Poderá tamén abrir un período de proba, para mellor prover, por prazo non superior a quince días.

■ Realizada a vista ou deducidas as alegacións a que se refiren os apartados anteriores, dictarase sentenza mediante a que se anule ou confirme o acto ou o acordo obxecto do recurso, e disporase o que proceda en canto á suspensión.

4. Acción veciñal (art. 68)

Regúlase no art. 68, que non foi afectado pola Lei 11/1999. Establece o precepto:

1. As entidades locais teñen a obriga de exercer-las accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos.

2. Calquera veciño que estea en pleno gozo dos seus dereitos civís e políticos poderá requirír-lle-lo seu exercicio á entidade interesada. Este requirimento, do que se lle dará coñecemento a quen puidesen resultar afectados polas correspondentes accións, suspenderá o prazo para o exercicio destas por un termo de trinta días hábiles.

3. Se no prazo deses trinta días a entidade non acordase o exercicio das accións solicitadas, os veciños poderán exercita-la dita acción en nome e en interese da entidade local.

4. De prospera-la acción, o actor terá dereito a ser reembolsado pola entidade das custas procesuais e á indemnización de cantos danos e perdas lle seguisen.

Como se dixo anteriormente, estamos ante un suposto de substitución procesual ante a inactividade ou a negligencia da entidade local na defensa dos seus bens e dos seus dereitos.

Os problemas que presenta esta institución refírense á lexitimación. Con referencia a tal cuestión valla a seguinte cita xurisprudencial:

STS 10/1/1996

Sométese ó xulgamento da sala no presente recurso de apelación un caso insólito sobre o que, non obstante, existen precedentes na xurisprudencia deste Tribunal Supremo, que se aplicarán para resolver algúns problemas procesuais. Pois ante o tribunal de instancia impugnoue a denegación en virtude dos efectos do silencio da Administración da solicitude dun veciño de que mediante o Pleno do concello, tralo expediente, se intimase ó alcalde e ó primeiro tenente de alcalde o reintegro de cantidades que se dicía que foran indebidamente percibidas en concepto de axudas de custo. Cómpre ter en conta que este é, en definitiva, o acto administrativo impugnado, tanto ante o tribunal de instancia, segundo se deduce do escrito de interposición do recurso, como agora en apelación.

Pero para o correcto axuizamento dos feitos e dos problemas procesuais presentados cómpre ter en conta, así mesmo, que o agora apelante dicía que fundaba en dereito a súa pretensión na substitución prevista no art. 68 da Lei básica de réxime local 7/85, do 2 abril, nos seus aptdos. 2 e 3. Pois o requirimento que lle fixo á corporación foi o de que exercitase as accións procesuais pertinentes en defensa dos bens e dos dereitos do concello contra os que se atentara ó asignar axudas de custo. Posteriormente, ó non ser atendido este requirimento, o acto realizado consiste nunha actuación que pode considerarse insólita xa que practicou, por si e ante si, unha especie de substitución non procesual senón administrativa de maneira que, ante a pasividade da corporación, tramitou un expediente sancionador, formuloulle un prego de cargos ó alcalde e ó tenente de alcalde e elevou ó Pleno do concello proposta de resolución, ante a que este gardou silencio.

Por último, non ha de se esquecer que na solicitude da demanda ante o tribunal de instancia o actor pediu non a anulación do acto impugnado coas consecuencias correspondentes, senón a declaración de que era conforme co dereito o expediente tramitado por el mesmo, co que obrigou ó concello a acepta-la súa proposta de resolución. Foi esta petición a que deu lugar ó pronunciamento do tribunal de instancia, que desestimou o recurso.

Agora ben, aínda que sen dúbida este contén unha desviación procesual dada a non coincidencia entre o acto impugnado e a petición da solicitude da demanda, imponse, superando calquera formalismo, examinar en apelación a totalidade das cuestións formuladas e distinguir entre o acto

impugnado e a extravagante petición que se formulou na demanda ante o tribunal de instancia.

Pero ante todo e con carácter previo, tendo en conta o seu carácter procesual, convén saír ó paso das alegacións do concello apelado non atendidas polo tribunal de instancia, alegacións ás que se alude agora en apelación, aínda que sen insistir nelas.

En primeiro lugar, alégase a falta de lexitimación do actor para interpor o recurso, alegación que debe rexeitarse inmediatamente pois, aínda que non carece de fundamento respecto á acción veciñal –e sobre isto deberase volver–, non se pode negar lexitimación para recorrer en vía contenciosa a quen insta o concello a unha determinada actuación e obtén a denegación por silencio. Por outra parte e polas mesmas razóns, non hai que atender a alegación de que se recorre en vía contenciosa sen interpor recurso de reposición, pois a partir de que se produce a denegación por silencio non é esixible tal recurso.

Por último, a invocación que fai o concello da sentenza deste Tribunal Supremo recaída en xuízo ante as mesmas partes non pode tomarse en consideración senón *ad exemplum* e non desde logo porque supoña a existencia de cousa xulgada, ó se discutiren no caso resolto pola citada sentenza pretensións diferentes.

Resoltos polo tanto os posibles obstáculos procesuais, hai que entrar no fondo do asunto e distinguir neste dous aspectos, que cómpre saber, a pretensión de que se entenda conforme co dereito o expediente estrañamente tramitado polo apelante, e a cuestión a que debeu limitarse o proceso (o que foi impedido pola desviación procesual cometida) de vulga-la denegación municipal de iniciar actuacións mediante o efecto negativo do silencio da Administración, se ben ámbolos dous temas se encontran intimamente conectados.

Esta falta de clarificación en el Título preliminar y disposiciones generales del Decreto se desvanece no obstante en el cuerpo del mismo. Los Títulos siguientes están dedicados el II a la intervención en el uso del suelo y la edificación, el III a la protección de la legalidad urbanística y el IV a las infracciones y sanciones de esta materia. Puede por tanto decirse como conclusión provisional de este apartado sobre los conceptos básicos del Reglamento de disciplina, que éste se mueve plenamente en el marco conceptual de nuestra tradición urbanística, a pesar de una cierta desorientación inicial.

2. En segundo término, debemos referirnos al marco competencial de la disciplina urbanística en general, y de las licencias urbanísticas en particular, tal como ha quedado después de la STC 61/1997. A este respecto, cabe decir que no se llegó a poner en duda que el régimen de la disciplina urbanística en sentido estricto (infracciones y sanciones) tiene carácter autonómico (encaja dentro del concepto de «urbanismo» del art. 148 de la CE), y en este sentido los preceptos correspondientes del TR del 1992 tenían carácter supletorio, sin olvidar por otra parte que buena parte de las CCAA habían venido dictando normas en la materia de disciplina desde comienzos de los años 1980.

Por supuesto, la STC 61/1997 mantiene este mismo criterio según el cual la disciplina urbanística es una materia estrictamente autonómica (cfr. por ejemplo, lo que dice en *passant* en el FJ 34.c}). Por el contrario, en un sentido más amplio –que engloba como se ha dicho la protección de la legalidad urbanística–, las cosas no estaban tan claras. El TR de 1992 atribuía carácter básico a los arts. 248 y 249 en los que se preveía lo sustancial de dicha protección. Pues bien, el TC en el mismo FJ citado estima que dichos preceptos no tienen cobertura constitucional en el art. 149.1.1^a de la CE (condiciones básicas de la propiedad urbana), puesto que ésta solo permite al Estado fijar el estatuto básico de la propiedad del suelo, pero no las concretas medidas de reacción para restaurar la legalidad urbanística infringida. En consecuencia, el TC declara la inconstitucionalidad de ambos preceptos.

¿Qué queda por tanto en pie de la normativa estatal?. Esencialmente, el art. 242. apartados 1 y 6: exigencia de licencia municipal, régimen del silencio administrativo; art. 243.1: competencia municipal para el otorgamiento de las licencias, y apartado 2: necesidad de motivación de las mismas. El carácter básico de estos preceptos se sostiene en distintos títulos competenciales: en el caso de la exigencia de licencia (art. 242.1 del

TR de 1992) en el título genérico de la legislación estatal relativa al suelo, esto es, en las condiciones básicas de la propiedad urbana (exigencia en todo el territorio nacional de la licencia para el ejercicio del derecho a edificar), y aún así reducida a los actos de edificación pero no a los restantes usos del suelo y del subsuelo, porque en ellos no está en juego, según el TC, la materialización del aprovechamiento urbanístico (FJ 34 a} de la STC 61/1997). Por el contrario, la regla sobre el silencio contenida en el art. 242.6 del TR de 1992 se hace derivar de la competencia estatal sobre el procedimiento administrativo común (art. 149,1.18^a). La misma cobertura constitucional habría que atribuir a la exigencia de motivación, recogida en el art. 243.2 del TR de 1992, mientras que la atribución a las entidades locales de la competencia para el otorgamiento de licencia urbanísticas arranca de la legislación local, que en definitiva concreta la autonomía local prevista en la CE.

Este es pues el marco competencial al que hay que sujetar la distribución de competencias entre el Estado y las CCAA en lo que a licencias urbanísticas se refiere, bien limitado por cierto. Y en la medida en que la Ley 6/1998 sobre régimen del suelo y valoraciones ni ha incorporado dichos preceptos ni los ha modificado en absoluto, hay que entender que sigue vigente en cuanto a los mismos el TR de 1992. Ellos constituyen pues los mínimos que en esta materia ha de respetar forzosamente la CA.

3. El régimen de las licencias

El art. 168 de la Ley gallega establece la necesidad de licencia municipal de todos los actos de edificación y uso del suelo, con una larga lista que refleja la de la legislación estatal precedente. Prevé también la compatibilidad con las concesiones o autorizaciones pertinentes en el dominio público; regula el silencio en los términos de la legislación estatal, o dicho de otro modo, por remisión a la legislación de procedimiento, pues estamos ante una materia de competencia estatal: por último, deja claro que la competencia para otorgar estas licencias corresponde a los Ayuntamientos. Por su parte, el Reglamento desarrolla todas estas cuestiones del art. 9 al art. 19, pudiendo destacarse de la regulación conjunta de la Ley y el Reglamento ante todo una impresión de profunda continuidad con respecto a la legislación estatal hasta ahora en vigor. Vamos a hacer una breve síntesis de los aspectos más relevantes de ambos textos.

a) Los rasgos básicos de las licencias urbanísticas están previstos en el art. 12, que alude al carácter reglado de las mismas por un lado («se otorgarán de acuerdo con las previsiones de la legislación y del planeamiento urbanísticos»), y la exigencia de motivación en caso de denegación. Nada nuevo supone esto, que por lo demás –como ya se ha dicho– ha de entenderse que corresponde al contenido básico del régimen de las licencias urbanísticas. En relación con el carácter reglado de las licencias

urbanísticas, el art. 11.3 prevé sin embargo la denegación de las mismas cuando los terrenos o bienes afectados pertenezcan al dominio público, norma extraída del TR de 1992 y éste a su vez del RDU, cuya importancia práctica es indudable.

b) En relación con la compatibilidad entre las licencias urbanísticas y otras resoluciones administrativas, tanto la Ley gallega en el art. 168 como el Reglamento de DU en el art.11 dejan claro no solo la necesidad e independencia de ambos actos, sino también que la licencia urbanística se sitúa al final del proceso, es el último escalón, y por tanto el art. 11.2 del Reglamento dirá que, «La falta de autorización o concesión o su denegación (se sobreentiende sobre el dominio público) impedirá al particular obtener la licencia y al órgano competente otorgarla». Lo cual tiene cierta importancia, porque no solo queda clara la independencia de ambas resoluciones, sino una especie de efecto de cierre en el proceso conjunto, que la falta de autorización o concesión sobre el dominio público provoca. La licencia urbanística se sitúa así en un papel subordinado y secundario o instrumental de la concesión o autorización sobre el dominio público.

El juego o compatibilidad con otras autorizaciones se pone de relieve también en el art. 13.2 a propósito de los usos en suelo rústico, que regula el art. 77 de la Ley. Se trata por supuesto del suelo rústico común, en el que en un procedimiento bifásico –primero la autorización autonómica, más tarde la licencia municipal– se permite la realización de las obras previstas en el citado art. 77. A este supuesto hay que añadir la adicional 3^a. 2 que para el caso de edificaciones que pretendan construirse en núcleos rurales preexistentes establece asimismo este doble procedimiento. Pues bien, lo que importa subrayar en este momento es que también aquí la licencia municipal está concebida de forma instrumental o accesorio, de manera que sin la acreditación de la autorización autonómica no es posible la concesión de la licencia municipal.

Este mismo rasgo instrumental de la licencia urbanística –obviamente ante el temor de que se pueda utilizar para realizar actividades que no cuentan con las habilitaciones precisas– se observa en el mismo art. y apartado en el inciso final: los Ayuntamientos no podrán conceder licencias urbanísticas sin la aportación de las preceptivas autorizaciones sectoriales que deban otorgar otras Administraciones, lo que es de aplicación en definitiva a todos los casos que estamos viendo: a las de dominio público, a las restantes sectoriales o al aprovechamiento del suelo rústico, del mismo modo que preveía el art. 2.1 del RDU de 1978 para el caso de las concesiones o autorizaciones sobre el dominio público.

c) Interés práctico reviste también la distinción entre las obras mayores o menores a efectos de la concesión y la tramitación de las licencias urbanísticas. La distinción se encuentra recogida en el art. 14.2, que de-

fine las obras menores («obras e instalaciones de sencilla técnica...»), y excluye en todo caso de esta condición las parcelaciones urbanísticas, cierres de muro, las intervenciones en edificios de interés cultural y los grandes movimientos de tierra.

Las consecuencias de la consideración de una obra como menor son esencialmente dos: por un lado, no es necesaria la presentación de proyecto técnico, de acuerdo con el art. 14.2; por otro, el plazo para la resolución –y el plazo para la producción del silencio, en consecuencia– son distintos, a tenor del art. 16: un mes para las obras menores, tres meses para las mayores.

El Reglamento regula con bastante precisión el proyecto técnico, que concreta el art. 14.3 («conjunto de documentos...»). Vale la pena señalar que en el mismo art. 14.3 se exige al proyecto técnico la justificación del cumplimiento de la norma prevista en el art.59 de la Ley, esto es, la adaptación al ambiente en el que las construcciones estuvieren situadas. Ya sea en lugares de carácter histórico, artístico, etc..., ya sea en lugares de paisaje abierto y natural, rural o marítimo y en general la congruencia con las características del entorno. Lo cierto es que dicho art. 59 permite a la Administración municipal un amplio margen de maniobra, cuya concreción en lo que se refiere a la solicitud del particular se produce en el proyecto técnico, y en lo que se refiere a las garantías frente a la Administración en caso de denegación de la licencia, hay que tener presente que todas las denegaciones habrán de ser motivadas.

e) Un capítulo aparte merece el tratamiento de los plazos en el Reglamento, tema que se regula en los arts. 16.1 18 y 19. La regulación de los plazos en general, y en particular los relativos a la edificación, están contenidos en la Ley gallega en los arts. 81 y sigs. Conviene destacar sobre todo los arts. 83 y 84, que permiten la modificación de los mismos, previendo a continuación el art. 85 las consecuencias de su incumplimiento.

Una interpretación adecuada de la Ley gallega en este punto exige tener en cuenta el momento en que fue promulgada. En efecto, la Ley de 24 de marzo de 1997 es elaborada y aprobada bajo la vigencia plena del TR de 1992, y justo antes de la STC 61/1997, que dejaría mermadas buena parte de las potencialidades de aquel texto, como es bien sabido. El cumplimiento de los plazos en el TR de 1992 tenía un carácter ciertamente central, en el proceso de adquisición de facultades urbanísticas, y por ello la Ley gallega forzosamente tenía que reflejar la importancia de los plazos en el proceso urbanizador y edificatorio. Si bien de forma premonitoria, y en los preceptos que se han citado, procura mitigar las consecuencias más duras de la legislación estatal del momento, reduciendo en definitiva la rigidez que se le achacaba: de ahí que el legislador gallego mitigue el régimen de los plazos a través de varias fórmulas para proceder cuando se considera conveniente a su modificación.

Al analizar el Reglamento sorprende que los preceptos citados de la Ley no sean objeto de desarrollo alguno. Lo cual puede obedecer a dos razones: o bien se ha considerado suficiente la regulación legal; o bien la nueva situación creada a raíz de la STC 61/1997 en relación con los plazos de la urbanización y edificación hace que éstos pierdan la trascendencia que tenían.

En efecto, el Reglamento prevé, como ya se ha dicho, la distinción entre obras mayores y menores en relación con los plazos en el art. 16.1 (1 mes, 3 meses), a efectos de la resolución y del plazo del silencio administrativo. El art. 18 prevé la habitual fijación en la licencia de dos plazos: el de comienzo y el de terminación de las obras, debiendo establecer el planeamiento general los plazos de caducidad por razón de demora, tal como establece el apartado 2. Caducada la licencia, ha de obtenerse nueva licencia que habrá de ajustarse a la ordenación en vigor (esto es, la nueva en su caso). Y el art. 19 regula la concesión de prórrogas, con una serie de cautelas.

De ambos preceptos, 18 y 19, se desprende desde luego la nula preocupación por desarrollar los arts. 81 y sigs. de la Ley, como se ha dicho, y la insistencia en regular la caducidad de las licencias y las prórrogas, sin atribuirles consecuencia alguna de decaimiento del derecho de edificación, lo que corrobora a mi entender la opinión aquí expuesta.

f) En cuanto a la obtención de la licencia por silencio, ya se ha dicho que la Ley se remite a la legislación estatal de procedimiento administrativo, lo mismo que el Reglamento (art. 16.1). Con la advertencia, procedente de la legislación estatal, de que no se entenderán adquiridas por silencio licencias en contra de la legislación o del planeamiento (art. 16.2 del Reglamento).

g) Por último, valga reseñar que el Reglamento en el art. 16.4 prevé la aplicación de la normativa vigente en el momento de la concesión u otorgamiento, y no la vigente en el momento de la solicitud, como en parte se había venido entendiendo.

h) Otro rasgo destacado de la Ley, y por tanto del Reglamento, es la ausencia del tradicional visado urbanístico colegial que se preveía en los arts. 46-50 del RDU. De hecho, ya el art. 242.7 del TR de 1992 dejaba en manos de las CCAA acudir o no al visado dado su carácter supletorio. Pues bien, tanto la Ley gallega como el Reglamento, en el art. 12.2, hacen caso omiso del visado colegial, lo que por otra parte se aprecia también en otras normas urbanísticas autonómicas.

i) En último lugar de exposición, pero no en importancia, el art. 9 del Reglamento atribuye a la licencia dos finalidades: comprobar que el proyecto se ajusta al ordenamiento urbanístico vigente, y si el aprovechamiento proyectado se ajusta al susceptible de apropiación. Se trata de la aplicación al ámbito de las licencias de los arts. 108 y sigs. de la Ley a própo-

sito de las transferencias de aprovechamiento urbanístico, en que la Ley gallega introduce leves variaciones sobre lo previsto en el TR de 1992, arts. 185 y sigs.

4. El papel de la Administración autonómica en materia de disciplina urbanística.

Una de las particularidades más destacadas del Reglamento de disciplina es la decidida apuesta por dotar a la Xunta de poderes jurídicos propios y extensos en materia de protección de la legalidad urbanística y disciplina. Ya en los primeros arts. del Reglamento se advierte este propósito. Así, el art. 2.1 atribuye a la Xunta y a las Entidades locales velar por el cumplimiento de la legalidad urbanística, y en el apartado 2 del mismo art. se dispone la recíproca información y colaboración a este respecto sin limitación de ningún tipo. Una y otra vez el Reglamento insistirá en el carácter necesario e inexcusable del ejercicio de las competencias relativas a la disciplina urbanística, como se advierte entre otros en el art. 5 («En ningún caso podrá la Administración –hay que entender, tanto la autonómica como las locales– dejar de adoptar las medidas tendentes a restaurar el orden urbanístico vulnerado...»).


El fortalecimiento del papel de la CA se ciñe no obstante a lo relativo de la protección de la legalidad y a la disciplina urbanísticas, no al otorgamiento de licencias, en que el art. 13 no deja la menor duda de que nos hallamos ante una competencia estrictamente municipal (con la salvedad de las autorizaciones autonómicas previas en los supuestos del art. 13.2, a las que nos hemos referido).

En este punto la legislación gallega no hace sino reflejar la preocupación por el estado de indisciplina que ha caracterizado el sector, extrayendo las consecuencias oportunas, como ya veremos a continuación.

La intervención autonómica en la relativo a la disciplina urbanística, se canaliza a través de la inspección urbanística, y a grandes rasgos puede decirse que la CA puede intervenir de dos modos, bien ejerciendo una competencia propia o en sustitución de los Ayuntamientos. El art. 110 que regula la inspección urbanística de la CA resume ambos modos de intervención, en los que la importancia del papel de la CA y el grado de intensidad de la intervención naturalmente verían.

Hay que referirse por un lado a aquellas intervenciones motivadas por el incumplimiento de las Entidades locales, esto es, la sustitución, a que se refiere el art. 68 del Reglamento. En caso del citado incumplimiento local, el Conselleiro requerirá a la autoridad local a su cumplimiento con indicación de plazo; si persistiese aquél, se pondrá el asunto en conocimiento del Ministerio Fiscal; y en todo caso dicho incumplimiento será causa de revocación de las competencias en materia urbanística delegadas en el correspondiente Ayuntamiento. No hay aquí innovaciones dig-

nas de relieve sobre lo que ha sido norma habitual en nuestro Derecho sobre la sustitución por incumplimiento.

Sí la hay sin embargo en otro supuesto, porque la legislación gallega contempla también la posibilidad de una intervención directa o propia de la CA en caso de ciertas infracciones de la legislación urbanística especialmente graves. Se trata de los supuestos previstos en los arts. 58 y 67 (actos sin licencia u orden de ejecución sobre terrenos calificados como zonas verdes, espacios libres, dotaciones, equipamientos o suelo rústico con especial protección; o de licencias u órdenes de ejecución otorgadas ilegalmente sobre los mismos espacios), en que el art. 59 atribuye al Conselleiro la competencia para la adopción de las medidas de protección de la legalidad urbanística que procedan. Bien es verdad que no desaparece la intervención municipal, pues el mismo precepto ordena a los Alcaldes la suspensión o paralización inmediata de las actividades, pero dejando bien claro que se dará traslado inmediato de las actuaciones al Conselleiro. La intervención municipal se sitúa por tanto en un plano de colaboración de la CA, sin un perfil claramente decisorio. Esto se advierte en el art. 118 del Reglamento que regula los distintos procedimientos de la inspección urbanística en que la CA ejerce una competencia propia. Queda claro en el apartado 1.c) que la inspección propone al órgano competente (el Conselleiro) una serie de actuaciones para contrarrestar la ilegalidad cometida, actuaciones coincidentes con las que corresponden a las autoridades locales en los supuestos en que éstas son competentes. 

INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS *

Juan Carlos Prado del Valle

Xefe do Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial
da Xunta de Galicia

1. Introducción

Antes de entrar a analiza-la regulación contida na lexislación urbanística de Galicia respecto das infraccións e sanciónns, resulta indispensable sinalar que nos movemos dentro da órbita do dereito administrativo sancionador e que, polo tanto, non só o exercicio da potestade sancionadora, senón a propia regulación das infraccións e sanciónns e os correspondentes procedementos, deben respecta-las disposicións contidas no título IX -«Da potestade sancionadora»- da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Xa o Tribunal Supremo considerara que o dereito administrativo sancionador debía someterse ós principios básicos do dereito penal (o principio de legalidade, a esixencia de tipificación concreta, etc.), pero a partir do establecemento no artigo 25-1 da Constitución do principio de legalidade material conxuntamente para o delicto, a falta e a infracción administra-

* Contido da intervención desenvolvida na Xornada sobre o Regulamento de disciplina urbanística de Galicia realizada na EGAP o día 27 de setembro de 1999.

tiva, é a xurisprudencia do Tribunal Constitucional a que sentou as bases da interpretación predominante hoxe en día, que lles impuxo, se ben con matices, a aplicación dos principios do dereito penal ós ilícitos administrativos. E non só os principios materiais ou substantivos, senón tamén os que lle afectan ó procedemento, os que se refiren ós dereitos e garantías contempladas no artigo 24-2 CE. Esta posición foi obxecto de críticas ó considerar que conduce a un procedemento hipergarantista en disputa coa eficacia e proximidade que demanda o exercicio da potestade sancionadora da Administración.

O feito certo é que, recollendo esa consolidada xurisprudencia, a Lei 30/1992 regula os principios da potestade sancionadora (legalidade, tipicidade, irretroactividade, responsabilidade, proporcionalidade) e os principios do procedemento sancionador (garantías do procedemento, dereitos do presunto responsable, presunción de inocencia ...), co carácter de lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149-1-18ª CE, destinada a garantirles ós administrados un tratamento común ante as administracións públicas, sen prexuízo do establecemento dos procedementos materiais concretos como cuestión que lle afecta a cada Administración pública no exercicio das súas competencias.

Non obstante o Estado aprobou, mediante Real decreto nº. 1398/1993, do 4 de agosto, o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e ante a ausencia dunha norma similar de carácter xeral para a Comunidade Autónoma galega, como sucede noutras comunidades, o Regulamento de disciplina urbanística remítese expresamente ó estatal.

Evidentemente, o estudio do dereito administrativo sancionador excede o obxecto desta exposición; sen embargo será en todo caso ineludible referirse tanto á Lei 30/92 como ó citado regulamento ó tratar máis adiante cuestións concretas directamente relacionadas coas súas determinacións.

Desde outra perspectiva, a do ordenamento sectorial urbanístico, debe indicarse que, ó igual que no resto de comunidades autónomas, a lexislación urbanística de Galicia se mantén dentro do esquema tradicional do dereito urbanístico vixente en España, sen prexuízo da introducción de certas peculiaridades.

A Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, despois de referirse no seu artigo 2, entre os aspectos da función urbanística (que se corresponden cos títulos en que esta se estrutura), á *intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística*, sinala no seu artigo 3-6 como funcións que comprende a competencia a prol da protección da legalidade urbanística as seguintes:

- a) Inspecciona-las obras, edificacións e usos do solo para comproba-lo cumprimento da legalidade urbanística.

b) Adopta-las medidas necesarias para a restauración da orde urbanística vulnerada e repoñe-los bens afectados ó estado anterior á produción da situación ilegal.

E por último

c) Sanciona-los responsables das infraccións urbanísticas.

De conformidade co previsto na disposición transitoria terceira da propia lei, mediante Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, aprobouse o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, que completa e sistematiza a regulación legal. Así, entre outras disposicións de carácter xeral, establece no seu artigo 4, en consonancia co artigo 181-2 da lei, que:

Toda actuación que contradiga as normas ou o planeamento urbanístico en vigor poderá dar lugar á:

a) adopción por parte da Administración competente das medidas precisas para que se proceda á restauración da orde xurídica infrinxida e da realidade física alterada ou transformada como consecuencia da actuación ilegal.

b) iniciación dos procedementos de suspensión e de anulación dos actos administrativos nos que presuntamente puidese ampararse a actuación ilegal.

c) imposición de sancións ós responsables, trala tramitación do correspondente expediente sancionador, sen prexuízo das responsabilidades de orde penal en que se puidese incorrer.

d) A obriga de resarcimento de danos e indemnización de perdas a cargo dos que sexan declarados responsables.

Así mesmo sinala no seu artigo 2-1 que a intervención administrativa no uso do solo e na edificación, as medidas de protección da legalidade urbanística e as relativas ó procedemento sancionador son de exercicio inescusable para conseguí-los obxectivos enumerados na Lei do solo (art. 2-1 RDUG).

Aínda que existe unha forte conexión e interdependencia entre as distintas medidas de reacción fronte ás condutas que vulneran o ordenamento urbanístico, o que obrigará a facer referencia ás medidas de protección da legalidade, en principio debemos concreta-la exposición á regulación contida nos artigos 181 a 187 da Lei do solo (título VI, capítulo II, sección segunda) e no título IV do regulamento, artigos 69 a 106, sen pretende-la súa exposición exhaustiva e sistemática, senón ó contrario sucinta e con referencia a cuestións puntuais de interese, ben polo seu carácter novo, por suscitar en diversas interpretacións ou outras razóns que xustifiquen o seu comentario.

2. Infracción urbanística: concepto e tipificación

Arts. 181-1 e 182-1-2-3 e 4 LSG.

Arts. 69 e 70 RDUG.

Arts. 128-129 LRX.

De conformidade cos principios de legalidade, antixuridicidade e tipicidade recollidos na Lei 30/92, defínense as infraccións urbanísticas como *as accións ou omisións que vulneren as prescricións contidas na lexislación e o planeamento urbanístico, tipificadas e sancionadas naquela* (art. 181. LSG e 69 RDUG). Quedan así excluídas outras condutas ou actuacións que vulneren a legalidade urbanística pero que non foran tipificadas, que non poderán ser obxecto de sanción, sen prexuízo doutras consecuencias que se prevegan na lexislación e no caso de que se trate de actividades administrativas da utilización das vías para a revisión dos actos administrativos.

Conforme as previsións da LRX, a Lei do solo clasifica as sancións en moi graves, graves e leves, coa seguinte tipificación, reproducida no regulamento:

2.1. Infraccións moi graves

Son infraccións moi graves as accións ou omisións que constitúan incumprimento das normas relativas ó uso e edificación que afecten a ZONAS VERDES, ESPACIOS LIBRES, DOTACIÓN, EQUIPAMENTOS OU SOLO RÚSTICO CON ESPECIAL PROTECCIÓN.

E, así mesmo, a parcelación urbanística en solo rústico e a realización de obras de urbanización sen a previa aprobación do planeamento e proxecto de urbanización esixibles.

Non supón esta regulación unha ruptura coa situación anterior, pois o Regulamento de disciplina urbanística de 1978 xa contiña previsións específicas para graduar as sancións cando as infraccións en materia de parcelación ou de edificación e uso do solo afectaban a terreos que pola súa clasificación (solo non urbanizable común e protexido) ou pola súa cualificación (sistemas xerais de equipamento social ou comunitario, de transportes, de zonas verdes ou espazos libres), determinaban a imposición de maiores sancións ou a súa aplicación en grao máximo.

Ó propio tempo esta tipificación das faltas moi graves incardínase co réxime especial protector das zonas verdes e espazos libres (que o artigo 255 do TRLS 92 xa estendía ó solo non urbanizable protexido) e que agora se amplía incluíndo ademais do solo rústico protexido, as dotacións e equipamentos.

A auténtica novidade é a contida respecto da protección da legalidade con ocasión de actuacións sen licencia ou sen axustarse ás súas condicións levadas a cabo sobre estes terreos, ó atribuírle a competencia á

comunidade autónoma (art. 180 LSG) os órganos da cal son así mesmo os competentes para a imposición das sancións por faltas moi graves (art. 186 LSG).

Por outra parte, é unha tendencia xeral constatable nas diversas leis autonómicas a de incrementa-la protección urbanística de determinados espazos pola concorrencia de valores que demandan unha superior protección, e que culminou coa inclusión no novo Código penal dos delitos contra a ordenación do territorio.

Conectado co principio de legalidade e co de irretroactividade das disposicións sancionadoras debe recordarse que en ningún caso resultan de aplicación as determinacións relativas a infraccións moi graves a condutas acaecidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei do solo de Galicia, ás que resultará aplicable a regulación anterior vixente cando se cometeron.

2.2. Infraccións graves

Sono as accións e omisións que constituían incumprimento das normas relativas a parcelacións, aproveitamento urbanístico, uso do solo, altura, volume, situación das edificacións e ocupación permitida da superficie das parcelas, salvo que se demostre a escasa entidade do dano producido ós intereses xerais.

A dicción do precepto coincide co artigo 262-2 do TRLS de 1992, do que é tributaria a LSG, redactada e aprobada con anterioridade ó pronunciamiento do Tribunal Constitucional que declarou inconstitucional gran parte do citado texto. Unicamente incorpora como novidades a referencia ó incumprimento das normas relativas ó aproveitamento urbanístico, e a supresión do último inciso que estendía a referencia da escasa entidade, tanto respecto do dano producido como do risco creado, para efectos de considerar como leve a infracción.

2.3. Infraccións leves

Considéranse infraccións leves as infraccións do ordenamento urbanístico que non teñan o carácter de graves ou moi graves e, en todo caso, a execución de obras ou instalacións sen licencia ou orde de execución cando sexan legalizables por seren conformes co ordenamento urbanístico.

Non parece que as esixencias derivadas do principio de tipicidade permitan considerar como infracción leve calquera infracción do ordenamento urbanístico que non sexa moi grave ou grave, salvo que estea concretada tanto a súa tipificación como a da correspondente sanción no propio regulamento, como así sucede en relación con determinados incumprimentos contemplados na súa sección quinta.

3. Os delitos urbanísticos

Mediante a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, aprobouse o novo Código penal, que entrou en vigor ós seis meses da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* do 24/11/1995.

O novo código, no que o título XVI regula os «Delictos relativos á ordenación do territorio, e a protección do patrimonio histórico e do medio», introduciu no noso ordenamento o delito urbanístico, o que xa se intentara no proxecto de Código penal de 1980, e que non só se corresponde co que ocorre noutros países do noso contorno (Francia, Italia, Bélxica ...) senón que responde a unha demanda crecente na nosa sociedade dunha maior protección de intereses colectivos relativos a bens constitucionalmente protexidos, encadrables no concepto amplo de medio natural. Resulta ademais que o propio artigo 45 da CE prevé a sanción penal para quen viole o deber de utilización racional dos recursos naturais, entre os que evidentemente está o solo.

Establécense tres tipos de ilícitos:

■ Levar adiante unha construción non autorizada en solos destinados a viais, zonas verdes, bens de dominio público ou lugares que teñan legal ou administrativamente recoñecido o seu valor paisaxístico, ecolóxico, artístico, histórico ou cultural, ou polos mesmos motivos se consideraran de especial protección. (art. 319-1 CP).

Debe resaltarse a parcial coincidencia coas infraccións moi graves da lexislación galega.

■ Levar a cabo unha edificación non autorizable no solo non urbanizable (art. 319-2 CP).

En ámbolos dous supostos recóllense como suxeitos responsables promotores, constructores e técnicos directores, a semellanza da regulación urbanística.

■ Ter informado favorablemente proxectos de edificación ou a concesión de licencias contrarias ás normas urbanísticas vixentes, ou ter resolto ou votado a favor da súa concesión (art. 320 CP).

Esta regulación foi obxecto de duras críticas con múltiples argumentos (carácter xenérico da tipificación, ó supoñe-la técnica utilizada a existencia dunha norma penal en branco, que se integra por remisión ás disposicións administrativas, en contra do principio de *lex certa*; que a protección do artigo 319-1 non é de carácter substantivo, senón das potestades administrativas; que non se adecua a regulación ó principio de mínima intervención penal; que non resultan incluídas nos tipos as parcelacións urbanísticas, etc., etc.), se ben o que interesa destacar agora é o superposición que se produce cos ilícitos administrativos urbanísticos, en particular o tipo de prevaricación agravada ou prevaricación urbanística ó referirse

xenericamente a proxectos ou licencias *contrarios ás normas urbanísticas vixentes*, e que determina a especial operatividade do artigo 274 TRLS 92 con posterioridade á nova regulación penal.

A plena concorrencia da resposta penal e da sancionadora vai ser, estao sendo xa, fonte de múltiples problemas de difícil solución.

4. Concorrencia de sancións

O principio *non bis in idem* determina que non se poidan sancionalos feitos que foran sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade do suxeito, feito e fundamento de dereito, segundo dispón o artigo 133 LRX.

En relación con iso o artigo 71 do regulamento, en consonancia co artigo 274 TRLS 92, que non foi derogado pola Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, establece que cando con ocasión da tramitación dos expedientes administrativos que se instrúan por infraccións urbanísticas se desprendan indicios de ilícito penal poñerase en coñecemento do Ministerio Fiscal e suspenderase a tramitación do expediente en tanto non recaía resolución do Ministerio Fiscal ou resolución xudicial firme.

O artigo 274 TRLS-92 refírese unicamente a que se produza pronunciamiento da autoridade xudicial, polo que a resolución do Ministerio Fiscal contraria á prosecución da vía penal non impedirá, no seu caso, que a Administración acuda directamente ós órganos xudiciais. Ó propio tempo contrasta a referencia á mera resolución do Ministerio Fiscal (que de non apreciar indicios de delicto, consistirá normalmente en decidila non iniciación ou o arquivo dunhas dilixencias previas) coa esixencia de firmeza da resolución xudicial.

Polo que se refire á posible concorrencia con outras infraccións administrativas prevese, en termos similares ó disposto no artigo 9 do regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, a oportuna comunicación ó órgano que se considere competente.

A diversidade da lexislación sectorial e das infraccións e sancións establecidas nas diferentes leis determina, de feito, que unha mesma conducta poida incorrer en múltiples infraccións administrativas, que se ben teñen o seu fundamento en disposicións distintas, en moitas ocasións están dirixidas á protección dos mesmos valores ou intereses xurídicos. Así ocorre coas proteccións dos espazos naturais, do medio ou do patrimonio histórico, xa que concorren as establecidas na súa lexislación específica coas dimanantes do planeamento urbanístico, e así mesmo coas establecidas noutro tipo de lexislacións especiais, como as reguladoras dos residuos ou dos vertidos.

Pois ben, se se repara nas previsións que nesta materia conteñen as distintas leis especiais ou sectoriais hase de concluír que estamos diante unha situación que non pode senón considerarse como insatisfactoria: así unha mesma conducta pode merece-la cualificación de leve, grave ou moi grave nas distintas normas e incluso incorrer en ilícito penal, con previsión de sancións pecuniarias con gran diversidade de contías e para a imposición das cales resultan competentes órganos de moi distinto rango.

Por outra parte, algunhas disposicións unicamente conteñen a tipificación de infraccións e sancións, aínda que outras conteñen regras ó respecto; así no artigo 85-2 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, que exclúe expresamente a duplicidade de sancións, ou no art. 37.4 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais, onde se establece que *en ningún caso se imporá unha dobre sanción polos mesmos feitos e en función dos mesmos intereses protexidos, se ben deberán esixirse as responsabilidades que se deduzan doutros feitos ou infraccións concurrentes*.

A Sentencia 234/1991, do Tribunal Constitucional establece a doutrina de que a dualidade de sancións por un mesmo feito só é admisible constitucionalmente cando as dúas normativas contemplan os feitos desde a perspectiva de distintos intereses xurídicos protexidos.

En ausencia de normas máis concretas, cando un mesmo feito poida constituír infracción non só de conformidade coa lexislación urbanística senón tamén en función doutras regulacións, non bastará a simple comunicación senón que parece esixible e necesaria unha maior coordinación e cooperación entre os órganos que resulten competentes que permita coñecer-las actuacións que cada un realice e, de se-lo caso, se se sancionou. De todas maneiras deberán terse especialmente en conta as esixencias derivadas do principio de proporcionalidade na tramitación dos procedementos sancionadores en que se poida produci-la concorrencia.

5. Persoas responsables

Art. 184 LSG.

Art. 180 LRX.

Art. 72 e 73 RDUG.

Mantense a distinción segundo se trate de obras sen licencia ou amparadas nunha licencia que constituía manifestamente unha infracción urbanística grave ou moi grave.

No primeiro suposto son responsables as persoas físicas ou xurídicas que interveñan en calidade de promotor, empresario das obras e técnico director. No segundo **serán igualmente sancionados** o facultativo que informase favorablemente o proxecto e as autoridades ou membros da corporación que

resolvesen ou votasen a favor do outorgamento da licencia sen os informes previos esixibles ou cando estes fosen desfavorables en razón daquela infracción. Debe recordarse que o artigo 12 do regulamento dispón que para o outorgamento das licencias serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

Baixo a vixencia do TRLS de 1976 e do RDU de 1978 xa se discutiu se a expresión legal e regulamentaria *igualmente serán sancionados* supoñía que tamén serían sancionados os responsables nos supostos de obras sen licencia. Parece que debe concluírse, en principio, negativamente na medida en que está prevista a posibilidade de esixencia de responsabilidade á Administración por anulación de licencias no artigo 44-2 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

Nesta materia o regulamento introduce como novidade a presunción *iuris tantum* de considerar promotor o propietario do solo sobre ou baixo o que se realiza ou realizou a infracción.

Aínda que parece unha omisión involuntaria o certo é que no art. 72-3 RDUG non aparece o carácter manifesto da infracción, que si esixe o art. 184-2 da lei, á que haberá que aterse, se ben, á vista da interpretación xurisprudencial do que ha de entenderse por manifesto (claro, patente, evidente, que non esixe esforzo de interpretación, etc.), resultará moi difícil que nestes supostos non nos encontremos ante un delicto urbanístico dos contemplados no artigo 320 do Código penal.

6. Regras para a aplicación das sancións

Art. 131 LRXAP.

Art. 182, 184, 185 LSG.

Art. 74 a 79 RDUG.

Baixo este título agrúpanse no regulamento, xunto cos criterios de graduación das sancións, unha serie de preceptos reflexo dos principios de responsabilidade e de proporcionalidade que conteñen determinacións para a aplicación das sancións, como o carácter independente entre si das sancións que se lles impoñan ós distintos suxeitos por unha mesma infracción, ou a imposición das sancións con independencia das demais medidas previstas no regulamento.

Mantéñense determinadas previsións contidas xa na lexislación precedente como son:

■ A imposición unicamente e na súa máxima contía da sanción correspondente ás actuacións que supoñan o resultado final perseguido, cando se trate de dúas ou máis infraccións entre as que exista conexión de causa e efecto, como excepción á regra xeral de impoñer tantas sancións como infraccións se cometan.

■ A interdicción do beneficio económico para o infractor mediante o incremento da contía da multa ata acadalo cando for superior á suma da sanción e do custo das actuacións de reposición.

Debe destacarse a seria dificultade para a fixación do referido beneficio no seo do procedemento sancionador.

Como novidade, o artigo 77 RDUG establece a base para o cálculo das multas consistentes nunha porcentaxe do valor da obra ou da instalación realizada, que estará integrada polo custo dos materiais ou da instalación e o da súa execución ou implantación, excluídos o beneficio empresarial, honorarios profesionais e impostos.

A Lei do solo mantivo as referencias ó valor da obra realizada que introducira o TRLS de 1992, e abandonou a referencia ó valor da obra projectada que contiña a lexislación de 1976, pese a que o Tribunal Supremo tivera ocasión de pronunciarse ó respecto sen que formulase reparos a esta forma de regula-lo cálculo da contía das sancións, aínda que sen dúbida se axusta máis ás esixencias dos principios da potestade sancionadora a actual regulación.

7. Graduación das sancións

De conformidade co artigo 185 LSG e 79 do regulamento *para graduar as multas atenderase primordialmente á gravidade da materia, á entidade económica dos feitos constitutivos de infracción, á reiteración por parte da persoa responsable e ó grao de culpabilidade de cada un dos infractores.*

Así mesmo, no art. 79 RDUG recóllense as seguintes circunstancias agravantes e atenuantes:

1. Son circunstancias que agravan a responsabilidade dos culpables dunha infracción urbanística:

- a) O aproveitarse, para cometela, da titularidade dun oficio ou dun cargo público, excepto que o feito constitutivo da infracción se realizase, precisamente, no exercicio do deber funcional propio do cargo ou do oficio.
- b) A utilización de violencia ou de calquera outro tipo de coacción sobre a autoridade ou o funcionario público encargado do cumprimento da legalidade urbanística ou mediante suborno.
- c) O cometela alterando os supostos de feito que presuntamente lexitimen a actuación, ou mediante a falsificación dos documentos nos que se acreditase o fundamento legal da actuación.
- d) O incumprimento dos requirimentos efectuados pola Administración para a paralización das obras e a restauración da legalidade urbanística e a denegación do acceso ós terreos ou ás construcións ós funcionarios encargados da inspección urbanística.

e) O realizala aproveitándose ou explotando en beneficio propio unha grave necesidade pública ou de particular ou de particulares que resultasen prexudicados.

2. Son circunstancias concorrentes que atenúan a responsabilidade dos culpables dunha infracción urbanística:

a) O non ter intención de causarlle dano grave ós intereses públicos ou privados afectados polo feito ilegal.

b) O ter procedido o responsable a corrixi-la situación creada pola comisión da infracción.

3. Son circunstancias que, segundo cada caso, poden agravar ou atenuar-la responsabilidade:

a) O maior ou menor coñecemento técnico dos pormenores da actuación, de acordo coa profesión ou actividade habitual do responsable.

b) O maior ou menor beneficio obtido da infracción ou, de se-lo caso, o realizala sen consideración ningunha ó posible beneficio económico que dela se derive.

c) A maior ou menor magnitude física do dano producido.

d) A maior ou menor dificultade técnica para devolve-lo terreo ó seu estado inicial.

E por último establécense os criterios para a graduación das sancións en función da concorrencia ou non de circunstancias agravantes nos seguintes termos:

1. Cando no feito concorra algunha circunstancia agravante, a sanción imporase sempre na súa contía máxima.

2. Se concorre algunha circunstancia atenuante, a sanción imporase na súa contía mínima.

3. Cando concorresen circunstancias atenuantes e agravantes, estas compense de forma racional para a determinación da sanción, e ponderarase razoadamente a transcendencia dunhas e doutras.

4. Cando non concorran circunstancias atenuantes nin agravantes, a Administración imporá a sanción na súa contía media (art. 78 RDUG).

8. Órganos competentes

De conformidade co disposto no artigo 186 LSG a competencia para a imposición de sancións por infraccións moi graves correspóndelle á comunidade autónoma: ata 100 millóns ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e ó Consello da Xunta a partir do dito importe; e para sanciona-las faltas graves ou leves ó alcalde.

Ante a prohibición de delega-lo exercicio da potestade sancionadora establecida no artigo 127-2 LRX, o artigo 80 do regulamento introduciu

expresamente a posibilidade de desconcentración da competencia sancionadora do conselleiro nos órganos da consellería, amparándose na previsión xeral contida no artigo 12 LRX, de maneira análoga ó establecido no artigo 10 do regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

A dita previsión concreouse no Decreto 38/1999, do 5 de febreiro, co que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. A disposición adicional segunda do decreto desconcentrou nos delegados provinciais a competencia para a imposición de sancións por infraccións urbanísticas moi graves, cando a súa contía non sexa superior a 1.000.000 de pesetas.

Estamos aquí en presenza dun claro exemplo de cómo o esquema de distribución constitucional de competencias introduce factores de complexidade á hora de que aproben normas legais ou regulamentarias as comunidades autónomas, que se fai patente se se atende ó feito de que mediante a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei do réxime xurídico, se suprimiu a prohibición de delegación do exercicio da potestade sancionadora.

Curiosamente, na esfera local a potestade sancionadora atribuída ó alcalde no artigo 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, configúrase expresamente como delegable; non obstante, ante a contradición que se producía coa regulación inicial da Lei 30/92, o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora tamén contemplaba expresamente a posibilidade de desconcentración mediante a correspondente norma de carácter xeral.

9. Procedemento

A Lei do solo de Galicia dispón que a potestade sancionadora se exercerá mediante o procedemento establecido na lexislación de procedemento administrativo (art. 187 LSG), o que reitera o Regulamento de disciplina, e engade expresamente a remisión ó Regulamento de procedemento aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Como xa se apuntou anteriormente, a comunidade autónoma non dispón dun regulamento xeral sancionador, e a lexislación urbanística autonómica tampouco regulou un procedemento específico, o que, se ben resultaría factible sempre que se respectasen os principios básicos que reñen a materia, non parece aconsellable desde unha perspectiva global.

O citado regulamento do procedemento contén unha serie de disposicións xerais e regula un procedemento ordinario e outro simplificado aplicable no suposto de faltas leves.

No procedemento ordinario podemos distingui-las seguintes fases:

9.1. Actuacións previas

■ Antes de iniciar, propiamente, o procedemento e con carácter postestativo cabe a realización de actuacións previas para determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación (art. 69-1 LRX; art. 6 e 12 RPS).

Debe terse en conta aquí a regulación da inspección urbanística contida no título V do Regulamento de disciplina, no que xunto a outros extremos relativos á actividade inspectora (aspectos da función inspectora; administracións competentes; consideración do persoal adscrito á inspección e vixilancia urbanística; actas de inspección, etc.) se establece o procedemento para o seu exercicio con previsión expresa (art. 115 RDUG) da apertura dun **período de información previa**, que, se ben o seu contido excede do ámbito sancionador e se estende ós demais aspectos da disciplina urbanística, en concreto á protección da legalidade, correspóndese con esta fase de actuacións previas prevista no regulamento sancionador.

9.2. Iniciación

Nin a Lei do solo nin o Regulamento de disciplina conteñen previsións respecto do órgano competente para a iniciación do procedemento, polo que habería que acudir ós criterios que contén o artigo 10 do RPS; non obstante, no Decreto 38/1999, do 5 de febreiro, que establece a estrutura orgánica da CPTOPV, atribúeselle expresamente á Subdirección Xeral de Disciplina e Informes da Dirección Xeral de Urbanismo a competencia para a iniciación e a tramitación dos expedientes sancionadores, así como o nomeamento de instructor destes procedementos.

Na esfera local haberá que aterse ó que resulte da aplicación dos criterios contidos no citado artigo 10 RPS, que en último termo lle atribúe a competencia para a iniciación ó órgano competente para resolver.

Preséntase aquí unha cuestión que non pode obviarse: no sistema urbanístico español vixente con anterioridade a actuación autonómica producíase ben por subrogación, ben no momento da imposición da sanción se esta excedía do límite cuantitativo atribuído á entidade local, que debía eleva-lo expediente para que o resolverse o órgano autonómico competente.

Na lexislación urbanística actualmente vixente en Galicia produciuse unha indubidable novidade ó atribuírselle á comunidade autónoma a competencia para a protección da legalidade nos supostos do artigo 180, así como a eliminación da posibilidade de subrogación no exercicio das competencias das entidades locais nos demais supostos, segundo se desprende do artigo 190-2 en relación cos artigos 175 e seguintes. Pero non se estableceu o mesmo criterio en materia sancionadora, pois unicamente se lle atribúe á comunidade a competencia para a imposición das sancións

nos supostos de infraccións moi graves, entre as que se inclúen dous tipos que non se corresponden co ámbito territorial a que se refire o artigo 180.

En consecuencia, en principio, nada impide a iniciación e a tramitación dos expedientes sancionadores por parte das entidades locais en todo caso, sen prexuízo de que se se trata de infraccións moi graves, unha vez tramitado o expediente, se eleve coa pertinente proposta de resolución ó órgano autonómico competente.

O RPS establece o seguinte contido mínimo do acordo de iniciación:

- a) Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables.
- b) Os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puidesen corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrucción.
- c) Instructor e, no seu caso, secretario do procedemento, con expresa indicación do seu réxime de recusación.
- d) Órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúa tal competencia, e indica-la posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 8.
- e) Medidas de carácter provisional que acordase o órgano competente para inicia-lo procedemento sancionador, sen prexuízo das que se poidan adoptar durante este de conformidade co artigo 15.
- f) Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.

E así mesmo regula a posibilidade de adopción de medidas de carácter provisional. Cabe sinalar aquí que a tradicional separación no dereito urbanístico das medidas de protección da legalidade e as sancionadoras determinará que normalmente estas medidas cautelares se adopten no seo dos procedementos de protección da legalidade, nos que se regulan detalladamente.

9.3. Instrucción

Inclúe toda a actividade do instructor destinada á comprobación dos feitos; as alegacións; a práctica da proba, de se-lo caso, e a súa valoración; a proposta de resolución e a audiencia.

9.4. A resolución

Sen prexuízo da posibilidade de realización de actuacións complementarias, a resolución debe decidir tódalas cuestións formuladas no expediente coa adecuada motivación; inclúese a valoración das probas practicadas e especialmente aquelas que constitúan os fundamentos básicos da decisión: feitos, persoas responsables, a infracción e a sanción.

Finalizado o expediente, as resolucións que lle poñan fin á vía administrativa serán inmediatamente executivas. O artigo 80 RDUG, despois de sinala-las autoridades competentes para a imposición das sancións, dispón que as resolucións sancionadoras dictadas polos órganos autonómicos lle poñan fin á vía administrativa.

9.5. Caducidade

Establécese un prazo máximo de seis meses para resolve-lo expediente, e existe cobertura legal no artigo 187 LSG para a súa ampliación por outros seis meses, que debe adoptarse segundo indica o art. 81 RDUG nos termos previstos na Lei 30/1992, polo que haberá de entenderse que o dito prazo é para resolver e notificar. O seu cómputo interromperase se o procedemento se paralizase por causa imputable ó interesado (art. 44 LRX).

Transcorrido ese prazo sen que se dictase a resolución entenderase caducado o procedemento, sen prexuízo de que no suposto de que a infracción non se prescribise deba iniciarse un novo procedemento (art. 187 LSG, 81 RDUG, 42 e 44 LRX).

9.6. Prescrición

Conforme dispón o artigo 183 LSG as infraccións moi graves prescriben ós seis anos, as graves ós catro anos e as leves ó ano, contados desde a finalización das obras ou da actividade. No caso de infracción urbanística continuada a data inicial do cómputo será a da finalización da actividade ou a do último acto co que a infracción se consuma. Este criterio correspóndese en definitiva co da Lei 30/92 que se refire ó día en que se comete a infracción.

Non se pode deixar de facer referencia aquí ás discrepancias que se producen na regulación de distintos prazos que, por gardar estreita relación entre si, poden dar lugar na práctica a problemas ou consecuencias non desexables: Así, convén recordar que, en función das penas establecidas no Código penal para os delitos urbanísticos, o seu prazo de prescrición é de tres anos, inferior ó das infraccións moi graves ou graves; así mesmo o prazo para revisar en vía administrativa os actos anulables trala declaración de lesividade é de catro anos, e sen embargo tanto as parcelacións no solo rústico como a realización de obras de urbanización sen a previa aprobación do planeamento e proxecto de urbanización esixibles prescriben ós seis anos.

Outra cuestión á que convén facer referencia é a previsión contida no artigo 105 do RDUG que fixa como data inicial para o cómputo da prescrición cando existan actos autorizatorios da Administración aquela en que sexan anulados, e non na que se dictaron, que é cando se cometeu a

infracción; non obstante a certeza e coñecemento da súa existencia non resultarán senón da propia resolución administrativa ou xudicial que anule o acto.

O cómputo interromperase pola iniciación do procedemento sancionador con coñecemento do interesado, e reiniciarase o prazo se o expediente estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable (art.132 LRX).

Por último, ó non se estableceren prazos para a prescrición das sancións na regulación autonómica, rexerán os prazos de tres, dous ou un ano, segundo se trate de sancións por faltas moi graves, graves ou leves, sinalados no artigo 132 LRX, que comezarán a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación con coñecemento do interesado do procedemento de execución, e volverá transcorre-lo prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó interesado, segundo dispón o artigo 132-3 LRX.

Ó seren as sancións previstas de carácter pecuniario, a súa execución deberá levarse a efecto a través dos procedementos recadatorios.

10. As sancións por infraccións urbanísticas

O principio de legalidade proclamado no artigo 25-1 CE determina a esixencia de predeterminación normativa dos ilícitos e das sancións correspondentes, que se ben no ámbito penal comprende ademais a garantía formal do rango da norma que, segundo reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional, supón a reserva de lei, conforme o sinalado polo propio Tribunal, no ámbito dos ilícitos administrativos ten unha eficacia limitada que permite unha maior marxe de actuación na tipificación tanto deses ilícitos como das correspondentes sancións. Nese sentido o artigo 129-3 LRX dispón que *as disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou graduacións no cadro das infraccións ou sancións establecidas legalmente, que sen constituír novas infraccións ou sancións, nin altera-la natureza ou límites que a lei contempla, contribúan á máis correcta identificación das conductas ou á máis precisa determinación das sancións correspondentes.*

Pois ben, a Lei do solo no seu artigo 185-1 dispón que as infraccións urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma:

As infraccións leves, con multa de ata o 5% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.

As infraccións graves, con multa de ata o 30% do valor da obra, terreos, exceso de edificación ou actuación realizada; elévanse ata o 50% se se trata de infraccións moi graves.

A partir de aí o regulamento de disciplina procedeu a graduar ou especifica-las sancións e ó propio tempo leva a cabo unha concreción da tipificación das infraccións a que se fixo referencia anteriormente.

O cadro de infraccións e de sancións está presente nos artigos 82 a 103, agrupados en tres seccións en función da gravidade das infraccións, e apárase da sistemática do RDU de 1978 que a regulaba por materias, distinguindo as infraccións e as sancións en materia de parcelación e en materia de uso do solo e edificación.

Simplificouse a regulación contida no RDU de 1978 como consecuencia da introducción das infraccións moi graves, que absorben non só as parcelacións en solo rústico senón tamén determinados tipos agravados en función da cualificación dos terreos afectados, tanto en materia de parcelación como na de usos do solo e edificación.

Con carácter xeral a regulación regulamentaria, respectando os máximos das sancións previstas na lei, establece tres intervalos ou graos nas porcentaxes para o cálculo das multas, do 1 ó 5% para as leves, do 5 ó 30% para as graves e do 30 ó 50% para as moi graves.

■ Sancións por infraccións moi graves

Respecto das infraccións moi graves non se produce unha maior concreción da súa tipificación con ocasión do establecemento da sanción aplicable, consistente en:

■ Multa do 30 ó 50% do valor da obra, instalacións, terreos afectados, edificación ou actuación realizada, para os que incumpran as normas relativas ó uso e á edificación que afecten a zonas verdes, espazos libres, dotacións, equipamentos ou solo rústico con especial protección.

A amplitude das condutas que poden incurrir en incumprimento das ditas normas, así como a variedade de supostos que poden integrarse nas cualificacións xenéricas utilizadas para a tipificación da infracción (por exemplo, os termos dotación ou equipamento poden referirse a sistemas xerais ou locais, ter carácter público ou privado ou ser da titularidade de diferentes entes públicos) deberán terse en conta e valorarse mediante a utilización dos criterios establecidos para graduarla contía das sancións.

■ Multa do 30 ó 50% do valor dos terreos afectados ós que realicen parcelacións urbanísticas en solo rústico, que se imporá na súa contía máxima se lesiona o valor específico que, de se-lo caso, protexe o ordenamento urbanístico.

■ Multa do 30 ó 50% do valor da obra a quen realicen obras de urbanización sen a aprobación previa do planeamento e do proxecto de urbanización esixibles.

■ Sancións por infraccións graves

Establécense as seguintes:

1) Parcelacións urbanísticas que incumpran o disposto nos plans de ordenación e nos artigos 173 e 174 LSG: multa do 5 ó 30% do valor dos terreos e das obras e instalacións executadas sobre aqueles (art. 85 RDUG).

Debe terse en conta que o artigo 172 LSG modificou o concepto tradicional de parcelación urbanística que se establecía por referencia á posibilidade de constitución dun núcleo de poboación, mentres que a Lei do solo de Galicia a define como a división simultánea ou sucesiva de terreos en dous ou máis lotes **co fin da súa urbanización ou edificación** (art. 172).

Os artigos 173 e 174 LSG regulan a indivisibilidade das parcelas e o réxime das parcelacións, e a infracción diso configura o ilícito administrativo que se tipifica. Ha de destacarse que, conforme dispón o apartado 3º do citado artigo 74, en ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación urbanística efectuada con infracción do dito réxime.

Obviamente non se integran no tipo as parcelacións en solo rústico, xa que se contemplan expresamente como moi graves.

2) Accións constructivas ou non en contra do uso, destino ou natureza que lle corresponda ó solo en que se executan: multa do 5 ó 30% do valor da obra ou instalación realizada ou do terreo afectado pola actuación (art. 86 RDUG).

3) Incumprimento do aproveitamento urbanístico fixado no planeamento: multa do 5 ó 30% do valor do exceso do dito aproveitamento (art. 88 RDUG).

4) Exceso de edificación sobre a edificabilidade permitida: multa do 15 ó 30% do valor do exceso (art. 89 RDUG).

5) Construción de sotos, semisotos, áticos ou entrecháns non permitidos polo planeamento: 15 ó 30% (art. 89 RDUG).

6) Exceso sobre a altura determinada se non implica aumento de volume ou superficie construída: multa do 5 ó 30%.

7) Incumprimento das regras de distancia das edificacións: multa do 15 ó 30% do importe da obra que se sitúa fóra dos límites ós que deba axustarse.

8) Edificación en parcelas con superficie inferior á mínima: multa do 15 ó 30% do valor da obra realizada. Prevese a súa graduación en función da maior ou menor desproporción da superficie da parcela e a mínima esixible.

Ademais das anteriores, que se corresponden expresamente coa tipificación máis xenérica das infraccións graves recollida nos artigos 182-3

LSG e 70-2 RDUG, o regulamento tipifica como infraccións graves as seguintes conductas:

9) Realización de edificacións, construcións ou instalacións sen a previa autorización da comunidade autónoma nos supostos do art. 77.4, en solo rústico, e disposición adicional 3ª-2, en núcleos rurais en municipios sen planeamento: multa do 5 ó 30% do seu valor.

10) Obras de consolidación, modernización ou incremento do seu valor de expropiación en edificios cualificados como fóra de ordenación: multa do 5 ó 30% do valor das obras.

11) Realización de construcións, instalacións ou usos do solo que vulneren as normas de protección dos elementos incluídos en catálogos ou inventarios dos instrumentos de planeamento: multa do 15 ó 30 % do valor da obra realizada.

Prevese a imposición na súa contía máxima se se tratar dun ben de interese cultural. Debe recordarse que a disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, inclúe no Inventario Xeral tódolos bens incluídos en catálogos de instrumentos de planeamento.

12) Realización de construcións, instalacións ou usos que vulneren o disposto no artigo 59 LSG (parcialmente coincidente co art. 138-b TRLS 92 vixente) que contén as normas de aplicación directa respecto á adaptación das construcións ó ambiente en que estean situadas: a multa é a mesma que a prevista no apartado anterior.

13) As cortas de árbores que constitúan masa arbórea, espacio boscoso, arboredo, parque e aqueles exemplares illados de especiais características: multa do 15 ó 30% do valor do ben afectado.

■ Sancións por infraccións urbanísticas leves

1) No art. 96 RDUG establécese a sanción do 1 ó 5% do valor da obra, da instalación ou da actuación realizada, se ben non concreta a tipificación xenérica establecida no art. 182-4 que se configura con carácter residual ó referirse ás infraccións do ordenamento urbanístico que non teñan o carácter de graves ou moi graves.

Preséntase aquí un tema de profunda importancia, cal é o alcance da potestade normativa das entidades locais e en qué medida cabe un maior grao de detalle na tipificación de infraccións e de sancións a través de ordenanzas locais, que completen e adapten as previsións das correspondentes leis. En principio, e así se manifestou a xurisprudencia, a técnica de remisión desde as ordenanzas locais á lei e ó regulamento urbanísticos para a aplicación das sancións previstas na dita lexislación a infraccións non tipificadas na normativa urbanística non é procedente, como tampouco o é prever sancións que excedan dos límites tipificados na lei e no regulamento. Nestes

casos haberá que aterse á normativa de réxime local e ós límites que hoxe se establecen na disposición adicional única da Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, de bases do réxime local. Pero o suposto que ofrece maiores dúbidas e discrepancias na doutrina é o de ordenanzas incluídas no planeamento urbanístico, na medida que especifiquen tipificacións contidas na lei e no regulamento de disciplina urbanística.

2) A lexislación urbanística de Galicia, fiel neste aspecto ó esquema tradicional, establece no seu artigo 182-4 que, **en todo caso**, se considerará infracción leve a execución de obras ou instalacións realizadas sen licencia ou orde de execución cando sexan legalizables por seren conformes co ordenamento urbanístico, que se sancionarán con multa do 1 ó 5% do valor da obra ou instalación, segundo dispón o artigo 97 RDUG.

Esta previsión impón na práctica a necesidade do pronunciamento previo respecto do carácter legalizable das obras ou das instalacións na medida en que é determinante da propia clasificación da infracción, o que introduce obviamente elementos de complexidade na tramitación dos procedementos de disciplina urbanística porque non só afecta o resultado do procedemento sancionador, senón a propia distribución de competencias na materia.

Poden así mesmo xurdir problemas relacionados coa prescrición se, como sostén algunha sentenza do Tribunal Supremo, o requirimento de legalización non interrompe o prazo de prescrición da sanción. Ou ben a incoación e a tramitación do expediente de reposición da legalidade e, no seu caso, do subseguinte procedemento de legalización interrompen o prazo de prescrición ou ben debe admitirse como causa de suspensión do prazo para a resolución do procedemento sancionador.

Contén así mesmo o regulamento outras infraccións leves:

1) Realizar cerrados e valos de terreos sen licencia: multa do 1 ó 5% do seu valor.

2) Realización sen licencia, sempre que fosen legalizables, dalgún dos actos referidos nos apartados 14 a 17 do artigo 10 RDUG: extracción de áridos para a construción e a explotación de canteiras, actividades extractivas e vertidos no subsolo; obras de construción de infraestrutura civil e construcións en zona de dominio público, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable (debe recordarse a inclusión da realización de construcións no dominio público no tipo penal do artigo 319-1): a multa será do 5% do custo das obras e do valor dos terreos.

De non seren legalizables aplicaranse as sancións previstas no regulamento para os tipos de infraccións que para cada caso correspondan.

3) A realización de publicidade de parcelacións urbanísticas, edificacións, urbanizacións ou calquera outra actuación urbanística sen axustarse ó planeamento urbanístico vixente: multa de 50.000 a 500.000 pesetas (art. 102, en relación co 6 RDUG).

4) Incumprimento por parte das empresas ou das entidades subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telefonía da obriga de esixir-lles ós constructores e conservar para a contratación dos respectivos servicios copia da licencia de obras dos edificios e instalacións suxeitas á súa obtención. Así como o incumprimento da suspensión da subministración dos ditos servicios que se adoptasen como medida cautelar nos procedementos de protección da legalidade: multa do tanto ó quíntuplo do custo de conexión (art. 103 RDUG).

Os artigos 99 e 100 do regulamento conteñen dous supostos que non se acomodan á propia sistemática da norma, pois, se ben están encadrados na sección terceira, relativa ás sancións por faltas leves, conteñen a previsión de sancións que exceden da porcentaxe máxima legalmente establecida para aquelas, e deberá considerarse que se trata, en principio, de infraccións graves, sen prexuízo de que poidan resultar leves analogamente ós supostos de infraccións graves cando se demostre a escasa entidade do dano producido ós intereses xerais.

Estes dous supostos son:

1) O incumprimento das ordes de execución reguladas no capítulo II do título II RDUG, relativo ó deber de conservación e ruína, sanciónase con multa do 1 ó 15% do valor da obra que se ordenase realizar.

2) A colocación sen licencia de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, que se sancionarán do 1 o 15% do valor da súa construción ou instalación.

A multa graduarase en función da localización, do tamaño e da incidencia de tales elementos no medio físico e no contorno, e aplicarase na súa porcentaxe máxima nos casos do incumprimento do requirimento de retirada.


Dado o escaso valor da construción ou da instalación dos soportes da propaganda, este será un suposto típico no que resulte de aplicación a regra de que en ningún caso a suma do custo da sanción e da reposición dos bens ó estado anterior da comisión da sanción poida ser superior ó beneficio obtido, o importe do cal se calculará con facilidade a partir das tarifas das empresas anunciadoras.

Unha vez exposta a tipificación das infraccións e das sancións establecida na lexislación urbanística de Galicia, debe terse presente o carácter supletorio que en todo caso lle corresponde ó Regulamento de disciplina de 1978 respecto daquelas cuestións que, aínda que non se incluíron no regulamento galego, non resulten contrarias ás súas disposicións e que permitan unha interpretación integradora do ordenamento. E así mesmo, a importancia que no exercicio da potestade sancionadora ten o respecto ós principios xerais do dereito penal polo seu propio carácter punitivo e polo feito de tratarse dun dereito especialmente casuístico.

II. Coordinación co rexistro da propiedade

Exposta así a regulación contida no regulamento, cabe facer referencia, como última cuestión, á coordinación da actuación administrativa en materia de disciplina urbanística co Rexistro da Propiedade.

O artigo 7 do Regulamento de disciplina urbanística establece que, coa finalidade de reforza-la eficacia dos actos en materia de disciplina urbanística, as administracións competentes procurarán a coordinación da súa acción administrativa co Rexistro da Propiedade, mediante a utilización dos mecanismos establecidos na lexislación hipotecaria.

As normas complementarias do regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, aprobáronse mediante Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, que no seu artigo 1 dispón que se poderá inscribir no Rexistro da Propiedade *a incoación de expedientes que se instrúan en materia de disciplina urbanística sobre terreos determinados, así como a iniciación do procedemento que teña por obxecto o constrinximento administrativo para garanti-lo cumprimento das sancións impostas*, e que dedica o seu capítulo 7º ás anotacións preventivas dictadas en procedemento de disciplina urbanística, co que se habilita a Administración legalmente competente para a adopción do acordo para que se tome anotación preventiva da incoación dos referidos expediente de disciplina, e regula así mesmo a anotación preventiva de embargo no caso de sanción económica. 

MEDIDAS DE PROTECCIÓN E RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Hipólito Pérez Novo

Subdirector xeral de Disciplina e Informes
da Xunta de Galicia

1. Consideracións xerais

1.1 Concepto

A orde urbanística establecida polas leis e plans urbanísticos faise efectiva en último extremo mediante o control que a Administración exerce a través das licencias. A peza chave para garanti-lo cumprimento do ordenamento urbanístico constitúea a licenza urbanística, mecanismo de intervención administrativa preventiva no uso do solo e da edificación que ten por finalidade esencial comprobar que as actividades proxectadas se axustan ó ordenamento urbanístico vixente. A licenza urbanística constitúe desta maneira o título que lexítima e lles dá cobertura xurídica a tódalas actividades materiais de edificación e uso do solo.

Co obxectivo de que tódolos actos que signifiquen unha transformación física do solo sexan sometidos a licenza e que esta, á súa vez, sexa outorgada de conformidade co planeamento vixente, a LSG regula unha serie de medidas tendentes a reaccionar fronte ás transgresións do ordenamento urbanístico, isto é, fronte ás actuacións de edificación e uso do solo que non estean amparadas en licenza ou que poidan estar amparadas formalmente nunha licenza o contido da cal vulnera a orde urbanística.

No noso ordenamento xurídico toda transgresión da orde urbanística xera as consecuencias xurídicas que determinan os arts. 181.2 LSG e 4 RDU:

- a) A adopción das medidas precisas para que se proceda á restauración da orde xurídica infrinxida e da realidade física alterada ou transformada como consecuencia da actuación ilegal.

- b) A imposición de sancións ós responsables das infraccións urbanísticas.
- c) E a existencia do resarcimento dos danos e das perdas causados a cargo das persoas responsables.

Baixo a denominación *protección da legalidade urbanística* o lexislador engloba o primeiro dos efectos enunciados, propio de toda transgresión xurídico-urbanística, e fica na marxe dela a potestade sancionadora e a existencia do resarcimento de danos e perdas, aínda que todas estas potestades teñen por base unha mesma e única realidade.

Para García de Enterría e Parejo Alfonso, as distintas medidas de protección da legalidade están dirixidas a acadar a restitución da orde xurídica conculcada e comprenden as potestades atribuídas á Administración a prol de:

- a) A suspensión da eficacia e a anulación dos actos administrativos que estean en contradicción coa ordenación urbanística aplicable.
- b) O impedimento da consolidación de situacións materiais –amparadas ou non formalmente en actos administrativos– contradictorias coa ordenación urbanística.
- c) A restitución *in natura* da realidade física á situación anterior á súa alteración ou transformación por actuacións ilícitas.

A posición central que a licenza ocupa no ordenamento urbanístico fica reforzada co sistema que establece o lexislador para suspender e incluso derruba-las obras que se realicen sen licenza ou sen observancia das súas condicións. O infractor que realice actividades materiais de edificación e uso do solo sen o título que lexitime a súa actividade, é dicir, sen amparo na preceptiva licenza urbanística, unha vez que se instrúe o correspondente expediente no que se aprecie a ilegalidade das actividades xa executadas, fica obrigado a solicita-la licenza oportuna, de tal maneira que, se non o fixer, ou se o seu outorgamento resultase contrario ó plan, procederase a ordena-lo derrubamento.

En definitiva, as medidas de restauración da legalidade urbanística infrinxida dependen da posibilidade de legalización das obras ou usos executados. Se esta legalización é posible, coa obtención da licenza acaba a actividade de restauración. Noutro suposto, procede a restauración *in natura* da orde xurídica conculcada mediante a reposición dos bens ó estado anterior á actuación ilícita, que normalmente consistirá no derrubamento das obras executadas e no impedimento definitivo dos usos ilegais.

Nos casos en que se estean a realizar ou se realizasen obras ó amparo dunha licenza concedida en contravención das determinacións do plan, é preciso destruí-lo título xurídico que, aínda viciado, constitúe o soporte dunha declaración de dereitos en favor do interesado. A LSG prevé nestes supostos medidas de suspensión e anulación de oficio dos actos declarativos de dereitos.

De acordo co anterior, podemos entender que a expresión *protección*

da legalidade urbanística comprende o conxunto de medidas establecidas pola lei e dirixidas á restauración da orde xurídica infrinxida mediante a reposición da realidade física alterada ou transformada como consecuencia dunha actuación ilegal e, no seu caso, a suspensión e a anulación dos actos administrativos nos que poida ampararse a dita actuación.

1.2. Natureza xurídica

A LSG regula a protección da legalidade urbanística dentro do capítulo adicado á disciplina urbanística (sección 1ª, do capítulo II, do título VI da lei) e o RDU desenvolve a lei nesta materia adicándolle un título completo (título III).

A disciplina urbanística é entendida pola doutrina nun sentido amplo como o conxunto de medidas legalmente establecidas e tendentes a manter e, no seu caso, a restaura-la legalidade urbanística.

O ben xurídico protexido pola disciplina urbanística, extensible ás medidas de protección da legalidade urbanística, é o cumprimento das normas administrativas sobre a utilización racional do solo en función das necesidades e das intereses da colectividade. O fundamento último descansa no mandato constitucional dos arts. 45 ó 47 CE, na medida en que a ordenación urbanística está encamiñada a un desenvolvemento urbanístico equilibrado e sostible, a promove-la calidade de vida dos cidadáns e a cohesión social da poboación, así como a protexe-lo medio e o patrimonio natural e cultural herdados.

A doutrina destacou a compatibilidade da adopción das medidas de protección da legalidade urbanística co exercicio da potestade sancionadora ó sinalar que cada unha ten un réxime substantivo propio e diferenciado e procedementos separados. A compatibilidade destas medidas non conculca o principio de *non bis in idem*, como de xeito reiterado sinala unha abundante xurisprudencia, e como se recolle nos arts. 181.2 LSG e 4.2 RDU. As sancións polas infraccións urbanísticas que se aprecien imporanse con independencia das medidas de protección e de restauración da legalidade.

Por outro lado, a aplicación e o resultado das medidas de protección da legalidade urbanística non prexulgan nin condicionan os doutras medidas legais eventualmente previstas por outros ordenamentos sectoriais e aplicables igualmente ós actos materiais de edificación e de uso do solo (art. 185.3 LS de 1976).

As medidas de protección da legalidade urbanística son de exercicio inescusable para a Administración urbanística (art. 2.1 RDU). O art. 181.3 LSG dispón que:

En ningún caso poderá a Administración deixar de adoptar-las medidas tendentes a restaura-la orde urbanística vulnerada ou a repo-los bens afectados ó estado anterior á produción da situación ilegal.

Como sinala a doutrina, a actividade da Administración no exercicio desta potestade non é discrecional, senón que se suxeitará ós principios xerais de congruencia e proporcionalidade; disporá o necesario para a reintegración da ordenación urbanística e farao de maneira axeitada e só no realmente preciso.

As medidas que para este efecto se adopten deberán ser motivadas (art. 54 LPAC) e, co fin de que as poida cumprir-lo interesado obrigado a isto, deberán precisa-la actividade que van desenvolver ou que van omitir definitivamente e o prazo para facelo.

1.3. Normativa aplicable

A regulación das medidas de protección da legalidade urbanística que establece a LSG incardínase no marco da lexislación estatal vixente no momento de se elaborar a lei galega, é dicir, no marco establecido pola LS de 1992 (arts. 248 ó 256), lei cuns preceptos cualificados na súa maioría como de *aplicación plena* e de *carácter básico*, que conformaban un marco ríxido que condicionaba en gran medida o lexislador autonómico, e que tiñan estreita conexión co sistema de adquisición gradual de facultades urbanísticas e efectos do incumprimento dos deberes deste carácter. Neste sentido, o art. 180.3 da LSG dispón que as medidas de protección da legalidade establecidas na propia lei galega sono *sen prexuízo das que, con carácter complementario, estean previstas na lexislación básica do Estado*.

Sen embargo, o modelo no que se quixo inspira-lo lexislador galego, como confesa na exposición de motivos da LSG, é o recollido na anterior LS de 1976 (arts. 184 ó 188), con algunhas modulacións e especificacións, modelo que xa fora asumido na LASG.

O marco da lexislación estatal instaurado pola LS de 1992 desapareceu en gran parte e case ó mesmo tempo da entrada en vigor da LSG como consecuencia da STC 61/1997, do 20 de marzo, que declarou inconstitucionais a maioría dos preceptos da LS de 1992; o Alto Tribunal declarou tamén inconstitucionais os preceptos reguladores da protección da legalidade urbanística (arts. 248 ó 256) por canto que:

tiñan por obxecto inmediato a restauración da legalidade urbanística e non a regulación das condicións básicas do exercicio das facultades que integran o dereito de propiedade urbana (fundamento xurídico 34º).

Ademais, a partir do ano 1996 o lexislador estatal afronta unha nova reforma en profundidade da lexislación sobre réxime do solo, que culminou coa nova LRSV, que entrou en vigor un ano despois da lei galega. A recente lei estatal constitúe un novo marco xurídico que condiciona e incide de maneira substancial sobre a normativa urbanística autonómica. En consecuencia, para a aplicación das disposicións relativas á protección da legalidade urbanística deberanse ter moi en conta os preceptos da LRSV e os preceptos da LS de 1992 que aínda se manteñen vixentes e que se-

rán aplicados polos operadores urbanísticos cunha visión coherente, integradora e unitaria do ordenamento xurídico. Coa finalidade de facilitar este labor interpretativo, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda publicou a Instrucción 1/1998, do 24 de xullo, sobre aplicación da LSG no marco da nova LRSV (DOG nº. 187, do 25/9/1998).

Curiosamente, outro efecto da citada STC, do 20 de marzo de 1997, foi que recobrou a súa vixencia a LS de 1976, como consecuencia da declaración de inconstitucionalidade da disposición derogatoria da LS de 1992. En consecuencia, a regulación das medidas de protección da legalidade urbanística da LS de 1976 (arts. 184 ó 188) e do regulamento que a desenvolve (arts. 29 ó 50 do RDU de 1978) son normativa de aplicación supletoria (art. 149.3 CE) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, á que poderá acudi-lo intérprete ou aplicador do dereito para resolve-las lagoas ou omisións que puidese presenta-lo ordenamento urbanístico galego.

1.4. Aspectos competenciais

Unha das innovacións introducidas en materia de disciplina urbanística pola lei galega –a súa relevancia é destacada na exposición de motivos– é o novo réxime competencial ou de distribución de competencias entre os órganos urbanísticos autonómicos e municipais.

1.4.1. Competencias da Comunidade Autónoma galega

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas competencias exclusivas en materia de urbanismo, por virtude do art. 27.3 EAG, en relación co art. 148.1.3 CE, que comprende as potestades lexislativa, regulamentaria e executiva, nos termos do art. 37 EAG.

En congruencia con estas competencias, a LSG asígnalles ós órganos urbanísticos da comunidade autónoma un papel fundamental de *dirección da política urbanística* (art. 190.1 LSG) que se pon de manifesto en concretas potestades atribuídas co fin de velar polo cumprimento da legalidade urbanística e o adecuado tratamento dos intereses públicos supramunicipais.

En concreto, atribúeselles unha potestade xeral de *control de legalidade sobre a actividade urbanística* (art. 190.2 LSG) que comprende, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Exerce-la inspección e a vixilancia urbanística dos actos materiais de edificación e uso do solo, para comproba-lo seu acomodo á ordenación urbanística vixente (arts. 3.6.a) LSG e 110.2.a) RDU).
- b) Adopta-las medidas de protección e de restauración da legalidade necesarias no suposto previsto no art. 180 LSG. Cando as actuacións sen licencia afectan a terreos cualificados polo planeamento como dotacións urbanísticas ou solo rústico protexido, a lei atribúelle á comunidade autónoma as potestades para a adopción das medidas de

protección da legalidade urbanística (art. 180.1 LSG), por razón da especial relevancia dos bens xurídicos protexidos que, en última instancia, afectan a valores constitucionalmente protexidos como son a calidade de vida, a cohesión social, a protección do medio natural e do patrimonio cultural (arts. 45 ó 47 CE).

c) Exerce-la potestade sancionadora no suposto de infraccións urbanísticas tipificadas como moi graves (art. 186.a) e b) LSG).

d) Requirir dos concellos información detallada sobre as actividades de edificación e uso do solo realizadas no seu municipio, aínda cando se trate de supostos sometidos ó ámbito competencial municipal (art. 116.2 RDU).

e) Requirir das autoridades municipais a adopción das medidas necesarias para a protección e a restauración da legalidade urbanística vulnerada e o exercicio da potestade sancionadora (arts. 180.2 e 193 LSG e 67, 68 e 118 RDU).

Prescindiuse da institución da subrogación en virtude da que a Administración autonómica se subrogaba no exercicio das competencias municipais para a adopción das medidas de protección da legalidade urbanística no caso de inactividade municipal (art. 50 da derogada LASG).

1.4.2. *Competencias dos concellos*

En virtude do principio de autonomía municipal (art. 137 CE) a lexislación de réxime local e a lexislación urbanística recoñécenlles ós concellos competencias en materia de urbanismo na medida en que a ordenación urbanística do municipio lles afecta directamente ós intereses propios da colectividade residente no concello.

En canto ás potestades encamiñadas ó mantemento da legalidade urbanística, asígnanselles ós órganos municipais as seguintes funcións:

a) O outorgamento das licencias urbanísticas que teñen por finalidade principal verificar, con carácter previo á súa execución, que as actividades de edificación e uso do solo se acomodan á ordenación urbanística vixente (art. 168 LSG).

b) A función de inspección e de vixilancia de tódalas obras e usos do solo que se realicen dentro do territorio municipal. No caso de apreciar que no suposto concreto concorren as circunstancias previstas no art. 180.1 LSG, poderá o alcalde ordena-la inmediata paralización das obras e remitírlle-las actuacións á comunidade autónoma (art. 59.2 RDU).

c) En xeral, fronte a calquera transgresión do ordenamento urbanístico como consecuencia de actuacións non amparadas en licencia ou amparadas formalmente en licencia ilegal, a potestade para adopta-las medidas necesarias, coa finalidade de protexer e de restaura-la legalidade urbanística, atribúeselle ó alcalde (arts. 175 a 178 LSG), coa única excepción do suposto especial contemplado no art. 180.1 LSG.

1.4.3. Principio de colaboración

Pódese dicir que no noso dereito as competencias en materia de disciplina urbanística son *competencias compartidas* entre a comunidade autónoma e os concellos (art. 188 LSG). A eficacia de todo o sistema depende determinantemente do grao de colaboración que se alcance entre tódalas administracións urbanísticas, autonómica e municipais.

Non se debe esquecer que as medidas de protección da legalidade urbanística dependen da posibilidade de legalización das obras executadas e que esa legalización dependerá á súa vez do outorgamento da licenza municipal e, no seu caso, da previa autorización autonómica de uso en solo rústico (art. 77.4 LSG).

As características propias do sistema urbanístico e o carácter de competencia compartida esixen unha intensa colaboración entre as administracións urbanísticas autonómica e municipal, que por outra parte constitúe un mandato expreso da lexislación vixente –art. 4 LPAC, art. 55 LBRL, art. 5.2 LALG.

No RDU recóllese tamén expresamente o principio de colaboración (arts. 2 e 108.3) e incluso se recollen algúns mecanismos específicos de colaboración entre a Administración autonómica e a municipal no exercicio das potestades relativas á disciplina urbanística:

- a) Obriga de se notificaren, mutuamente, tódalas resolucións adoptadas en procedementos sancionadores e de reposición da legalidade (art. 2).
- b) Previsión dun informe municipal preceptivo en tódolos expedientes de protección da legalidade que sexan tramitados pola comunidade autónoma (art. 58.3).
- c) Deber de auxilio da Policía Municipal á inspección urbanística autonómica (art. 111.4).
- d) Obriga do concello de facilitarlle información á inspección urbanística autonómica (art. 116.2).

1.5. Aspectos procedementais

Os expedientes de reposición da legalidade urbanística tramítanse seguindo o procedemento administrativo común regulado na LPAC, normativa á que se remite expresamente o lexislador galego (art. 175.3 LSG e 54.1 RDU), sen prexuízo de determinadas especificacións ou modulacións previstas pola normativa urbanística autonómica, como son as relativas ás medidas preventivas –suspensión dos actos de edificación e de uso do solo en execución non amparados en licenza–, a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, etc.

Os procedementos en materia de protección da legalidade urbanística teñen o carácter de procedementos de oficio, que se inician exclusivamente

por acordo do órgano urbanístico competente, ben por propia iniciativa ou ben como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia (art. 69 LPAC).

A denuncia urbanística carece de potencialidade suficiente para iniciarlo procedemento. A súa función procesual é pór en coñecemento dos órganos urbanísticos os feitos que poden determina-la adopción das medidas de protección da legalidade. Ora ben, dado que as potestades asignadas co fin de protexer e de restaura-la legalidade urbanística son de exercicio inescusable para a Administración (art. 181.3 LSG), compréndese a gran virtualidade das denuncias nesta materia da disciplina urbanística.

Por outra parte, o art. 304 LS de 1992 establece a acción pública para a esixencia, diante da Administración e diante da xurisdicción contencioso-administrativa, da observancia da lexislación urbanística. Esta acción pública consiste no apoderamento a tódolos cidadáns cunha acción reaccional fronte ás transgresións do ordenamento urbanístico, de modo que todo cidadán está sen máis lexitimado para impugnar estas transgresións.

O art. 304 LS de 1992 distingue dous supostos:

- a) O xeral ou residual, no que o exercicio da acción pública se somete ós prazos ordinarios de impugnación legalmente establecidos.
- b) O específico relativo á execución de obras consideradas ilegais, suposto no que a acción é exercitable validamente mentres as obras estean a se realizar e ata o transcurso dos prazos establecidos para a adopción das medidas de protección da legalidade urbanística.

Desta maneira, no caso das obras, a determinación do prazo de exercicio válido da acción non depende do dato falta de publicidade da licenza ou orde de execución, senón unicamente do dato obxectivo e externo da realización e da terminación das obras. Este criterio é aplicable en tódolos casos e con independencia de se as obras contan ou non coa cobertura formal dunha licenza ou orde de execución.

1.6. Coordinación co rexistro da propiedade

Coa finalidade de reforza-la eficacia dos actos en materia de disciplina urbanística debe procurarse a coordinación da acción administrativa co Rexistro da Propiedade a través dos mecanismos establecidos na lexislación hipotecaria para a inscrición e a anotación preventiva de actos de natureza urbanística (art. 7.1 RDU).

Os actos dictados en exercicio das potestades de protección da legalidade urbanística teñen acceso ó Rexistro da Propiedade.

A Administración urbanística poderá acordar que se tome anotación preventiva da incoación do expediente de disciplina urbanística coa finalidade de asegura-lo seu resultado e a reposición dos bens afectados ó estado anterior á infracción (arts. 307.3 LS de 1992 e 56 RRP).

A anotación só se pode practicar respecto do terreo no que se presume que se cometeu a infracción.

O título para practicala anotación será a certificación expedida polo secretario da Administración actuante (art. 57 RRP)

A anotación terá un prazo de duración de catro anos, prorrogable un ano máis por instancia da Administración (art. 60 RRP).

Esta materia regúlase con detalle no Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade dos actos de natureza urbanística (RD 1093/1997, do 4 de xullo).

2. Análise de cada suposto legal

2.1. Os distintos supostos legais previstos

A lexislación urbanística galega, seguindo o modelo da lexislación estatal (LS de 1976 e LS de 1992), optou pola definición dunha serie de supostos con previsión das medidas pertinentes a cada un deles, en función dos seguintes criterios:

- estado de consumación da transgresión (en execución ou rematadas),
- existencia ou non de título que lexitime a actuación (amparadas ou non en licencia ou orde de execución)
- cualificación do solo (tratamento especial do solo rústico protexido e do cualificado para dotacións urbanísticas)

En función dos mencionados criterios, a LSG prevé unha regulación específica para cada un dos seguintes supostos:

A) *Actuacións sen título lexitimador:*

a) Actos de edificación e uso do solo sen licencia ou orde de execución ou sen se axustaren ás súas condicións, que se iniciasen e que se encontren en proceso de execución (art. 175 LSG).

b) Obras de edificación sen licencia ou orde de execución ou en contravención das súas condicións, que se rematasen (art. 176 LSG).

c) Outros actos que se realizaron sen licencia ou orde de execución ou sen se axustaren ás súas condicións (art. 177 LSG).

d) Actos de edificación e uso do solo sen licencia executados por outras administracións públicas (art. 169.3 e 4 LSG).

B) *Actuacións amparadas formalmente nun título lexitimador:*

a) Actos de edificación e de uso do solo en execución ó amparo formal dunha licencia ou orde de execución ilegal, e con cumprimento das súas condicións. A ilicitude radica no título que ampara a actuación por ser contrario á ordenación urbanística (art. 178 LSG).

b) Licencias e ordes de execución ilegais (art. 179 LSG)

C) *Actuacións en áreas especialmente sensibles:*

Actos de edificación e de uso do solo realizados en terreos cualificados como solo rústico protexido ou destinados a dotacións urbanísticas, cando sexan executados sen licencia ou orde de execución ou cando estean amparados formalmente nunha licencia ou orde de execución ilegal (art. 180 LSG).

O suposto contemplado no art. 175 LSG –actuacións en proceso de execución non amparadas en título lexitimador– é o que regula con maior detalle e profusión o lexislador. Para os demais supostos o lexislador establece unha regulación menos extensa e detallada con frecuentes remisións ó art. 175 LSG.

2.2. Actos de edificación e uso do solo en proceso de execución non amparados en licencia ou orde de execución

No noso sistema urbanístico, os títulos xurídicos que lexitiman calquera acto de edificación ou uso do solo son necesariamente a licencia urbanística ou a orde de execución dictada para o efecto. A execución material dalgún acto da categoría citada con ausencia ou deficiencia dos títulos lexitimantes da actividade en cuestión determinan a activación dos mecanismos de protección e restauración da legalidade urbanística e a potestade administrativa sancionadora.

Como a falta de licencia supón sinxelamente a falta do control previo á edificación ou uso do solo, o feito de que se leve a cabo unha actividade deste tipo sen o requisito da obtención da licencia non supón necesariamente que o acto infrinxa a ordenación urbanística. De aí que non se dispoña como medida fatal e ineludible o drástico derrubamento da obra en tódolos casos. Diante dunha obra non lexitimada por licencia, prevese un procedemento para verificar se a actividade se axusta ou non á ordenación aplicable. De tal maneira que, se se comproba que se axusta á ordenación e, polo tanto, non existe ningunha razón que impida a actividade, outorgaráselle a licencia. Se, polo contrario, se comproba que non é conforme coa orde urbanística e resultase improcedente o outorgamento da licencia, imporase a cesación definitiva da actividade e a demolición da obra realizada.

Antecedentes: arts. 184 LS de 1976, 50 LASG e 248 LS de 1992.

2.2.1. *Suposto legal: art. 175 LSG*

O suposto de feito que habilita para a adopción das medidas previstas no art. 175 LSG está constituído polos actos de edificación e uso do solo sen título que os lexitime (arts. 175.1 LSG e 49 RDU). As notas que caracterizan o suposto legal son:

a) Trátase daqueles actos materiais de edificación e de uso do solo suxeitos a licencia urbanística (arts. 168.1 LSG e 10 RDU)

b) Son actuacións carentes de título lexitimante ou habilitante. Esta medida de protección da legalidade está prevista para reaccionar fronte a unha actuación non lexitimada por licencia ou orde de execución. Esta falta ou carencia de lexitimación pode ser:

b´) Carencia absoluta: inexistencia de licencia ou orde de execución. Unha problemática de difícil solución preséntase cando se pretende que estes actos de edificación e de uso do solo están amparados por unha licencia obtida por silencio administrativo. O promotor das obras terá que acreditar non só o cumprimento dos requisitos formais (art. 43 LPAC), senón tamén xustificala conformidade material do pretendidamente obtido por silencio coa ordenación urbanística (arts. 168.2 LSG e 242.6 LS de 1992).

b´´) Carencia relativa: execución material desconforme coa licencia ou coa orde de execución obtida.

O termo *condicións* interpreto a xurisprudencia no sentido de se referir ás condicións materiais en que se deben realiza-las obras e non a outras condicións ás que se somete a licencia (por exemplo, non presentación de aval bancario esixido polo acto de outorgamento da licencia). Neste sentido será determinante a comparación do executado co proxecto técnico e o acto de outorgamento de licencia, onde quedan definidas con detalle as obras ou actuacións autorizadas (arts. 14 e 17 RDU).

c) Refírese a actuacións en proceso de execución: prazo que vai desde o comezo da actuación ata a súa completa terminación.

En definitiva, o presuposto de feito habilitante da aplicación das medidas previstas no art. 175 LSG é a realización, mentres a realización esta aínda levándose a cabo e non se deba dar por rematada, de calquera acto material de edificación ou uso do solo só lexitimable por licencia ou orde de execución, para os que non se obtivese ou dictase ningún destes últimos actos administrativos ou que, aínda contando coa súa cobertura formal, se executen en desconformidade total ou parcial coas súas condicións lexitimas.

²³ GARCÍA DE ENTERRÍA Y PAREJO ALFONSO, «Lecciones de Derecho Urbanístico», Ed. Civitas, 1981, T.II, pág. 352.

«Los principios generales de Derecho, esencia del Ordenamiento jurídico –dice la STS de 16 de mayo de 1990–, son la atmósfera en que se desarrolla la vida jurídica, el oxígeno que respiran las normas, lo que explica que tales principios informen las normas –art. 1.4 del Cc– y que la Administración esté sometida no sólo a la Ley sino también al Derecho –art. 103.1 CE–. Y es claro que si tales principios inspiran la norma habilitante que atribuye una potestad a la Administración, esta potestad ha de actuarse conforme a las exigencias de los principios. Uno de estos principios, reiteradamente invocado por la jurisprudencia, es el de la proporcionalidad... que deriva claramente del artículo 106.1 de la CE...; aunque en ocasiones este precepto se ha entendido como una alusión a la desviación de poder, su sentido es mucho más amplio y recoge la necesidad de una armonía entre los medios utilizados y la finalidad perseguida. El principio de proporcionalidad... opera en dos tipos de supuestos: a) con carácter ordinario, en aquellos casos en que el Ordenamiento jurídico admite la posibilidad de elegir uno entre varios medios utilizables; b) ya con carácter excepcional y en conexión con los principios de buena fe y equidad, en los supuestos en que existiendo en principio un único medio este resulta a todas luces inadecuado y excesivo en relación con las características del caso contemplado».

²⁴ En este sentido se manifiesta GONZÁLEZ PÉREZ cuando escribe:

«... cuando se destruye una obra, no sólo se está destruyendo algo privado, se está

trario, parece más adecuado a la sensibilidad social entender que el derribo sólo llegará en los casos en los que opte por él el administrado (que no solicita licencia), o cuando no sea posible la legalización²⁵. Por todo ello cabe afirmar que las posiciones jurisprudenciales son favorables a la legalización y conservación de lo edificado, siempre que sea posible. Con esta afirmación no se querrá decir que el derribo sea «excepcional», tesis sustentada por reiterada jurisprudencia desde los años setenta, como acertadamente puntualiza la sentencia de 25 de junio de 1973 (Ar 2877): «...es consecuencia normal de la propia eficacia de la norma. En otro caso, se facilitarían la consumación de cualquier propósito de construir anárquicamente, con desprecio de las normas urbanísticas». Pero una cosa es que sea consecuencia «natural» y otra, muy distinta, que deba ser entendida como «regla necesaria», cuando es la propia Ley la que habilita un cauce para la Legalización, el que si no debe ser ensanchado, tampoco ha de hacerse impracticable. El acto administrativo debe ser «congruente» con el fin perseguido por el expediente de restablecer la legalidad en los mismos términos que ésta hubiera tenido de no cometerse la infracción, sin modificarlos, guardando la debida «proporcionalidad», como exige el RSCL a todos los actos de intervención.

La especialidad de este procedimiento radica en su objeto: la «legalización» y «convalidación» de lo ya realizado²⁶. Ciertamente no es lo mismo, aunque sea semejante, contrastar con el Planeamiento la obra cuando está ya realizada que cuando constituye un mero proyecto de realización. La

atentando contra la riqueza nacional... Si la destrucción de una obra atenta contra la riqueza nacional, no es extraño, por tanto, que el Ordenamiento haya limitado en el tiempo la posibilidad de llegar a tan drástica medida. De aquí el precepto del artículo 184.1».

²⁵ La sentencia de 28 de noviembre de 1984 (Ar. 5985), en concordancia con otras muchas, dice: «el acuerdo de demolición de los actos de edificación o uso del suelo realizados sin licencia u orden ejecución o sin ajustarse a la oportuna licencia, no ajuste las obras a las condiciones señaladas, o solicitada no la obtenga por ser su otorgamiento contrario a las prescripciones del Plan o de las Ordenanzas». Por ello anuló el acto impugnado, pues «se acordó la demolición sin resolver previamente la solicitud de ampliación de licencia».

²⁶ Acerca de la naturaleza de este procedimiento, la Sentencia del T.S. de 17 de octubre de 1990 (Ponente: Sr Delgado Barrio. La Ley. 1991, 319) indica:

«Importa advertir que aunque la legalización de obras se produce mediante el otorgamiento posterior de una licencia que debía haberse obtenido antes, entre ambos conceptos –legalización y licencia– existen, en lo que ahora importa, diferencias objetivas:

A) Para obtener la legalización es precisa la presentación de un proyecto de obras que coincida con las obras realizadas: el objeto del control administrativo recae sobre las obras y el proyecto.

B) En cambio, para el otorgamiento de la licencia será necesario un examen del proyecto, sin más, a la luz de la ordenación urbanística en vigor».

Jurisprudencia nos habla de «licencia a posteriori». Así la sentencia de 23 de marzo de 1977 nos dice:

«... que implica un modo «a posteriori» de intervención administrativa en el ejercicio del ius edificandi correspondiente al administrado que, unido a las sanciones por conducta clandestina o acto de propia autoridad, prohibida, constituye un equivalente reparador de la falta de licencia que permite integrar en el orden urbanístico las anómalas situaciones referidas mediante el distinto acto de legalización, el cual, por tanto, ni se diferenciará esencialmente en su presupuesto procedimental de los trámites señalados en el artículo 9 del RSCL si la obra estaba terminada, ni tampoco, en su contenido, podrá ser la legalización mas favorable que lo hubiera sido la previa licencia, otorgada a tenor de lo establecido en el artículo 165 de la Ley del Suelo».

De acuerdo con lo expuesto, podemos indicar como principales características que configuran la Licencia de Legalización, los siguientes:

a) Después de la suspensión de las obras o del requerimiento a que alude el artículo 175 L.S.G. (art 184 LS), la opción de conservación se difiere al administrado²⁷. Este podrá reacomodar la obra a los términos de la Licencia u Orden de ejecución recibida, o solicitar Licencia para lo hecho sin ella o contra los términos de la concedida. Si el administrado no solicitase Licencia o no reacomodase las obras, la Administración no tendrá otra opción que ordenar el derribo, y aun ejecutarlo substitutoriamente a costa de éste si persistiese la inactividad.

b) El plazo de dos meses a contar desde la notificación que se conceda al interesado a este efecto es de «caducidad». La Ley no lo dice expresamente, pero al ligar a su transcurso unas consecuencias imperativas («ordenara el derribo», «impedirá definitivamente los usos», etc.) no deja lugar a dudas sobre su naturaleza. No tiene sentido hablar de prescripción cuando las facultades administrativas son ejercidas en relación con obras no terminadas, ni puede válidamente plantearse en vía procesal problema alguno de legalización de las obras (que excedían el volumen de edificación autorizado) cuando el interesado no ha hecho uso, en ningún momento, de su derecho a solicitar la legalización a pesar de habersele concedido a tal fin el plazo legalmente establecido.

c) Instada la licencia, el trámite de cotejo con la normativa urbanística se producirá por el procedimiento normal regulado en el art. 9 RSCL. Si el acto de edificación (o desedificación) no fuere autorizable por su dis-

²⁷ El ofrecimiento del plazo de dos meses para poder solicitar la Licencia de legalización o reacomodar las obras a la Licencia u Orden excedida, es elemento esencial del acto de suspensión o requerimiento para que puedan alcanzar su fin como actos administrativos. Su omisión da lugar a la anulabilidad del acto, y la resolución sobre demolición sin haber subsanado esta emisión, conduce a la nulidad de lo actuado.

conformidad con el Ordenamiento urbanístico, deberá procederse a denegar la licencia, debiendo sujetarse la actividad a los mismos condicionamientos que si ésta no se hubiere solicitado. De este modo, el interesado en la legalización deberá presentar un proyecto de obras que coincida con las realizadas, recayendo sobre ambos –proyecto y obras– el control administrativo del órgano legalizante.

B) El Requerimiento de legalización:


El requerimiento de legalización se erige en acto fundamental del procedimiento de legalización que, en el supuesto de obras en curso de ejecución, acompañará a la orden de suspensión de obras y, en el caso de obras ya concluidas, constituirá el acto inicial del procedimiento de legalización. En cualquier caso, este requerimiento cumple la imprescindible misión de garantizar la audiencia al interesado en un procedimiento en el que las actuaciones iniciales se substancian con notoria sumariedad²⁸, mas, en sí mismo, no requiere de la previa audiencia dado que su finalidad no es otra que dar lugar a la iniciación de un procedimiento en el que se decidirá sobre la posible legalización de unas obras. Tanto es así que, efectuado el requerimiento, se inicia un proceso en el que el interesado pasa a ocupar la posición de actor principal al resultar obligado a dar el paso siguiente en el procedimiento de legalización: solicitar la licencia en el plazo de dos meses o acomodar las obras a la ya otorgada. El aludido plazo de dos meses tiene el carácter de un plazo de los denominados por los procesalistas «pasivos» o «dilatatorios», en cuanto que impiden se adopten unas determinadas resoluciones en tanto no hayan transcurrido totalmente los mismos, sin que en modo alguno pueda estimarse que transcurrido el expreso período de dos meses no cabe ya sea interesada la licencia de obras, cuya solicitud podrá formularse sin la citada limitación temporal, mitigando así la aplicación mecanicista del plazo como exigencia propia del principio de proporcionalidad:


«Acreditado el otorgamiento de la correspondiente licencia para la realización de las obras ordenadas demoler, aunque le mismo se hubiese producido con posterioridad a la mencionada resolución de 10 de abril de 1976, resulta de todo punto inconsecuente derribar algo que si bien en el mo-

²⁸ Sentencia de 3 de octubre de 1991 (Ponente: Sr. PASTOR LÓPEZ. La Ley, 1992.1, 738):

«El Procedimiento especial previsto en los artículos 184 TRLS y 29 RD 2187/1978 tiene por finalidad esencial la restauración del ordenamiento urbanístico conculcado, y no se articula en un expediente ordinario, sino sumario y de contenido limitado, en el que adquiere fundamental relevancia el requerimiento al responsable de la obra para que cumpla la carga jurídica que supone lo dispuesto en el citado art. 184, constituyendo tal requerimiento conminatorio el requisito necesario y suficiente para las ulteriores actuaciones administrativas».

mento de acordarse carecía de cobertura luego al adquirió en virtud de un acto que ya existía en el momento de resolverse sobre la reposición de la resolución en que se había dispuesto, ya que tal actuación evidentemente vulneraría lo establecido en el art. 171 bis, en relación con el 171, ambos de la ya citada Ley 9/1975, de 2 de mayo, de los que se desprende que la demolición sólo es posible cuando las obras no pueden legalizarse con la concesión de la oportuna licencia» (Sentencia del T.S. de 13 de marzo de 1991. R. 1.994)

El requerimiento de legalización será impugnabile en los mismos supuestos referidos para la orden de suspensión, si el interesado considera que no se halla en ninguno de los supuestos que facultan al órgano administrativo competente para su adopción. Dicha impugnación excluirá, en todo caso, plantear cuestiones relativas a la legalidad de las obras, sobre las cuales solo cabe decidir cuando la Administración decida sobre el otorgamiento o la denegación de la licencia. Pero, como toda regla general, surgen excepciones a la misma, que se concretarán en aquellos supuestos en los que resulte acreditado fehacientemente la imposibilidad de legalizar las obras, pues carecería de sentido abrir un trámite de legalización de aquello que de modo manifiesto y a través de lo ya actuado no puede legalizarse, por contravenir el Ordenamiento urbanístico. Podemos señalar otros supuestos con idénticas consecuencias, como la existencia de una previa resolución firme que hubiese denegado la licencia para la ejecución de las obras cuya legalización se pretende o la evidente ilegalidad de las obras de conformidad con la clasificación o calificación urbanística del suelo en el que se ubican las obras. 



AS FONTES DO DEREITO PARLAMENTARIO GALEGO

Xosé A. Sarmiento Méndez

Letrado do Parlamento galego
Profesor asociado de dereito constitucional
da Universidade de Vigo

achegamento á análise das fontes do dereito parlamentario galego supón partir da constatación de que estas superan o estricto ámbito do regulamento da Cámara, para asumir que este concreto sector normativo está dotado dunha flexibilidade propia que o dota de certa complexidade e autonomía. Esta flexibilidade maniféstase no plano fáctico, por canto os cambios do dereito aplicable no legislativo autonómico son moi importantes pola práctica do desenvolvemento dos debates, xa que creban en ocasións de maneira manifesta a xerarquía normativa (como ocorre no caso do tratamento das conclusións de comisións de investigación nas sesións plenarias públicas que se realizaron, a pesar da dicción literal do artigo 69.2^a do RPG). Por outra banda, tamén a flexibilidade se manifesta *de iure*, xa que o noso regulamento coñece cambios importantes froito das transformacións da vida política autonómica que afectaron materias tan relevantes como o debate orzamentario¹.

O ordenamento parlamentario galego imbrícase no dereito estatutario e constitucional, de tal xeito que a súa práctica pode muda-lo texto

¹ Así, na nova redacción do Regulamento da Cámara adoptada na reforma do 22 de xullo de 1993 (BOPG núm. 435, do 29 de xullo de 1993, DOG núm. 182, do 21 de setembro de 1993).

estatutario dun xeito moi relevante, como así ocorreu co artigo 12.4 *in fine* do Estatuto de autonomía de Galicia no tocante á participación dos grupos parlamentarios en tódalas comisións parlamentarias en proporción ó seu número de membros²

A substancialidade³ do dereito parlamentario galego é un dato inquestionable, xa que supera abondosamente o contido meramente adxectivo ou procedemental das normas políticas básicas, posto que as súas disposicións constitúen en moitas ocasións a cerna da democracia mesma. Pensemos en aspectos como a presenza do Goberno ante a Cámara, e singularmente a do presidente do Executivo, que vén sendo un dos motivos recorrentes do debate político desde a reforma regulamentaria de 1993 ata a actualidade⁴.

Unha última circunstancia que condiciona o tema que me ocupa é o da escasa constitucionalización do dereito parlamentario autonómico. No caso galego prodúcese unha tendencia común no dereito parlamentario continental⁵, que, a diferenza do dereito parlamentario propio dos países nórdicos, contén poucas referencias constitucionais e estatutarias a aspectos parlamentarios. Ó meu xuízo sería conveniente que algunhas das normas básicas das regras do xogo parlamentario quedaran fixadas no texto do Estatuto de autonomía para que así non puidesen ser facilmente modificadas polas continxentes maiorías parlamentarias que se creen no seo da Cámara.

Pasarei de seguida a enumerar sucintamente as principais fontes normativas que o dereito parlamentario galego coñece, e farei unha referencia máis pormenorizada a aquelas que achegan un caudal máis relevante para o coñecemento das actividades propias da Cámara.

² Esta modificación tácita dos textos constitucionais foi posta de manifesto por Tosi no seu traballo «Modificazioni tacite della Costituzione, attraverso il diritto parlamentare». No lexislativo autonómico o cambio na fixación de membros nas comisións parlamentarias provoca disfuncións proporcionais na cota correspondente a cada grupo parlamentario segundo o número que se fixe en cada lexislatura. Ademais o regulamento dispón que certas comisións teñan composición paritaria, en clara desconformidade coa previsión do artigo 12.4 do Estatuto.

³ É coñecida a opinión dalgúns constitucionalistas como Negri, que defenden o carácter orgánico ou procesual do dereito parlamentario, cunha visión que non é propia de sistemas políticos democráticos como o noso. Cfr. Guglielmo Negri: «Il Diritto parlamentare nel quadro del diritto pubblico» (no libro *Schritti in onore de Gaspare Ambrosini*, t. II). Dott. A. Giuffrè Editore, Milano, 1970, páx. 1414

⁴ Nesta mesma liña pronúncianse autores como BLANCO VALDÉS e PORTERO MOLINA no seu estudo introductorio á edición da *Legislación Básica de la Comunidad Autónoma de Galicia*, Editorial Tecnos, Madrid, 1994, páxs. 9 e segs.

⁵ Aspecto que destaca MARTÍNEZ ELIPE no seu recente tratado: *Introducción al Derecho Parlamentario*, Ed. Aranzadi, Pamplona, 1999, páx. 115. Se ben este autor se mostra partidario de encadra-lo tipo nórdico dentro do latino ou continental, pola maior proximidade conceptual fronte ó sistema anglosaxón.

1. A Constitución

O estado das autonomías que diseña a Constitución española de 1978 perfila algúns criterios do funcionamento do sistema parlamentario autonómico. Así, o artigo 152 da Constitución contén tamén algúns datos sobre tres aspectos do lexislativo galego que son: a referencia ó sistema electoral, a necesaria extracción parlamentaria do presidente da Xunta e a responsabilidade política do presidente e dos membros do Consello do Goberno perante o Parlamento.

Cabería preguntarse se este *minimum constitucional* é respectuoso por unha banda coa autonomía competencial, e por outra coa autonomía institucional propias da Cámara galega. Ó meu xuízo sería máis atento coa autonomía da Cámara a atribución da liberdade necesaria ós estatutos de autonomía para que estes fixasen os criterios que considerasen máis oportunos no deseño do seus respectivos parlamentos⁶.

Deixando de lado estas previsións *estáticas* do artigo 152, sen dúbida é o artigo 23.2 da CE o que contén os principios máis relevantes e de maior potencialidade no referente ó papel representativo dos parlamentarios autonómicos. Será precisamente en aplicación deste precepto cando o Tribunal Constitucional desenvolva o seu importante labor interpretativo da Carta magna en relación ó lexislativo autonómico. Deste xeito, quero deixar constancia da inexistencia no caso galego de sentencias do Tribunal Constitucional en relación a eventuais recursos de inconstitucionalidade fronte ó Regulamento parlamentario autonómico. Sen embargo, si existen variadas sentencias e autos do Tribunal que, recaídos en diferentes recursos de amparo, integran o ordenamento parlamentario galego en materias tan diversas como o xuramento dos deputados, as sancións impostas a estes e as convocatorias de sesións extraordinarias, entre outras.

Distinta consideración merece a opinión de autores como Lavilla⁷, que non dubidan en incluí-lo silencio constitucional nalgunhas materias como fonte do dereito parlamentario. En efecto, existen determinados supos-

⁶ A doutrina española maniféstase a favor de extraer consecuencias da distinta importancia política da Constitución e dos estatutos de autonomía, deriva diso a ausencia de contido programático ou material dos estatutos e límtaos ó ámbito de organización das comunidades autónomas. Así, GARCÍA DE ENTERRÍA e T. Ramón FERNÁNDEZ, *Curso de derecho administrativo*, 3ª ed., Civitas, Madrid, 1982, páx. 261.

⁷ Así, LAVILLA, J. J., «Las fuentes supralegales del derecho parlamentario», no volume colectivo *Las fuentes del derecho parlamentario*, Parlamento Vasco, 1996, páx. 64 e 65. Partindo deste tipo de argumentacións o autor conclúe a inadmisibilidade das mocións de reprobación individual dos ministros, aspecto que non considero acertado no caso galego pois as proclamacións xenéricas de responsabilidade *política* existentes no Estatuto de autonomía e na lei da Xunta e o seu presidente posibilitan a súa tramitación na Cámara galega.

tos nos que o silencio do texto da Constitución pode interpretarse, en unión de certas esixencias derivadas de principios constitucionais, como expresivo dunha regra prohibitiva.

2. O Estatuto de autonomía

Como é ben sabido, conforme o artigo 147 esta é a norma institucional básica da nosa comunidade autónoma. En concreto, a Sentencia do TC núm. 89/1984, do 28 de setembro, interpreta o apartado c) do citado artigo como unha reserva estatutaria relativa, é dicir, coa posibilidade de remisión a unha lei autonómica para a regulación de certas cuestións alí citadas⁸.

Sen dúbida que é o capítulo 1º do título I do estatuto o que delimita con máis concreción os aspectos atinentes ó dereito parlamentario galego; así e sen ánimo exhaustivo podemos enumera-las principais facetas recollidas no Estatuto de autonomía.

a) Respecto ás funcións da Cámara, están presentes no artigo 10 do Estatuto, se ben se se encontran desenvolvidas por outros textos legais como o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que contén o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, ou a lei reguladora da Xunta e do seu presidente do 22 de febreiro de 1983.

Independentemente da cláusula residual contida no apartado b) do citado artigo 10, non contén referencias explícitas a outras funcións parlamentarias que non están no Estatuto, como poden se-las que afectan as designacións plenarias ou de comisión dos titulares de distintos órganos autonómicos.

b) Tamén se regulan determinados aspectos do dereito electoral e da duración da lexislatura, que se fixa nun prazo máximo de catro anos; así mesmo, establécese a circunscrición electoral provincial e unha reserva de lei en materia electoral para a regulación dos procedementos propios das consultas populares.

c) Establécese os criterios básicos do status dos parlamentarios e a prohibición de mandato imperativo. Como é ben sabido, a inmunidade recollida no ámbito autonómico é limitada, e non implica a necesidade de suplicatorio para procesamento dos deputados.

d) Proclámase a autonomía parlamentaria nos distintos planos (organizativo, normativo e orzamentario) e establécese a necesidade de fun-

⁸ Tal é o caso na Comunidade galega da sede das institucións parlamentarias, que como é ben sabido non se delimita polo texto estatutario senón que vén fixado pola Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sede das institucións da Comunidade Autónoma de Galicia.

cionamiento en Pleno e comisións, e a existencia de sesións ordinarias e extraordinarias.

e) Conságrase estatutariamente o papel dos grupos parlamentarios e prevese a participación destes nas funcións da Cámara e o seu dereito a estar presentes nas distintas comisións.

f) No tocante ó procedemento lexislativo fíxase a publicidade deste e os medios de control da constitucionalidade das leis autonómicas. Sen embargo, non hai reservas estatutarias mínimas en materia de control para a garantía institucional do rol da oposición parlamentaria, que ó meu xuízo serían precisas para evita-los eventuais abusos dos gobernos que conten con maioría absoluta no lexislativo.

g) Prevese a existencia das institucións do Valedor do Pobo (artigo 14 do Estatuto de autonomía) e do Consello de Contas de Galicia (artigo 53 do mesmo texto legal).

h) Outórgaselle un especial tratamento á elección do presidente do Executivo e ós medios con que conta o Parlamento para a esixencia da súa responsabilidade política. Atribúeselle a esta cuestión un artigo específico dentro do capítulo 2º, regulador da Xunta e do seu presidente.

3. A lei

Este instrumento normativo preséntase historicamente⁹ como pouco axeitado para a regulación do dereito parlamentario. É clásica a cita de Miceli, para quen a lei é a fonte do dereito que está en menos harmonía co dereito parlamentario¹⁰, debido basicamente ó carácter flexible e espontáneo que ten o ordenamento xurídico das cámaras.

No noso Estado autonómico dúas clases de leis poden afecta-la regulación xurídica do Parlamento galego: as leis estatais e as leis autonómicas.

3.1. Leis autonómicas

Teñen grande importancia en aspectos tales como o da composición do Parlamento, que se regula na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, que foi reformada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro.

No plano das relacións institucionais son subliñables a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada

⁹ Así o sinala Díez PICAZO, L. M^a. na súa achega *La autonomía administrativa de las Cámaras Parlamentarias*, Zaragoza, 1985, páx. 33.

¹⁰ MICELI, *Principii di Diritto Parlamentare*, Milán, 1918, páxs. 9 e 10.

pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e a Lei 12/1989, do 4 de outubro. Así mesmo, a Lei reguladora do Consello de Contas, do 24 de xuño de 1985, contén as descrições das funcións deste organismo en relación coa Cámara, dun xeito moi parecido ó que ocorre coa Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, reformada pola Lei 3/1994, do 18 de xullo. Estas últimas crean ademais comisións parlamentarias de relación da Cámara coas respectivas institucións, aspecto este que é admitido pola doutrina¹¹ (así Aragón Reyes) sempre e cando a lei se limite á creación da comisión e non tente tamén organizala.

No tocante ós procedementos legislativos, é igualmente moi relevante a Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular, que vén a completa-las disposicións regulamentarias atinentes á elaboración das leis.

Nos procedementos de control e impulso é relevante o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que contén o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, na regulación de información trimestral das modificacións orzamentarias acordadas pola Xunta. Igualmente, varias leis sectoriais regulan a tramitación de plans e programas en sede parlamentaria, como a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, ou a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, entre outras.

Por último, a lexislación autonómica afecta a materia parlamentaria en diversos procedementos de designación de cargos. Deste xeito, pode citarse a Lei de creación da Cía. da Radio Televisión de Galicia, do 11 de xullo de 1984 (actuación do Pleno da Cámara), ou a reguladora do sistema bibliotecario galego (designación por parte da Comisión de Educación e Cultura), que conteñen especificacións acerca da designación de candidatos para certos órganos colexiados da comunidade autónoma.

3.2. Leis estatais

En primeiro lugar deben referirse aquelas normas dictadas polo Estado que integran a normativa básica nas materias antes citadas; deste xeito son de aplicación ó noso Parlamento leis como a 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e as súas modificacións e a Lei orgánica 3/1984, do 26 de marzo, de iniciativa legislativa popular.

Singular transcendencia para o ordenamento parlamentario galego ten a Lei orgánica do Tribunal Constitucional, do 3 de novembro de 1979, pois prevé o control de constitucionalidade dos regulamentos parlamentarios (artigo 27) e tamén a substanciación dos conflitos de competencias nos que pode tomar parte o Parlamento (artigo 59).

¹¹ Cfr. ARAGÓN REYES, Manuel, «Las fuentes del derecho parlamentario», no vol. *cit. supra*, páx. 44.

Outros aspectos concretos do funcionamento da Cámara vense recollidos de xeito incidental en leis orgánicas como a que aprobou o Código penal. Este texto contempla nos seus artigos 493 e seguintes algúns aspectos atinentes ó status dos parlamentarios autonómicos, e no artigo 502 a garantía penal do funcionamento das comisións de investigación. De xeito semellante a Lei orgánica de axuízamento criminal establece prerrogativas no tocante ó estatuto dos presidentes de parlamento nos seus artigos 412, apartados 5.º e 6.º e algúns outros acerca da inviolabilidade parlamentaria que contén unha interpretación extensiva do seu artigo 548.

4. O Regulamento

O Regulamento da Cámara galega intégrase nos de tipo continental caracterizados por seren uns textos ordenados e sistemáticos reguladores do funcionamento e da organización do Parlamento. Como apunta R. Punset¹², estamos ante unha norma primaria do ordenamento autonómico que se integra na categoría das normas con valor de lei.

Non é este o momento de trata-lo complexo problema na natureza xurídica do regulamento parlamentario, pero si de recordar con Balladore Pallieri¹³ a liberdade con que conta este para disciplinar tódalas cuestións que lle afectan ó lexislativo, liberdade que atopa no noso caso a limitación da importante reserva estatutaria contida no artigo 12, apartado 4, en relación a unha serie de materias propias desta norma: o número mínimo de deputados para a formación dos grupos parlamentarios, a intervención destes no proceso lexislativo e as funcións da Xunta de Portavoces. Este mandato estatutario foi cumprido polo texto do Regulamento do Parlamento de Galicia publicado no *Boletín Oficial do Parlamento* núm. 150 do 1 de setembro de 1983 modificado polos acordos adoptados polo Parlamento os días 22 de xullo de 1993 e catro de outubro de 1994¹⁴.

A posibilidade da reforma do regulamento está contemplada na súa disposición derradeira segunda, na que se prevé que se tramitará polo procedemento establecido para as proposicións de lei de iniciativa do Parlamento, e que a súa aprobación requirirá unha última votación de totalidade por maioría absoluta.

¹² PUNSET, Ramón, «La posición de los reglamentos parlamentarios en el ordenamiento español», *op. cit. supra*, páx 72.

¹³ ASÍ, PALLIERI, Balladore, *Diritto Costituzionale*, Milán, 1976, páx. 240.

¹⁴ Os textos regulamentarios citados poden consultarse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 4, do 7 de xaneiro de 1984, no *Diario Oficial de Galicia* núm. 182, do 21 de setembro e no *Diario Oficial de Galicia* núm. 3, do 4 de xaneiro de 1995.

5. Acordos dos órganos rectores

Conforme o artigo 30.1.^a correspóndelle á Mesa do Parlamento a función de interpretar e supli-lo regulamento, se é o caso, nos supostos de dúbida ou omisión. Esta competencia dos órganos rectores presenta problemas, posto que, como sinalou Pau i Vall¹⁵ para o caso catalán, non é doado distinguir en ocasións as normas que derivan da función interpretativa daquelas outras que son consecuencia do exercicio da función supletoria.

No exercicio desta competencia regulamentaria dictáronse os seguintes acordos interpretativos:

1. Resolución da Mesa do Parlamento, do 17 de abril de 1984, sobre o artigo 150.1 do Regulamento da Cámara, relativo ó prazo de substanciación das interpelacións.

2. Acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do Parlamento, do 22 de novembro de 1984, e da Deputación Permanente, do 22 de xaneiro de 1985, sobre os criterios para ordena-la elección dos membros do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

3. Resolución da Mesa do Parlamento, do 11 de abril de 1986, sobre os artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento da Cámara, relativa á delegación nas mesas das comisións das facultades destas para pedir-lles información ás institucións autonómicas, requiri-la presenza doutras persoas e acorda-la comparecencia para informar dos membros da Xunta.

4. Resolución da Mesa do Parlamento, do 20 de xuño de 1986, sobre o artigo 161 do Regulamento da Cámara, relativo ó contido, ó prazo de inclusión na orde do día e á cualificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei.

5. Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de setembro de 1986, sobre as normas de funcionamento da Comisión de Control da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e das súas sociedades.

6. Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de maio de 1987, sobre os criterios para ordena-la elección dos membros do Consello de Contas da Comunidade Autónoma de Galicia.

7. Acordo da Mesa do Parlamento, do 9 de xuño de 1987, sobre os criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais no Consello Social da Universidade que debe designalo Parlamento de Galicia.

¹⁵ PAU I VALL, E, «Las normas intraparlamentarias y el recurso de amparo constitucional (comentario á STC 44/1995). No volume colectivo *Parlamento y Justicia Constitucional*. IV Jornadas de la Asociación Española de Letrados de Parlamentos, Ed. Aranzadi, 1997, páx. 411.

8. Acordo da Mesa do Parlamento, do 16 ó 20 de setembro de 1988, verbo do prazo para a inclusión de asuntos na orde do día dos plenos e das comisións.

9. Normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo.

10. Acordo interpretativo do artigo 115 do Regulamento do Parlamento, relativo ó nomeamento dos relatorios lexislativos, á atribución de funcións e ó prazo para a redacción do correspondente informe.

11. Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia.

12. Normas supletorias do artigo 155.5 do Regulamento da Cámara para a tramitación das preguntas cualificadas de urxentes.

A diferenza da natureza normativa dos acordos da Mesa, as resolucións presidenciais conforme o artigo 31.2.º do regulamento limítanse a cumprir e a facer cumpri-lo regulamento e interpretalo e suplilo no transcurso dos debates¹⁶. A pesar de non contar cunha permanencia no ordenamento parlamentario tan importante como as resolucións da Mesa, as decisións do presidente teñen notable importancia na ordenación dos debates, como así ocorre nos tempos concedidos e na segunda rolda das intervencións, a pesar de que existe un *control intraorgánico* pola participación, en ocasións, da Mesa e da Xunta de Portavoces (artigo 144.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia).

6. Os estatutos dos partidos políticos e dos grupos parlamentarios

Constitúe un lugar común afirmar que o noso Estado contemporáneo é un *Estado de partidos*. Ó meu xuízo tampouco sería esaxerado afirmar que o Parlamento contemporáneo é un *Parlamento de partidos*, pola singular relevancia que acadan estes suxeitos na vida parlamentaria. En coherencia con estas afirmacións pódese compartila opinión de Torres del Moral respecto ó carácter imprescindible que para comprende-la vida parlamentaria teñen os estatutos dos partidos políticos e dos grupos parlamentarios¹⁷.

¹⁶ Como pode observarse, a intervención presidencial prevista no Regulamento do Parlamento de Galicia non ten carácter normativo a diferenza do disposto no artigo 32 do Regulamento do Congreso dos Deputados, onde si se lles dá este carácter ás resolucións presidenciais.

¹⁷ Así, TORRES DEL MORAL, Antonio, «Los grupos parlamentarios», *Revista de Derecho Político*, UNED, núm. 9, 1981, páx. 32.

Como constata a doutrina¹⁸, no dereito comparado trátase de fontes de coñecemento de difícil acceso e das que non existen referencias nos regulamentos parlamentarios. No caso galego confírmase estes caracteres de ocultismo que acabo de comentar, aínda que polas noticias de que se dispón trátase de documentos sucintos que adoitan ser mimeticamente copiados dos orixinais das Cortes Xerais. Por outra banda os regulamentos dos grupos parlamentarios conteñen abundantes referencias ó disposto nos estatutos dos partidos, polo que unha vez máis se reafirma o carácter apendicular que os partidos lles atribúen ós seus grupos nas cámaras. Todas estas disposicións son manifestación do auténtico mandato imperativo existente entre os parlamentarios e os seus respectivos partidos políticos en clara violación, ó meu xuízo, do disposto no Estatuto de autonomía para Galicia (artigo 11.7.º).

7. Usos e prácticas

Podemos conceptualizar os usos parlamentarios como normas de educación parlamentaria que non acadan o rango de costume e que tampouco contan cun seguimento estrito. Segundo autores como Martínez Elipe, teñen certa relevancia xurídica como *usos sociais parlamentarios*. Os exemplos clásicos que para o Parlamento inglés citaba Mohrhoff¹⁹ poden actualizarse no caso galego coa recente extensión do uso que impide a utilización de teléfonos móbiles no hemiciclo, que virá *compensar* algunhas prácticas xeralmente admitidas hoxe, como a da lectura da prensa diaria.

As prácticas parlamentarias integran esa categoría que no dereito italiano se coñece como *correttezza costituzionale*, dentro das que Biscaretti di Rufia inclúe as coñecidas como de *galateo parlamentare*, é dicir, principios de boa educación que cómpre respectar nas reunións parlamentarias²⁰. Establecen módulos de comportamento que se respectan e que integran certo compañeirismo entre os membros da Cámara.

Algunhas destas conductas teñen a protección das chamadas á orde que están previstas no artigo 105 do noso regulamento. Trátase dos supostos

¹⁸ DI CIOLO, Vittorio, «Introduzione LX», *Le Fonti del Diritto Parlamentare*, seconda edizione, Giuffrè Editore, Milán, 1975.

¹⁹ Recollidas por Martínez Elipe no seu manual *cit. supra*. Son entre outras: a obriga dos deputados a permanecer no escano e non molesta-los veciños; ó pasaren por diante do presidente deben facer unha lixeira inclinación; non pasarán por diante dos oradores se non é á distancia alomenos de tres bancos; non deben le-los xornais nin escribir cartas; deberán gardar silencio e non poderán asubiar nin facer exclamacións.

²⁰ Así, BISCARETTI DI RUFIA, Paolo, *Le norme della correttezza costituzionale*, Milano, Dott. A. Giuffrè-Editore, 1939-XVII, páx. 171.

nos que os oradores profiren palabras ou empregan conceptos ofensivos ó decoro da Cámara ou dos seus membros, das institucións do Estado ou de Galicia ou de calquera outra persoa ou entidade; así mesmo, cando nos discursos falten ó establecido para a boa marcha das deliberacións, cando con interrupcións ou de calquera forma alteren a orde das sesións ou cando, retirada a palabra a un orador, este pretendera continuar facendo uso dela.

Outras prácticas non acadan unha incorporación regulamentaria e sen embargo veñen sendo asentadas reiteradamente no noso Parlamento. Trátase de supostos como o *pairing*, polo que os deputados que se ausentan da sesión adoitan poñerse de acordo con outros dos restantes grupos para que o resultado final da votación non altere o seu sentido.

8. Costumes e precedentes

Diferéncianse da práctica na existencia da *opinio iuris seu necessitatis*²¹, isto é, a conciencia xurídica de que a repetición dos usos ten valor xurídico. No dereito parlamentario galego entendo que pode considerarse como tal a existencia dunha segunda quenda de intervención no debate por parte do propoñente nas proposicións non de lei, de tal xeito que hoxe se faría necesaria algunha referencia normativa expresa para modifica-la ordenación do debate.

Trátase dunha fonte, o costume parlamentario, que ten unha maior base racional que o costume como fonte xeral do dereito e que por ese mesmo motivo non precisa dunha reiteración tan longa para entenderse consolidada.

O precedente parlamentario nace da aplicación normativa por parte dos órganos rectores, principalmente do presidente do Parlamento e das distintas comisións. Suscítase o problema da existencia de precedentes *contra legem*, como os xurdidos con motivo do debate público das conclusións das comisións de investigación xa referidos anteriormente. Ó meu xuízo non deben ser considerados como tal precedente, posto que non cabe atribuírlles eficacia derogatoria a estes actos de aplicación das normas. A propia doutrina italiana (así V. Longi) relativiza a vinculatoriedade dos precedentes entendendo que poden varia-las decisións segundo as circunstancias políticas existentes (así, segundo que exista ou non maioría absoluta no Parlamento de que se trate).

²¹ A pesar de que autores como NORBERTO BOBBIO negan este requisito para o costume. Así, *Le consuetudine come fatto normativo*, 1942, páx. 31.

9. As convencións e os acordos políticos


Segundo Wheare as convencións poden ter unha dobre orixe segundo deriven de costumes ou de acordos políticos²². En todo caso esta fonte ten pouca importancia no dereito continental e por conseguinte no dereito parlamentario galego. Querendo atopar algunha manifestación dela entre nós, tal vez poida considerarse como tal a renuncia tácita dos deputados do grupo parlamentario que apoia o Goberno a presentar interpelacións e a súa exclusión no cómputo da cota prevista no artigo 158 do Regulamento do Parlamento de Galicia en relación á famosa *question time*.

Os acordos políticos teñen en ocasións unha orixe extraparlamentaria pero acadan relevancia interna evidente. Atopámonos aquí coa problemática xenérica da dispoñibilidade do dereito parlamentario, que constitúe un dos principais temas de debate dos estudiosos do dereito parlamentario español.

Nun plano distinto non cabe dúbida de que acordos políticos como son os que dan lugar á formación de coalicións electorais provocaron conductas intraparlamentarias relevantes con importantes efectos na vida interna da Cámara.²³ ■

²² WHEARE, K. C., *Las constituciones modernas*, Ed. Labor, Barcelona, 1971, páx. 128.

²³ Así, o acordo de coalición electoral entre o Partido Socialista de Galicia-PSOE e Esquerda de Galicia vén provocando no funcionamento da Cámara a presentación mancomunada de solicitudes de comparecencia que no noso dereito parlamentario esixen a vontade coincidente de dous grupos parlamentarios.



SEMINARIO GALEGO-LUSO SOBRE FORMAS DE XESTIÓN DOS SERVICIOS PÚBLICOS LOCAIS

(Deputación Provincial de Lugo, 22 e 23 de setembro de 1999)

Ana M.^a Giráldez Riveiro

Bolseira de colaboración en tarefas
de estudo e de investigación da EGAP

No salón de sesións da Deputación Provincial de Lugo tivo lugar, os días 22 e 23 de setembro de 1999, o Seminario galego-luso sobre formas de xestión dos servizos públicos locais. Coa realización deste seminario, a Escola Galega de Administración Pública propúxose clarexalo panorama, desde a perspectiva do dereito comparado vixente en Galicia e na Rexión Norte de Portugal, dun tema básico para a Administración local, como é o das formas de xestión dos servizos públicos.

Os servizos que lles brinda a Administración local ós cidadáns deben ser da maior calidade posible en todas e en cada unha das áreas municipais. Xorde daquela, de maneira case inevitable, o tema da xestión dos ditos servizos. Neste seminario estudiáronse con especial interese as formas indirectas de xestión dos servizos públicos locais, en concreto, figuras como a concesión, as empresas de economía mixta e todo o que rodea a contratación da xestión dos servizos públicos locais tanto en Galicia como en Portugal, coa esperanza de que as reflexións e as retribucións alí realizadas fosen de utilidade para os técnicos municipais de ámbalas dúas rexións e, en definitiva, para tódolos implicados dalgunha maneira na busca do benestar social.

Mércores, 22 de setembro

Sesión de apertura: Domingo Bello Janeiro, director da EGAP, Júlio Pereira e Faustino Martínez, coordinadores do seminario e Francisco Cacharro Pardo, presidente da Deputación de Lugo, a quen lle correspondeu a inauguración do seminario.

As primeiras palabras do seminario correspondéronlles ós seus coordinadores Júlio Pereira, en representación da Rexión Norte de Portugal, e Faustino Martínez, pola parte galega. Ámbolos dous amosáronlle o seu máis sincero agradecemento á EGAP pola oportunidade de analizar comparativamente as experiencias galega e portuguesa na xestión dos servizos públicos locais.

Domingo Bello Janeiro, director da Escola Galega de Administración Pública, destacou o esforzo que a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación da Rexión Norte de Portugal veñen realizando desde hai tempo en materia de cooperación transfronteiriza. Ámbalas dúas rexións estanse a converter nun dos exemplos máis significativos do que se pode entender como unha auténtica experiencia de cooperación transfronteiriza. Neste sentido sinalou a necesidade de políticas de coordinación entre os estados limítrofes das rexións fronteirizas centradas fundamentalmente en bases rexionais e locais. Desde esta perspectiva, a aposta pola Administración local foi unha das pautas de preferencia para a EGAP nestes últimos anos xa que as entidades locais están chamadas a se-la Administración do futuro.

Francisco Cacharro Pardo, presidente da Deputación de Lugo, nas súas palabras de inauguración quixo sinala-la oportunidade que para a cidade de Lugo representa a realización deste seminario e amosou as súas esperanzas de que o dito evento se converta na base para futuros encontros. Así mesmo, destacou o crecente protagonismo da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e a importancia da xestión dos servizos públicos locais para ámbalas dúas rexións.

Intervención de Francisco Sosa Wagner, catedrático de dereito administrativo da Universidade de León

O profesor Sosa Wagner foi o encargado de pór enriba da mesa o primeiro tema do día, *as concesións administrativas*. No comezo da súa exposición lembrou as normas e os conceptos básicos para presentar despois algún dos problemas actuais da concesión administrativa. Para o relator, a concesión administrativa é a que lles dá soporte xurídico ós servizos públicos locais. A través desta figura fixéronse e fanse grandes fortunas no noso país, polo que se converteu no *soporte xurídico da gran corrupción*, e de aí a importancia da súa análise. Por medio da concesión transfíreselle a unha persoa física ou xurídica a xestión dun servizo, e esta asume o risco económico da actividade concedida. Pode comprende-la construción

dunha obra ou a pura xestión do servicio. A concesión, sinala o profesor, é unha *modalidade de xestión de natureza contractual* sobre a que inciden os poderes da Administración detallados na lexislación local básica.

Na súa opinión, a lexislación española asumiu de maneira máis ou menos correcta a lexislación europea de contratos na Lei de contratos das administracións públicas¹. A idea fundamental para o profesor Sosa Wagner é a da *concesión como contrato* polo que cobran especial importancia os termos da relación entre a Administración pública e o concesionario que se configuran nos pregos de condicións.

Tras unha análise moi xeral sobre a preparación e a adxudicación da concesión de servicio público (o expediente e a súa tramitación, os pregos, as garantías, a publicidade na contratación, os procedementos e as formas de adxudicación, perfección e formalización), as obrigas do concesionario² (prestación do servicio de maneira regular e continua na forma imposta pola Administración, indemnización de danos a terceiros, respecto ó principio de non discriminación, etc.) e os dereitos do concesionario, centrouse nos dereitos económicos da concesión.

A concesión nace ó lles confía-la Administración pública a particulares a xestión dos servicios públicos conectados coas novas técnicas. Incorpora-los empresarios esixía ofrecerlles un acicate o suficientemente atractivo como para capta-la súa atención refírese o profesor Sosa Wagner á retribución do concesionario, deseñada nun principio sobre o modelo do risco e da ventura. A Administración pública pon en mans dun empresario a administración dun gran negocio, e o empresario eríxese así en beneficiario desta relación. Dáse a concesión para a explotación e o beneficio e o risco é para o empresario. O principio de risco e ventura predomina en toda a xurisprudencia do Consello do Estado español e é o que ilumina a resolución dos contratos de concesión de servicios públicos.

¹ A Lei 13/95, do 18 de maio de contratos das administracións públicas, foi recentemente modificada pola Lei 53/99, do 28 de decembro, BOE núm. 311, do 29 de decembro de 1999. As razóns para a súa modificación encóntranse na necesidade de darlle cumprimento ó mandato contido na disposición transitoria decimoitava da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que obriga o Goberno a remitirlle ó Congreso dos Deputados un Proxecto de lei de reforma da citada Lei de contratos das administracións públicas. Por outro banda, a incorporación obrigatoria á lexislación española das modificacións producidas na normativa comunitaria sobre contratos públicos, así como a aclaración do sentido de determinados conceptos, corrección de certas deficiencias técnicas e, sobre todo, a introducción dunha maior obxectividade, transparencia e concorrencia na contratación administrativa, foron motivos máis que suficientes para a modificación. A dita modificación respecta a estrutura e a numeración de preceptos, sen máis alteracións que as necesarias derivadas do seu novo contido.

² Obrigas detalladas no art. 128.1 do Regulamento de servicios e no art. 162 da Lei de contratos.

A promulgación da Lei de ordenación da edificación era agardada con certa expectación polo mundo xurídico. A inquedanza producida pola mobilidade extrema do ordenamento urbanístico, así como a importancia crecente do sector da edificación e das súas conexións evidentes cun compromiso social de funcionalidade, economicidade, harmonía e equilibrio do medio contribuíron a un clima de esperanza e a certas dúbidas ó respecto do alcance e posible acerto desta anunciada norma.

A publicación, por fin, no *BOE* do 6 de novembro, da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, desvelou as incógnitas producidas, e incorpora ó noso ordenamento un texto longo, complexo e novo, que regula polo miúdo os diversos aspectos do proceso da edificación e fixa as obrigas e as responsabilidades dos axentes que nel interveñen.

A norma é, en efecto, extensa, xa que aínda que está estruturada nunha vintena de artigos, contén moi minuciosos preceptos e ata sete disposicións adicionais de fondo contido. É complexa, xa que intrincadas son as relacións ás que o proceso de adxudicación dá lugar, e tamén porque tal contextura obriga a incluír e a articular normas administrativas, normas de dereito civil e normas de dereito mercantil. E é nova, porque a lei pretende globalizar con axeitados criterios uniformes a dispersa e a variada normativa reguladora da edificación.

Unha vez máis o puntual e prolixo comentario do profesor González Pérez vai encher de luz a interpretación e a aplicación desta peculiar norma. Trátase dunha coidada edición de máis de seiscentas páxinas inzadas de consideracións doutrinais do autor e de xurisprudencia, a máis dunha precisa anotación a rodapé, todo isto articulado coa sistematización tradicional neste tipo de obras de González Pérez.

Precisa atinadamente o autor que, presentada *ab initio* como un chanzo máis da lexislación urbanística estatal, poderíase agardar que esta lei contiñese a regulación precisa do que neste ámbito se mantén como competencia do Estado, e culminaría deste xeito a normación do proceso urbanístico. Non é, sen embargo, así. A edificación non se contempla no texto legal desde unha perspectiva urbanística. Tan só o artigo cinco fai referencia ás licencias e ás autorizacións administrativas procedentes e a súa regulación remite ó dereito urbanístico. Isto non impide que, no comentario, se dediquen a este artigo cinco máis de cen utilísimas páxinas, todo un compendio de consideracións con base xurisprudencial e moi actualizadas.

O antedito leva a González Pérez a encadrar esta lei non na lexislación urbanística, senón na lexislación delimitadora das competencias profesionais no sector, se ben tal operación resulte en boa medida frustrada. En calquera caso, a pretensión legal obriga a incluír, como se dixo, normas moi heteroxéneas, todas elas, iso si, referidas ó proceso da edificación. Trátase, maioritariamente, de normas de dereito privado, que regulan as relacións entre os suxeitos que interveñen neste proceso, normas orientadas á garantía da calidade da edificación, o que obriga, ademais, a regular polo miúdo as responsabilidades en que tales suxeitos poidan incurrir. Introdúcense necesariamente normas mercantís, que inciden e que modifican a lexislación vixente neste sector do ordenamento. Tales garantías póñense ó dispor do destinatario da edificación, polo que esta nova norma non deixa de ser un complemento sectorial da Lei 20/1984, de defensa dos consumidores e dos usuarios.

Hai tamén na lei, e así o salienta o autor, unha complexidade técnica importante porque, como el mesmo di, *no es con normas jurídicas con lo que se logra la calidad, seguridad e salubridad de las edificaciones, sino cumpliendo una serie de normas básicas que se contendrán en el Código técnico de edificación*, que a lei prevé que se elabore nun prazo de dous anos. Tal base técnica obrigou o autor a unha, –como el di– breve saída do campo que cultiva, saída ó mundo técnico que, se ben se mira, non é tal, xa que o dereito é así xustamente en moitos sectores, e non por iso é menos dereito, nin tampouco o profesor González Pérez cultivou o dereito puramente formal, afastado da realidade técnica que, no seu caso, o condiciona.


Cuestión subliñable é tamén nesta lei o abuso de disposicións adicionais que, ademais, se utilizan incorrectamente. Xa advirte o autor que no Senado se manexou esta lei, *como si fuese una lei de acompañamiento a la de presupuestos*, para modifica-la regulación do dereito de reversión contido na le-

xislación expropiatoria. Pero non só iso, senón tamén para modificar outras normas (como o Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro) ou para xogar caprichosamente coa entrada en vigor dos preceptos contidos na lei.

Sobre a súa incorrecta, aínda que moi habitual, práctica, que perturba a claridade e a seguridade xurídica, neste caso estamos diante dun exemplo especialmente significativo. Advirte González Pérez desta *anómala vía de modificar la legislación expropiatoria por una ley reguladora de la edificación*, ó transcribi-lo parágrafo da exposición de motivos, que pretende, e non acada, xustificar tal proceder. E ben merece o lexislador o reproche, sobre todo de ter presente a disposición final cuarta do texto, que non ten desperdicio:

Esta ley entrará en vigor a los seis meses de su publicación en el Boletín Oficial del Estado, salvo sus disposiciones adicional quinta, transitoria segunda, derogatoria primera por lo que se refiere a la legislación en materia de expropiación forzosa, derogatoria segunda, y final tercera que entrarán en vigor el día siguiente al de dicha publicación.

Estamos, xa que logo –e perdón polo cinismo–, perante un prodixio de seguridade xurídica e de clarezza de norma, norma na que o dereito adicional e transitorio comeza a súa vixencia seis meses antes de que o faga a propia lei. Fronte a isto, pouco poden os ben intencionados esforzos dos cultivadores da lexística ou técnica lexislativa. Pero quizais o peor, con todo, sexa que a razón última deste comportamento, alomenos no caso da reversión, peque de rexeitable tacticismo. O propio González Pérez menciona no prólogo o *segredo de Pulchinel*: a modificación e a inmediata vixencia do dereito de reversión faise *sin duda con vistas a alguna operación urgente prevista por nuestros políticos*. Ben lonxe todo isto, pois, dun uso rigoroso da técnica normativa.

Moitas son, xa que logo, as suxestións que suscitan estes novos comentarios de González Pérez. A súa clara sistematización e os completos índices analíticos que a obra inclúe facilitan o manexo do que sen dúbida constitúe un verdadeiro manual do dereito da edificación. 

Pablo González Mariñas

*Profesor titular de dereito administrativo
Universidade de Santiago de Compostela*

«*Democracia e territorio*»

VV. AA.

Grial nº. 142, abril, maio, xuño, tomo XXXVII, 1999, 366 páx.

A conxunción de tradición e de modernidade, territorio e identidade, parroquias e comarcas, o pasado con proxección ó presente e o futuro da *Nosa Terra*, son constantes que inspiran e articulan o núm. 142 da revista *Grial*. Nel colaboran destacados persoeiros para aborda-lo tema *democracia e territorio*, desde unha perspectiva sociolóxica, global e interdisciplinar, galega pero ó mesmo tempo universal.

O lector ten nas súas mans un libro ben articulado, cunha filosofía e cunha liña argumental moi clara, crítica pero constructiva, contrastada, e exposta de forma pouco habitual por estudiosos que ligaron o seu quefacer académico e político ó impulso da democracia no territorio galego.

Pablo González Mariñas defende a parroquia e a comarca como pezas obrigadas da organización territorial galega, e faino de forma ponderada e con claros matices de sosego intelectual; pon en evidencia a falsa, estéril e interesada contraposición entre tradición e modernidade.

É sabido que a reivindicación do recoñecemento legal das parroquias e das comarcas é unha cuestión de rexa tradición histórica en Galicia, preterida en moitas ocasións. As formas propias de organización da convivencia non foron respectadas polo uniformismo centralista dos liberais, que impuxeron, de xeito artificialo, divisións administrativas alleas, trazadas por tiraliñas e compás (concellos, provincias e deputacións provinciais).

Pasou moito tempo ata que o artigo 2 do Estatuto de autonomía de Galicia ordenou que a organización territorial tivese en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento, e ata que o artigo 27.2 do Estatuto recoñeceu a parroquia e a comarca como entidades locais propias de Galicia. Sen embargo, a Lei de Administración local galega (publicada no *DOG*, do 5 de agosto de 1997) pretire o tratamento das parroquias rurais (difire a súa regulación para unha lei posterior) e cerna a posibilidade de que as comarcas sexan verdadeiras entidades locais.

O vello problema histórico quedou irresoluto, e a tradicional tensión entre uniformismo e diversidade adquire, unha vez máis, raiante actualidade. Alguén dixo que *a mellor modernidade é a que non traizoa as esencias*, e quizás por iso o profesor González Mariñas, fronte ó que cualifica noutras obras de *entronización de concellos e provincias como entidades clave da organización da comunidade autónoma*, avoga por mante-las institucións locais autóctonas (parroquia e comarca), e dotalas de funcionalidade e practicidade.

Referíndonos ás parroquias, Artur Manuel Moura Baptista Pereira descríbennos un modelo semellante e institucionalizado no contexto da Administración portuguesa: as freguesías (rurais ou urbanas). No Porto e en Lisboa pódense ver carteis referidos ás asembleas e xuntas de freguesía, órganos de goberno elixidos por sufraxio cada catro anos, que teñen atribucións e competencias recoñecidas estatutariamente (xa sexan propias ou delegadas polo concello). Este réxime estúdiase por se algunha vez se chega a cumpri-lo mandato do noso Estatuto de autonomía, e as parroquias se institucionalizan.

Rubén Camilo Lois González ofrécenos unha perspectiva apaixonante sobre dos cambios operados na comunidade territorial galega. Rompe maxistralmente cos tópicos e ideas prefixadas do pasado que enfaixan o noso país desde obras publicadas nos anos 70. O continuo despoboamento e abandono do interior, que pon en crise o protagonismo das parroquias, o proceso de urbanización desenfreado, a actual globalización da economía, a uniformización de modelos de conducta e, en definitiva, as transformacións económicas, sociais e culturais operadas, explican, segundo o autor, a organización do espacio galego en claves diferentes.

É certo que, no interior de Galicia, non se pode descoñecer-la existencia de parroquias e comarcas, pezas clave da organización do noso territorio, mais o crecemento e a dinámica urbanizadora das aglomeracións urbanas do litoral demandan a creación de entidades metropolitanas, mancomunidades, etc. Por iso hai que seguir avanzando na interpretación da Galicia actual, e facer un diagnóstico e un tratamento diferenciado das situacións ás que nos vimos referindo, que non contraríen a nosa identidade.

Joaquín Herrero Lorente e Pedro Corvinos Baseca avanzan sobre os novos procesos urbanos e os cambios territoriais que superan os vellos lindeiros administrativos dos concellos; as novas unidades territoriais (metrópoles, *metápoles*, etc.) precisan un modelo específico de goberno do territorio axeitado

ás súas especificidades. Cómo e quen ha de goberna-los novos ámbitos territoriais é a cuestión chave que se formula; unha esixencia ineluctable ha de ser que o goberno sexa democrático, baseado nunha participación cidadá equilibrada coas decisións técnicas e consensuada coas administracións, sen esquecer, endexamais, a identidade que proporcionan as nosas orixes.


Michael Keating, politólogo cosmopolita, departe nunha entrevista sobre o eixo temático deste libro, *democracia e territorio*. Hai algunhas ideas interesantes para a nosa reflexión persoal: se o principio de soberanía nacional e absoluta do Estado está esgotado (aí está o caso Pinochet e a perda continua de poder dos estados en favor da Comunidade Europea); se estamos perante a fin do territorio e do Estado-nación, que decaen perante a mundialización da economía e do mercado; a loita entre mercado e democracia (o que leva a preguntarnos se esta desaparece en mans daquel); se os continuos avances dos medios de comunicación (que espallan culturas minoritarias, sen teren territorio e sen Goberno) –internet– favorecen a idea da *aldea global*, e quizais xorde un novo modelo de organización ou unha nova orde democrática?

Hoxe somos testemuñas da crise do comunismo, e anque non sexa tan clara, quizais tamén do capitalismo, pois ámbolos dous sistemas trataron de competir como grandes sistemas de produción, esquecéndose doutros valores humanos que hai que resucitar. Ante a crise actual das ideoloxías e dos partidos políticos (que non están acostumados a actuar a escala mundial, perdendo a súa eficacia e modernidade) e perante os continuos intentos de facer capitular a democracia nas mans do mercado, é preciso que haxa quen faga políticas públicas dentro dun marco baseado nunha realidade cultural coa que os cidadáns se poidan identificar.

Volvendo a nós, Xosé Luís Barreiro Rivas teoriza sobre o proceso de modernización e de reforma das estruturas administrativas galegas, defende o proceso de comarcalización, freado pola existencia das deputacións provinciais implantadas por un réxime centralista, alleo, e que seguen a ser moi criticadas por sustentaren a estrutura clientelar que se asenta en Galicia. O artigo, que contrapón clientelismo e modernidade, escrito en clave de cambio político, considera precisa a modificación do sistema de participación electoral para continuar no proceso de modernización política e administrativa.

Álvaro Xosé López Mira chama a atención sobre o sistema electoral galego, que é unha copia do español sen ter en conta a idiosincrasia galega. Coincide con tódolos estudiosos que critican ó actual réxime electoral (pero que non fan nada por cambialo), e de xeito claro e sinxelo fai unha proposta de modificación alternativa baseada en listas desbloqueadas e abertas, supresión do 5% preciso para acceder ó escano, supresión da representación mínima provincial de 10 deputados, cambio da circunscrición electoral adaptándoa á distribución da poboación galega (creación de distritos comarcais ou que Galicia sexa circunscrición única) etc.

Neste libro mestúranse ideas, opinións, reflexións de persoas que veñen

de distintos eidos: xuristas, politólogos, xeógrafos, etc. Abórdase o tema dunha forma global, racional e contrastada. Hoxe máis ca nunca hai que volver falar do territorio, do lugar onde acontecen os feitos humanos: anque camiñemos cara a unha *aldea global*, tamén imos cara á *Europa dos pobos*, na que hai que respecta-la nosa cultura, a nosa identidade e a nosa idiosincrasia, que nos acompañan alí onde imos. Se compartimos esta idea, o obxectivo final está conseguido. 

Eduardo Pérez Mazaira

*Avogado. Profesor titor do
centro asociado UNED-Ourense*

Derecho en Internet

Miguel Ángel Adame Martínez

Ed. Mergablum. Edición y Comunicación, Sevilla 1998, 358 páxinas

Internet, concepto do que se fala case a diario pero do que aínda se descoñece a totalidade das súas posibilidades e perspectivas, estase a converter, sen dúbida, nun dos adiantos tecnolóxicos de maior impacto do noso século, unha *revolución* que afectará a todas e a cada unha das actividades do ser humano e que transformará, radicalmente, o seu modelo de relación interpersoal. Os cambios que o desenvolvemento deste fenómeno orixina, teñen que ver, fundamentalmente, coa forma en que se transmite, se distribúe e se accede á información en beneficio dunha sociedade na que o máis importante vai se-la facilidade de acceso ás fontes de información e a posibilidade de producir accións *a distancia*¹,

Como sinala G. Pareras², *Internet está rompiendo la sociedad al crear dos tipos de personas: las que aprovechan las ventajas que la era de la información brinda y las que viven sin conocer estas ventajas (...) es tan poderoso como instrumento de trabajo, que provocará una evidente desigualdad entre los que lo manejan y los que no.* Neste sentido, as profesións técnicas, como as rela-

¹ Vid. PAZOS SIERRA, Alejandro e José MO BARREIRO SORRIBAS (coord), *Seminario «Teleinformática»*, Fundación Alfredo Brañas, Poio, Pontevedra, xullo de 1995.

² Vid. G. PARERAS, Luís, *Internet y derecho*, Masson, S.A., Barcelona 1998, páx. 2.

cionadas co mundo do dereito, nas que no seu exercicio e no seu desenvolvemento é fundamental a comunicación entre compañeiros, serán as primeiras beneficiadas. Así o demostra o crecente número de profesionais deste sector que utilizan a rede como ferramenta de traballo imprescindible.

Na obra que agora nos ocupa, *Derecho en Internet*, do profesor Ángel Adame Martínez³, non se fala, como era de supor, das implicacións xurídicas que poida te-la rede. Precisamente a orixinalidade desta obra radica nunha aproximación a Internet como fonte de información xurídica, cuestión de grande interese para todos aqueles que dalgunha maneira empregamos Internet como subministrador de información de carácter xurídico case a diario.

Daquela, o libro non pretende darlles respostas a tódalas cuestións que xorden ante o extraordinario pulo que adquiriu Internet na nosa sociedade; tampouco se trata dun libro dirixido a persoas con amplos coñecementos de informática ou de navegación por redes telemáticas, senón que é, sobre todo, unha útil guía que facilita un aproveitamento profesional óptimo das múltiples posibilidades que Internet ofrece como fonte de información.

En definitiva, estamos ante una sinxela guía ou manual práctico para localizalo que realmente interesa dentro do amplo e complexo mundo do dereito, e escolle-la a información para, tal e como sinala o autor, *no perdernos en esa maraña informativa que es Internet*. Este é, sen dúbida, o principal obxectivo do libro.

A obra está estruturada en dous grandes bloques, un de carácter introductorio e outro máis específico que require, se cabe, unha lectura máis detida, de tal xeito que se converta nunha ferramenta de apoio fundamental para todo profesional do dereito. Na súa redacción utilizouse unha linguaxe clara e accesible que procura, na medida do posible, afastarse dos tecnicismos propios desta materia. A continuación, expomos brevemente o contido de ámbalas dúas partes:

I. Se se quere saber cómo naceu Internet, cáles son os protocolos nos que se basea, os requisitos para o seu acceso, os tipos de conexión e cómo se manexa, a primeira parte do libro, que leva por título «Introducción a Internet», é de lectura recomendable. Nela explícaselles ós *non doctos* na materia a propia lóxica de Internet, os distintos segmentos nos que se divide a rede e analízanse, entre outras funcións, a World Wide Web, o correo electrónico e a función Telnet.

Aprender a buscar información na rede é a finalidade principal desta primeira parte do libro. Trátase de ver cál é a información que nos pode proporcionar e cómo podemos pola a traballar ó noso servizo. Hai que coincidir co autor cando afirma que ante o *mare magnum de información* unha gran parte

³ Ángel ADAME MARTÍNEZ é doutor en dereito e profesor de dereito civil e internacional privado da Universidade de Sevilla.

do camiño está avanzado se sabemos onde buscar, é dicir, a dirección do *sitio*. Pero cando se descoñece o enderezo concreto, o uso adecuado das estratexias de busca na rede convértese nunha necesidade.

Tras facer un breve comentario acerca dos problemas de fiabilidade e de seguridade da información que obtemos da rede e unha descrición dos pasos que cómpre seguir para unha óptima busca, o profesor Adame detense na análise pormenorizada dos instrumentos de busca máis coñecidos e empregados na rede. Así, destaca, entre outros moitos, Altavista, un dos mellores buscadores de palabras e dos máis visitados.

Internet divídese en dúas partes ou segmentos, por unha banda, os segmentos informativos que lle permiten ó usuario obter información, entre eles está o *www*, *Gopher*, *Telnet*, *FTP* e as listaxes de correos e, por outra banda, os segmentos comunicativos que permiten o intercambio de información entre usuarios que se poñen en contacto na rede –aquí sitúa o correo electrónico e os grupos de noticias como instrumentos de comunicación fundamental.

O *www* (*World Wide Web*), a estrela de Internet, recibe un extenso tratamento a partir da páxina 103. É o segmento informativo principal de Internet, en tanto que vai ser no que se mova normalmente o usuario. A súa importancia é significativa, de feito a verdadeira popularidade da rede chegou cando se deseñou esta arañeira global, e os programas que serven para navegala de maneira gráfica, os navegadores, convertéronse na verdadeira punta de lanza da rede. Trátase dun dos intentos máis recentes e á vez máis poderosos de sistematizar e de simplifica-lo acceso á información en Internet. O dito servizo experimentou un crecemento tan espectacular que revolucionou o concepto de comunicación da información dentro da rede de redes.


Respecto ós segmentos comunicativos destacan os grupos de noticias, foros de discusión a través da rede, que ofrecen acceso mediante Internet a debates relativos a milleiros de temas concretos.

II. O segundo e último bloque do libro que leva por título *Derecho en Internet* amósanos o que podemos atopar na rede de interese para un profesional do dereito. Inclúe ademais un ensaio de enderezos útiles que pretende cumprir unha dobre función: aforrar tempo e gañar confianza sobre as posibilidades que a rede ofrece. Este catálogo de enderezos xurídicos non é unha simple enumeración de enderezos, senón que todas elas están clasificadas e amplamente comentadas. Predomina aquí a atención ós servidores xurídicos españois e en castelán para logo se deter brevemente nos directorios xurídicos xerais.

Cómpre asimila-lo contido desta parte do libro na que atopamos unha ordenación dalgúns dos enderezos máis interesantes na rede en torno a uns tópicos troncais nos que, no noso país, se divide a exposición do dereito. A idea é ofrecerlle ó lector algúns exemplos do que pode obter en liña. Así, atopamos enderezos útiles para obter información sobre dereito civil, penal e criminoloxía, dereito mercantil, dereito constitucional e partidos políticos, dereito

administrativo e Administración pública (apartado ó que se lle adican amplas páxinas dada a grande oferta informativa que podemos encontrar) dereito do medio natural, etc. O material xurídico complétase con referencias a outras fontes de información que poden ser interesantes para os xuristas.

Finalmente, no apéndice do libro recóllense as listaxes de dereito (*law lists*), que constitúen, en opinión do autor, un excelente traballo, un dos maiores obsequios que se fixeron para fomenta-lo diálogo internacional entre xuristas, polo que convén familiarizarse con elas e cos seus contidos. É un catálogo minucioso dos foros electrónicos de discusión relativos ó mundo do dereito e indícase cómo acceder a eles.

Qué é Internet, qué se pode atopar e, sobre todo, cómo achalo, son os temas que se explican a través das páxinas deste libro. Os profesionais do dereito ou calquera persoa que precise recorrer a información de carácter xurídico non debe desaproveita-las posibilidades que Internet ofrece. Neste sentido, a obra do profesor Adame convértese nunha guía de grande utilidade para nos acompañar na emocionante viaxe pola rede de redes. Non esquezamos que Internet constitúe unha fonte de recursos de información e de coñecemento compartidos a escala mundial, non existen fronteiras para Internet, e esta é unha das características que a fan tan apaixonante. 

Ana M.^a Giráldez Riveiro

*Bolseira de colaboración en tarefas
de estudio e de investigación da EGAP*

Intervención pública en el deporte

Iñaki Agirreazkuenaga

Ed. Civitas, Madrid, 1998

○ sempre fascinante mundo do deporte, que como comunmente se di *levanta paixóns*, con toda a influencia e real transcendencia que exerce en amplos e importantes sectores da nosa sociedade, non só constitúe unha realidade heteroxénea que se manifesta nunha infinidade de variantes e modalidades moi dispares, con escasos elementos comúns en moitos casos, senón que se trata igualmente dun complexo fenómeno cultural no que conviven multitude de ambigüidades e contradicións. Un mundo absolutamente paradoxal no que o sempre respectable afán de superación individual, a xenerosidade, o altruísmo ou o respecto ós contendentes e ós adversarios son valores que, por desgracia e en detrimento do espírito que en teoría se lle presume ó deporte, dexeneran a miúdo na deshumanización dos deportistas, idolatría do triunfo custe o que custar e mercantilización abusiva, e en que se chega a constituír como fin último a obtención de ingresos e o mero enriquecemento. Todo iso sen esquecer que en moitos casos o espírito do bo deportista culto é desprazado polo pracer do risco polo risco, no que tralos belos ideais de paz do olimpismo universalista se oculta a escura realidade dun nacionalismo exaltado e pedestre que idolatra o orgullo nacional, identifica coas seleccións deportivas e xerarquiza o prestixio dos diferentes países e a dignidade dos seus cidadáns polo número de medallas ou éxitos obtidos nas competicións de ámbito internacional (véxanse os casos de vandalismo violento e xenófobo).

Polo tanto, encontrámonos ante un tema de palpitante actualidade permanente. As noticias flúen en continua ebulición; cobran nova vida cada día, sucédense incesantemente sen solución de continuidade, e todo iso cun trasfondo xurídico-público nunca desprezable¹.

Así, como exemplos desta realidade, poderíamos sinalar, entre outros, algúns que tiveron certo eco na prensa nas últimas temporadas: a inseguridade en numerosos espectáculos deportivos sáldase ás veces co drama dos accidentes que ocasionan a morte masiva nos estadios; a esixencia en España da Comisión Nacional contra a Violencia para que se actúe contra a reiterada colocación de pancartas, bandeiras e símbolos fascistas nos recintos deportivos é reiteradamente desoída; por outra parte, a negativa da Federación Española de Balonmán para tramita-la ficha ou licencia dun xogador sueco por consideralo estranxeiro e non comunitario, saldouse, trala intermediación sen éxito das máximas autoridades deportivas, nos tribunais; etc.


Aínda que por motivos ben distintos ós sinalados, o dereito que regula o deporte e as actividades deportivas tampouco resulta alleo ó paradoxo e á contradicción. Como queira que o deporte organizado, sexa ou non competitivo, se practica segundo unhas determinadas regras de xogo que transcenden as fronteiras políticas e ideolóxicas, na ordenación e disciplina das actividades deportivas destacou sempre a súa dimensión internacional ou supraestatal, presidida pola idea da autosuficiencia das propias normas e estruturas deportivas de iniciativa privada, non necesitadas de tutelas, intervencións ou controis dos estados ou de organizacións políticas supranacionais. A partir desa idea chegáronse a concretar algúns dos mitos do ordenamento deportivo contemporáneo que orixinaron a paradoxal subordinación fáctica da soberanía dos estados fronte a unha suposta posición preferente do ordenamento deportivo internacional, co implícito recoñecemento por parte daqueles da competencia do Comité Olímpico Internacional e das federacións deportivas internacionais na ordenación e disciplina das actividades de carácter deportivo.

O profesor Iñaki Agirreazkuenaga, no seu libro que leva por título *Intervención pública en el deporte*, puxo como norte a delimitación dos contornos do público no dereito deportivo. Con iso pretende pescudar en qué medida se manifestan os actos materialmente administrativos nunha actividade aparentemente privada, coa finalidade de facilita-la distinción entre a lexítima intervención administrativa e a autonomía privada no dereito do deporte. Para os efectos analiza as estruturas internacionais deportivas como paso previo ó exame do ordenamento xurídico no noso país á luz do dereito comunitario. Así mesmo, afóndase na organización pública do deporte, para concluír co exame da natureza xurídica e as funcións atribuídas ás federacións deportivas.

¹ Como reza o inicio do preámbulo da Lei estatal 10/1990, do 15 de outubro, o deporte, nas súas múltiples e moi variadas manifestacións, converteuse no noso tempo nunha das actividades sociais con maior arraigamento e capacidade de mobilización e convocatoria.

No prólogo á obra, o ex-maxistrado do Tribunal Constitucional e catedrático de Dereito Administrativo, Jesús Leguina Villa, afirma que *el brillante y persuasivo razonamiento de que hace gala el autor se mueve siempre dentro de los linderos de la lógica jurídica, no de la axiología. Sería constitucionalmente posible -advirtenos- que el modelo cambiase en una dirección privatizadora, similar a la británica o alemana, de modo que el poder público se limitara a actividades de fomento en sentido estricto, distanciándose del deporte organizado y devolviendo a éste las funciones y prerrogativas que hoy ostentan los entes federativos. Aunque difícil de imaginar y tal vez poco deseable, todo ello es sin duda posible, pero en cualquier caso, hoy por hoy, las Federaciones deportivas españolas, estatales o autonómicas, se parecen mucho más a lo que de ellas se nos dice en este libro que a la retórica insistencia del legislador (con notables excepciones en los ordenamientos autonómicos) y de algunas sentencias judiciales acerca de su naturaleza privada.*

Polo demais, abórdanse con sumo detalle os problemas específicos do deporte en torno ás subvencións, titulacións, dopaxe, disciplina, competicións, licencias... e na *addenda* –trala aprobación da Lei vasca 14/1998, do 11 de xuño²– analízase a participación das seleccións autonómicas en competicións internacionais. Non obstante, na marxe das cuestións singulares, o obxecto último desta obra é perfilar de forma íntegra e ordenada o dereito público do deporte.

A reflexión sobre este tipo de dereito acadou entre nós nos últimos tempos un elevado nivel teórico e científico gracias ó infatigable tesón dun reducido grupo de especialistas, entre os que o profesor Leguina Villa destaca a José Bermejo. Seguindo as súas palabras, a incorporación dun investigador da importancia de Iñaki Agirreazkuenaga a ese selecto equipo é unha excelente noticia para tódolos afeccionados ó deporte e ó dereito, noticia da cal me congratulo. 

José María Rebolledo Varela

Avogado

² O artigo 2 da Lei 14/1998, do 11 de xuño, do deporte do País Vasco reitera o xa manifestado pola Lei vasca 5/1988, do 14 de febreiro, da cultura física e do deporte, cando recordaba no segundo parágrafo da súa exposición de motivos que cada día é máis evidente e comunmente aceptada a singular transcendencia da actividade física e o deporte no desenvolvemento harmónico e integral das persoas, na mellora da calidade de vida, na súa utilización do ocio e do tempo libre e, en definitiva, na conformación da cultura dos pobos.

El delito de cohecho: problemática jurídico-penal del soborno de funcionarios

María José Rodríguez Puerta

Ed. Aranzadi, Pamplona, 1999

○ título XIX do libro II do Código penal de 1995 (en adiante, CP 95), baixo a rúbrica «Delictos contra a Administración pública», recolle claramente a evolución doutrinal sobre o contido dos antigos «Delictos dos funcionarios no exercicio dos seus cargos»¹. Supón recoñece-la existencia dun ben xurídico común a todos eles, pero sobre todo permite afastarse da concepción destes delictos exclusivamente como infraccións dos deberes dos funcionarios respecto da Administración. Non obstante, a delimitación deste ben xurídico protexido pode dar lugar a distintas interpretacións doutriniais dependendo do delito concreto de que se trate².

¹ Título VII do anterior Código penal.

² Como sinalaron D. LÓPEZ GARRIDO e M. GARCÍA ARÁN (*El Código penal de 1995 y la voluntad del legislador. Comentario al texto y al debate parlamentario*, Madrid, 1996, p. 176), «la Administración pública como objeto de protección no se corresponde ni con el conjunto orgánico ni con su dignidad o prestigio, sino con la función pública como actividad de prestación a los administrados». Esta concepción explica satisfactoriamente a agrupación sistemática destes delictos, nalgún dos cales, como no de suborno activo, non concorre a condición de funcionario no suxeito activo, pero aféctase a prestación de funcións públicas obxectivamente consideradas.

O capítulo V do precitado título XIX (artigos 419 a 427) trata os tipos de suborno³, clasificable como suborno pasivo e suborno activo, segundo se trate da conducta do funcionario que solicita ou acepta ser subornado ou do particular que llo ofrece ou entrega, pero manteñen unha estrutura unilateral en tanto en canto non requiren o acordo entre os dous suxeitos intervinientes⁴. Polo tanto, coa tipificación deste delicto castígase o funcionario que, no exercicio das súas funcións, se vende, se corrompe ou acepta algo ó que non ten dereito; igualmente, castígase o particular que compre ou corrompa o funcionario ou pretenda facelo. Trátase con iso de protexe-la integridade do funcionario e a súa lealdade con respecto ó Estado, e a súa persecución e castigo aliviará a Administración e o erario público dunha das lacras que máis lesionaron a confianza do cidadán nos seus administradores.

A profesora M^a. J. Rodríguez Puerta, co seu libro *El delito de cohecho: problemática jurídico-penal del soborno de funcionarios*, achega un amplo e profundo estudio sobre este delicto e o tratamento que o CP 95 ofrece del, analízao desde varios aspectos e confronta o principio de imparcialidade con determinadas conductas, como son as dádivas ou retribucións ilícitas. Estudia con estrito rigor o distinto grao de participación do funcionario e do particular, e o tratamento punitivo que se lle outorga a cada un deles. Trátase dunha formulación metodolóxica nova, que se afasta da corrente doutrinal maioritaria, e que paso a comentar de forma breve.

En primeiro lugar cómpre ter presente a relevancia da obra, tendo en conta que nos encontramos ante un dos temas de maior actualidade, por canto o fenómeno da corrupción política e administrativa estivo latente na vida do noso país e, por qué non dicilo, na vida da maioría dos estados democráticos modernos durante os últimos anos. De aí que poida identificarse o ámbito xurídico-penal do suborno como un dos aspectos máis sensibles no contexto do novo tratamento dos delitos contra a Administración pública no texto punitivo de 1995.

Respecto ó criterio persoal da autora en canto ó ben xurídico protexido do referido delicto, arrinca no seu estudio da Constitución española de 1978 para conforma-la súa ulterior determinación, de acordo cunha formulación de corte sociolóxico pero constitucionalmente orientado, seguindo o argumento

³ Téñase en conta que o termo *suborno* equivale ó que no dereito español se denomina *cohecho*.

⁴ Tradicionalmente a doutrina e a xurisprudencia matizaron a súa división entre suborno pasivo e suborno activo, segundo se refira á conducta do funcionario ou á do particular, se ben autores como C. GANZENMÜLLER ROIG, J. F. ESCUDERO MORATALLA ou J. FRIGOLA VALLINA, entre outros (*Vid.* de VV.AA. coordinados polos tres citados, *Delitos contra la Administración pública; contra la Administración de justicia, y contra la Constitución*, Editorial Bosch, Barcelona, 1998, p.72), entenden que esta terminoloxía resulta un tanto equívoca ó non ter en conta quen dos dous tomou a iniciativa corruptora.

que hai xa algún tempo suxerira o profesor Giovanni Fiandaca⁵ na teoría xeral do ben xurídico. De conformidade co manifestado por F. Morales Prats, no seu prólogo á obra aquí comentada, esta formulación metodolóxica permite identificar correctamente os principios esenciais que inspíran o funcionamento da Administración pública, de acordo co deseño constitucional, como ben xurídico protexido. Neste sentido, o respecto ó principio de imparcialidade no exercicio da función pública eríxese en obxecto xurídico de protección con respecto ó delito de suborno⁶. A partir desta premisa, a autora con brillantez ilustra as razóns polas cales a percepción ilícita de retribucións ou dádivas⁷ por parte do funcionario público para levar adiante un acto propio do seu cargo constitúe unha das formas máis graves de conculcación do citado principio de imparcialidade⁸.

Non obstante, a pesar da contundente validez e operatividade do indicado ben xurídico, a profesora Rodríguez Puerta non se conforma con esgrimir esta identificación do obxecto xurídico de protección con carácter retórico; de aí que confronte o principio de imparcialidade como regra hermenéutico-teleolóxica concreta con relación a todas e a cada unha das funcións públicas, isto é, a de administrar, a de vulgar e a de legislar, e que efectúe, como indicou Morales Prats, *juiciosas y siempre atinadas matizaciones* respecto da última das funcións citadas. Neste punto; relativo á proxección do principio de imparcialidade ó ámbito do poder legislativo, *la aportación de María José Rodríguez* –en palabras do profesor Morales, as cales subscribo– *constituye un hito novedoso, por cuanto tal cuestión no había sido abordada desde el punto de vista jurídico-penal en la doctrina española, pues los estudios al respecto se habían formulado desde la órbita de la ciencia política, o de la filosofía jurídica con carácter*

⁵ GIOVANNI FIANDACA, «Il bene giuridico come problema teorico e come criterio di politica criminale», *RIDPP*, 1982.

⁶ Para C. GANZENMÜLLER ROIG, J. F. ESCUDERO MORATALLA ou J. FRIGOLA VALLINA, entre outros (*op. cit.*, p. 73), o ben xurídico protexido do delito de suborno, aínda que algún outro autor como VALEIJE ÁLVAREZ (ORTS BERENGUER e VALEIJE ÁLVAREZ, *Comentarios al Código Penal de 1995*, Valencia, 1996) o unificou no principio de imparcialidade, ó entendela como o deber dos poderes públicos de obrar cunha substancial neutralidade e obxectividade na prestación de servizos públicos, tamén pode dividirse en función do suborno pasivo –o quebrantamento do deber e a confianza depositada no funcionario– e o suborno activo –o respecto que se lle debe ó normal e correcto funcionamento dos órganos estatais–.

⁷ A *dádiva* é o instrumento xenuíno do delito de suborno. *Dádiva, presente, regalo* ou *soborno* utilízaos o lexislador como termos sinónimos en canto encerran un similar sentido co único fin de amplía-la significación do concepto que expresa *dádiva* como elemento referencial principal (neste sentido, RODRÍGUEZ DEVESA, *Derecho Penal Español. Parte Especial*, Editorial Dykinson, 1992; MUÑOZ CONDE, *Derecho Penal. Parte Especial*, 6ª edición, Universidad de Sevilla, 1985; ORTS BERENGUER, *Derecho Penal. Parte Especial*, Editorial Tirant Lo Blanch, 1990; ou QUERALT, *Derecho Penal Español. Parte Especial. Volumen II*, Editorial Bosch, 1987).

⁸ En tales casos o funcionario adopta unha posición parcial, cernadora da correcta actuación da Administración pública.

genérico respecto de la corrupción política. Y las conclusiones a las que llega la autora son, además de brillantes, plenamente asumibles; así, el control jurisdiccional penal sobre una actividad de marcado cariz político y partidista, como lo es la del poder legislativo, debe quedar limitado a garantizar que los motivos que llevan a la adopción de una decisión legislativa no son arbitrarios. Por conseguinte, neste ámbito, non resulta factible o control xurisdiccional-penal sobre a legalidade ou a oportunidade de tales decisións lexislativas, cuestión que en definitiva lles compete ós cidadáns cando se pronuncian nos procesos electorais.

De entre os moitos aspectos destacables da obra, probablemente un dos máis rechamantes, polo novo da formulación metodolóxica, é o relativo á configuración da natureza xurídica e estrutura típica do delito de suborno.

A autora opta por outorgarlles ós distintos supostos de corrupción (o suborno do funcionario e o suborno do particular) o carácter de delito único de participación necesaria e, nalgunhas hipóteses, o de natureza pluripersonal⁹.

Se esclarecedora é a formulación da autora sobre a sistemática legal no tocante ó castigo dos particulares no delito de suborno, a interpretación que se ofrece do conxunto de modalidades típicas que presenta tal figura delictuosa no CP 95 constitúe unha contribución de referencia obrigada, cara ó futuro, para a hermenéutica do citado delito. Ó conferirse á modalidade típica do artigo 425¹⁰ o carácter de figura típica básica do delito de suborno¹¹, a

⁹ A pesar do que defenden algúns pronunciamentos xurisprudenciais dubitativos (sentencias do TS do 19 de setembro de 1986 e do 3 de decembro de 1993), a doutrina e tamén a xurisprudencia maioritaria resaltan que aínda que a primeira vista podería pensarse nun negocio xurídico bilateral, o delito de suborno ten natureza unilateral, en canto que o código contempla dúas figuras distintas de suborno, un o activo e outro o pasivo, sen que lles sexan aplicables as regras da coparticipación criminal, posto que para a consumación dos respectivos tipos bastará a unilateral iniciativa, ou a mera proposición ou solicitude, sen que sexa esixible un acordo de talante corruptor (STS 512/94, do 9 de marzo).

¹⁰ Precepto cun coñecemento atribuído ó Tribunal do Xurado pola disposición final 2ª do CP 95. Suposto de suborno propio que constitúe unha auténtica novidade do referido código. A xurisprudencia, interpretando o anterior artigo 390 (STS 30/94, do 21 de xaneiro), declarara que era esixible a expresa aceptación da solicitude, polo que declaraba impune a mera solicitude de dádiva ou presente.

¹¹ O denominado suborno impropio, consistente basicamente na contraprestación por actos lícitos e propios da función que non deben ser retribuídos, regúlase nos artigos 425 e 426 CP 95, cun certo solapamento de supostos e ampliación destes respecto á regulación anterior.

No artigo 425 predomina a nota de intercambio entre funcionario e particular: solicitar ou admitir para acto propio do cargo ou como recompensa por acto xa realizado, aínda que neste último caso se prevé que o *acto recompensado sexa delictuoso* (artigo 425.1), suposto que só pode distinguirse do suborno pasivo propio do artigo 419 en que alí a recompensa estea previamente pactada.

Por outro lado, o artigo 426 inclúe, xunto ós regalos en consideración á función, admitir regalos *para* a realización de acto non prohibido legalmente, expresión que, ó indicar

estratificación das formas agravadas de suborno reguladas nos artigos 419, 420 e 421 cobra pleno sentido sistemático, por canto se refire respectivamente a supostos nos que o obxecto do suborno é a realización dunha acción constitutiva de delicto¹², a execución de actos inxustos pero non constitutivos de delicto, ou ben a abstención por parte do funcionario da verificación dun acto que deba practicar no exercicio do cargo, abstención que non deberá ser delictuosa, pois nese caso recondúcese á omisión do artigo 419. Con razón a autora resalta que en tales formas agravadas de suborno o incremento de pena se debe principalmente ó seu carácter pluriofensivo, por canto se mostran non só cernadoras do principio de imparcialidade senón tamén do principio de legalidade, consubstancial ó exercicio da actividade pública.

Unha vez acometido con profundidade e rigor científico o estudo da regulación das diversas formas de suborno, no texto afróntase con precisión a problemática da delimitación deste delicto coas distintas formas de delicto de tráfico de influencias, así como con aquelas conductas que merecen a súa subsunción en materia de delitos de ameazas ou coaccións, e advírtese neste último caso da lamentable ausencia no noso ordenamento do chamado *delicto de concusión*¹³.

Por último, a autora refírese no seu libro a un dos preceptos que constitúe a principal novidade do CP 95 en relación ó suborno: o artigo 427¹⁴, que contén unha escusa absolutoria para favorece-la persecución do suborno pasivo, ó operar en beneficio do particular denunciante do funcionario¹⁵. Trátase dunha escusa absolutoria, fundada en razóns político-criminais, coa que se pretendía ampliar as posibilidades de denuncia contra funcionarios corruptos¹⁶.

Pois ben, a profesora Rodríguez Puerta leva a cabo unha lúcida e crítica lectura desta medida premial, principalmente pola innecesariedade e ineficacia da causa de levantamento de pena *ex post factum* prevista no artigo 427

o carácter xusto do acto recompensado, se superpón coa contraprestación *para* realizar un acto propio do cargo do artigo 425. Aínda admitindo as zonas de confluencia e buscando a súa diferenciación, pode proporse como criterio a ausencia de actividade de intercambio nos supostos do artigo 426.

¹² De acordo co artigo 419 CP 95, a penalidade do suborno pasivo depende de se o acto propio da función polo que se solicita ou recibe contraprestación é un acto delictivo activo ou omisivo.

¹³ Denominado así na lexislación comparada.


¹⁴ Artigo inexistente no anterior Código penal.

¹⁵ Na discusión parlamentaria que culminou coa aprobación do CP 95, o Grupo Popular (Sr. Padilla) propuxo, xunto a unha elevación xeral das penas dos funcionarios, a supresión do requisito de non teren transcorrido dez días para que opere a escusa absolutoria (C/516/15769 a 15771).

¹⁶ Como dixó a doutrina acertadamente, a primeira vítima da corrupción, que era o particular que recibía a solicitude, resultaba convertido en forzado encubridor da corrupción.

Esta escusa non é válida para os particulares que inducen o funcionario, senón só para aqueles que acceden ocasionalmente á solicitude de dádiva ou presente realizada por aquel.

para particulares. Innecesariedade da previsión legal por canto o lexislador xa optou por despenaliza-la conducta de particulares nos supostos menos graves de suborno (artigos 425 e 426 CP 95), e ineficacia porque probablemente o premio á delación non vai facilitar na maioría dos supostos a denuncia do suborno que ten por obxecto un acto inxusto.

Para concluí-lo presente comentario cómpre dicir que o deseño legal do ámbito de incriminación das condutas de particulares no delito de suborno cobra sentido e fundamento a partir da formulación que en torno ó ben xurídico establece María José Rodríguez nunha obra que se corresponde basicamente coa tese de doutoramento *El delito de cohecho: aspectos dogmáticos y político-criminales*, que presentou o 19 de febreiro de 1997 na Facultade de Dereito da Universidade de Lleida e coa que obtivo a máxima cualificación *apto cum laude*. 

José Ricardo Pardo Gato

Avogado



NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espazo nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folia á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descricións a través dos que se poida clasificarlo artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folia á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situarase ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométense a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

Revista Galega de Administración Pública

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



X ANIVERSARIO ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA